Artigo 28. Marco e tramitación das achegas e subvencións
Artigo 29 - Gastos de investimento
Artigo 30 - Gastos plurianuais

CAPÍTULO IV - PAGAMENTOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

Artigo 31 - Pagamentos a xustificar
Artigo 32 - Anticipos de caixa fixa

TÍTULO III . DOS INGRESOS

Artigo 33 - Tesouro público municipal
Artigo 34 - Plano de Tesourería
Artigo 35 - Recoñecemento de dereitos
Artigo 36 - Tributos e prezos públicos de cobro periódico
Artigo 37 - Liquidacións de ingreso directo
Artigo 38 - Xuros de demora e recargas
Artigo 39 - Ingresos a conta
Artigo 40 - Contabilización dos cobros

TÍTULO IV. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

Artigo 41 - Operacións previas no estado de gastos
Artigo 42 - Operacións previas no estado de ingresos
Artigo 43 - Peche do Orzamento
Artigo 44 - Remanente de Tesourería

TÍTULO V. CONTROL E FISCALIZACIÓN

Artigo 45 – Control interno
Artigo 46 - Normas particulares de fiscalización

TÍTULO I. NORMAS XERAIS E DE MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

CAPÍTULO I - NORMAS XERAIS

Artigo 1º - Ámbito temporal

1.-A aprobación, xestión e liquidación do Orzamento Xeral suxeitarase á normativa aplicable á Administración Local: Lei 7/1985 do 2 de abril, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RDL 2/2004 (en adiante TRLFL) , Real decreto 500/1990, do 20 de abril; Lei 47/2003, do 26 novembro, xeral orzamentaria , Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e estas Bases de Execución.

2. Estas bases terán carácter subsidiario das disposicións ditadas ou que se diten con carácter xeral, destinadas á regulación do réxime local.

3.-Se o Orzamento xeral de 2022 tivera que prorrogarse, estas bases rexerán no período de prórroga.

Se ao iniciarse o exercicio económico de 2023, non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior ata o límite dos seus créditos iniciais. A prórroga non poderá afectar aos créditos para gastos por servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou sexan financiados con operacións crediticias ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse no citado exercicio. Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse modificacións orzamentarias conforme ao que se dispón nos artigos 177, 178 e 179 do TRLFL, coas limitacións que se establecen na citada lei.

Unha vez aprobado o Orzamento xeral, terán que efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións realizadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.

Artigo 2º - Ámbito funcional

As presentes bases aplicaranse con carácter xeral á execución do Orzamento do Concello coas particularidades que se detallarán.

Artigo 3º - Do Orzamento xeral

1.-O Orzamento xeral contén a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, pódense recoñecer con cargo aos créditos que se aproban para o exercicio de 2021 e dos dereitos que prevense liquidar durante o mesmo período. Sendo os seus respectivos importes os seguintes:

Estado de ingresos	Estado de gastos
41.510.000,00	41.510.000,00

Polo que a teor do previsto nos artigos 164.1 e 165.4 do TRLFL, o Concello aproba o Orzamento xeral sen presentar déficit inicial.

2.-Incorporaranse ao Orzamento xeral as obrigas pendentes de pagamento e os ingresos pendentes de cobro da liquidación do exercicio de 2021, así como os remanentes de créditos non utilizados que estean debidamente financiados.

3.- O réxime de competencias establecido nas presentes bases debe entenderse sen prexuízo das delegacións que se realizasen ou se puidesen acordar por parte da Alcaldía.

Artigo 4º - A estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

De conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF en adiante), as Entidades Locais, como

Administracións Públicas suxeitas a esta Lei, virán obrigadas a establecer nas súas normas reguladoras en materia orzamentaria, os instrumentos e procedementos necesarios para axeitalas á aplicación dos principios contidos nesta Lei, a saber: a estabilidade orzamentaria, a sustentabilidade financeira, a plurianualidade, a transparencia, a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, a responsabilidade e a lealdade institucional.

4.1. O marco orzamentario a medio prazo.

O Alcalde aprobará antes do 15 de marzo de cada ano, o plano orzamentario a medio prazo no que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e Regra de Gasto.

O plano orzamentario a medio prazo abarcará un período mínimo de tres anos e conterá, entre outros parámetros:

a) Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e Regra de Gasto, correspondente ás entidades locais nas que se encadre este Concello.
b) As proxeccións das principais conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
c) Os principais supostos nos que se basean as devanditas proxeccións de ingresos e gastos.
d) Unha avaliación de como las medidas previstas poden afectar á sostibilidade a longo prazo das finanzas públicas.

Darase conta deste Plano ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

4.2. Liñas fundamentais do orzamento

O Alcalde aprobará antes do 15 de setembro de cada ano as liñas fundamentais dos orzamentos para o exercicio seguinte, co contido ao que fai referencia o artigo 15.1 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

4.3. Custo efectivo dos servizos

Antes do 1 de novembro de cada ano, deberá remitirse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información relativa ao custo efectivo dos servizos que prestan, que calcularase seguindo os criterios establecidos na Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais, ou a normativa que a desenvolva.

A estes efectos, con anterioridade ao 1 de outubro, os distintos departamentos deberán remitir á intervención municipal a documentación necesaria para o dito cálculo. Serán responsables, nos termos recollidos no artigo 19 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, da remisión desta información, os xefes dos respectivos departamentos.

4.4. Límite de gasto non financeiro.

O Pleno por maioría simple aprobará, previamente á adopción do acordo de aprobación inicial do orzamento, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos do Orzamento a aprobar. O límite de gasto non financeiro será o resultado de engadir á capacidade ou necesidade de financiamento en termos SEC que constitúa o obxectivo de estabilidade de cada ano para as corporacións locais, as previsións iniciais dos recursos non financeiros previstos para o exercicio anterior (suma dos capítulos 1 a 7 de ingresos) deducido ou aumentado, segundo corresponda, cos axustes de contabilidade nacional. Porén, os gastos non

financeiros ou gasto computable, terán como teito o menor dos importes calculados para o Límite de Gasto Non Financeiro e para a Regra de Gasto.

4.5. Regra do gasto

Calcularase como o produto da taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española pola diferenza entre os gastos non financeiros (Capítulos I a VII) menos os intereses da débeda e menos o gasto financiado con fondos finalistas doutras administracións públicas, de acordo coa Guía para a determinación da Regra de Gasto para Corporacións locais, aprobada pola IGAE.

4.6. Destino do superávit orzamentario

No suposto de que a liquidación orzamentaria en termos SEC 2010 se sitúe en superávit, este se destinará a reducir o endebedamento neto, sempre que exista RLTGX positivo e suficiente, ou se a normativa vixente o permitira, a gastos finalistas, así como outros destinos que se recollan na normativa vixente en cada momento.

4.7. Subministro de información

En orde a dar cumprimento á obriga de remisión da información recollida na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, deberase remitir á Intervención a seguinte información, polos seguintes servizos e coa periodicidade aquí recollida:

a) SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Antes do 15 de xaneiro, a seguinte información referida ao orzamento inicial

a) Retribucións básicas, complementarias, acción social, e achegas a plans de pensións, cotizacións ao sistema de Seguridade Social a cargo do empregador e indemnizacións.
b) Efectivos por clases de persoal.
c) Dotacións ou cadros orzamentarias de persoal, coa desagregación orgánica expresado no apartado a).

Antes do día 15 do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano, esta mesma información referida ao orzamento executado no trimestre anterior, así como o acumulado do exercicio ata o trimestre anterior.

Antes do 15 de outubro, esta mesma información referida á liquidación do orzamento do ano anterior.

b) SERVIZO DE TESOURARÍA

Antes do 15 de marzo, a situación a 31 de decembro do exercicio anterior da débeda viva, incluídos os cadros de amortización.

Antes do 1 de setembro, o estado de previsión de movemento e situación da débeda para o ano seguinte, aos efectos de elaboración e remisión das Liñas Fundamentais dos Orzamentos.

Antes do día 15 do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano, as actualizacións do seu Plano de tesouraría e detalle das operacións de débeda viva que conterá polo menos información relativa a:

a) Calendario e orzamento de Tesouraría que conteña os seus cobros e pagos mensuais por rúbricas incluíndo a previsión do seu mínimo mensual de tesouraría.
b) Previsión mensual de ingresos.
c) Saldo de débeda viva.
d) Impacto das medidas de aforro e medidas de ingresos previstas e calendario previsto de impacto no orzamento.
e) Vencementos mensuais de débeda a corto e longo prazo.
f) Calendario e contías de necesidades de endebedamento.

g) Evolución do saldo das obrigas recoñecidas pendentes de pago tanto do exercicio corrente como dos anos anteriores.
h) Perfil de vencementos da débeda dos próximos dez anos.

Antes do día 15 do mes seguinte á finalización de cada trimestre natural, o informe trimestral, regulado no artigo cuarto.3 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, así como a información relativa ao período medio de pagamento, co detalle establecido no artigo 15.8 da citada Orde de remisión de información.

c) SERVIZO DE POLITICA ECONÓMICA E FISCAL

Antes do 15 de xaneiro de cada ano, os documentos do orzamento aprobado para o mesmo, cos investimentos previstos a realizar no exercicio e nos tres seguintes, súa correspondente proposta de financiamento e os estados de previsión de movemento e situación da débeda.

Antes do 15 de marzo, os planos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente subministre o Estado.

Antes do 15 de setembro, as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte.

d) SERVIZO DE SECRETARÍA

No prazo máximo dun mes a contar desde a creación, extinción ou modificación institucional, estatutaria ou financeira da entidade, remitirá o detalle que en cada caso sexa necesario para o mantemento da Base de Datos Xeral de Entidades Locais e do Inventario de Entes do Sector Público Local.

Remitiranse, polo tanto, referidos á propia Entidade Local a todos os organismos, entes, institucións, consorcios e sociedades mercantís vinculados, dependentes ou nos que a Entidade local participe, así como as contidas no artigo 2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento, de Estabilidade Orzamentaria, os seguintes datos:

a) A denominación das entidades, organismos, entes, institucións, consorcios e sociedades mercantís vinculadas ou dependentes ou nas que participe.
b) Os códigos INE e NIF de identidade.
c) O enderezo e código postal.
d) O teléfono, fax e correo electrónico.
e) As datas de alta, baixa ou modificación, no seu caso.
f) A finalidade institucional, estatutaria ou societaria atribuída a cada suxeito.
g) As competencias e actividades que teñan encomendadas pola súa respectiva norma ou acordo de creación.
h) Os recursos que financian as súas actividades.
i) O réxime orzamentario e contable.
j) No suposto de entidades de carácter asociativo, a todo o anterior engadirase a súa composición e, no seu caso, a porcentaxe de participación de cada entidade.

Neste sentido, deberán especificarse os dereitos de voto, nomeamento ou destitución que o Concello ou calquera dos seus organismos ou sociedades mercantís integrantes, dependentes ou participados, posúan de forma directa ou a través doutras sociedades participadas ou dominadas por eles.

Para a determinación da porcentaxe de participación, naqueles supostos en que participen ou ostenten dereitos de voto, nomeamento ou destitución varios suxeitos dos

enumerados con anterioridade, se sumarán as porcentaxes de participación e disposición de dereitos de todos eles.

k) Calquera outro dato de carácter xurídico, económico ou organizativo que, puideran resultar de interese para a análise económico-financeira dos entes integrantes do Inventario.

Serán responsables, nos termos recollidos no artigo 19 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, da remisión desta información, os xefes dos respectivos departamentos.

4.8 Fondo de continxencia

De conformidade co establecido no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, inclúese na aplicación 10.929.5000 do Orzamento Municipal, unha dotación en concepto de Fondo de continxencia de execución orzamentaria por importe de 350.000 €, para operacións non financeiras, que se destinará, cando proceda, a atender necesidades inaprazables de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, que podan presentarse ao longo do exercicio. A apreciación da existencia de ditas necesidades e a aplicación do Fondo corresponderá ao órgano competente para a aprobación das correspondentes modificacións orzamentarias.

A utilización do dito fondo realizarase mediante transferencia de crédito. A estes efectos, delégase na Alcaldía a competencia para a aprobación da correspondente modificación orzamentaria de transferencia de créditos para o caso do uso do fondo de continxencia nunha aplicación de distinta área de gasto.

Artigo 5º - Estrutura orzamentaria

A estrutura do Orzamento xeral está axustada á Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e se estableceron os criterios de clasificación económica, orgánica e por programas, modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

1.-Gastos:

A clasificación por programas vincúlase ás políticas públicas de gasto que delimitan as distintas áreas de actuación do orzamento.

Os créditos incluídos no estado de gastos clasificáronse con arranxo aos seguintes criterios:

a) **Programas** -Distinguíndose: Área de gasto, Política de gasto, Grupo de programa.
b) **Económica** -Distinguíndose: Capítulo, Artigo, Concepto e Subconcepto.
c) **Orgánica** – Distinguíndose as seguintes unidades orgánicas:
   - 10- Presidencia
   - 20- Economía e facenda
   - 30- Interior
   - 31- Seguridade Cidadá
   - 33- Tecnoloxías da información
   - 40- Obras particulares
   - 41- Planeamento
   - 50- Recursos humanos
   - 51- Cooperación e participación cidadá
   - 52- Comunicación
   - 60- Obras públicas e medio ambiente
   - 61- Servizos
   - 62- Parques e xardíns.
   - 70- Servizos sociais
   - 72- Sanidade

80- Cultura e normalización lingüística
81- Deportes.Formación e emprego. Turismo e promoc .económica
82- Ensino e xuventude

A aplicación orzamentaria, virá definida pola conxunción das clasificacións orgánica, por programa e económica, no nivel de grupo de programa ou programa e concepto ou subconcepto respectivamente.
Constitúe a unidade sobre a que se efectuará o rexistro contable dos créditos, as súas modificacións e as operacións de execución do gasto.

2.-Ingresos:
A estrutura de ingresos está adaptada á Orde EHA/3565/2008 do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Artigo 6º - Créditos do Orzamento e os seus niveis de vinculación xurídica

1.-Non poderán adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe dos créditos autorizados no estado de gastos. Estes teñen carácter limitativo, dentro do nivel de vinculación xurídica que se establece no punto seguinte.
2.- Os niveis de vinculación xurídica son:
Respecto da clasificación orgánica: para todos os capítulos de gasto, a unidade orgánica.
Respecto da clasificación por programas e económica, segundo se sinala a continuación:

Gastos de persoal (Capítulo I)

a) Respecto da clasificación por programas, a política de gasto, a excepción das aplicacións da política de gasto 13 que será o grupo de programa.
b) Respecto da clasificación económica, o artigo.

Gastos en bens correntes e servizos (Capítulo II)

a) Respecto da clasificación por programas, a política de gasto, a excepción das aplicacións da política de gasto 13 y las aplicacións do orgánico 80 que será o grupo de programa.
b) Respecto da clasificación económica, o artigo, a excepción dos orgánicos 80, 81 e 82 que será o capítulo.

Gastos financeiros (Capítulo III)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto.
b) Respecto da clasificación económica, o artigo.

Transferencias correntes (Capítulo IV)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto.
b) Respecto da clasificación económica, o capítulo.

Gastos de investimento (Capítulo VI)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto, a excepción das aplicacións da política de gasto 13 que será o grupo de programa.
b) Respecto da clasificación económica, o capítulo.

Transferencias de Capital (Capítulo VII)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto.
b) Respecto da clasificación económica, o capítulo.

Activos financeiros (Capítulo VIII)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto.
b) Respecto da clasificación económica, o capítulo.

Pasivos financeiros (Capítulo IX)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto.
b) Respecto da clasificación económica, o capítulo.

3.- A efectos da vinculación xurídica dos créditos, todas as aplicacións orzamentarias derivadas da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, entenderanse creadas cun crédito inicial de cero euros.
Cando se trate dun gasto imputable ao capítulo 6 do Orzamento que exceda da consignación do correspondente proxecto de gasto previsto no anexo de investimentos, ou no caso de que este non estea previsto, sen superar o nivel de vinculación xurídica, deberá achegarse informe no que consten o/s proxecto/s de gasto e aplicación/s de gasto minoradas que financien aquel gasto, o cal deberá estar asinado polo técnico responsable do departamento correspondente, co visto e prace do concelleiro responsable da área afectada.

CAPITULO II - MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

Artigo 7º - Das modificacións de créditos

1.-Cando se teña que realizar un gasto que non se poida demorar ata o vindeiro exercicio e non exista no orzamento crédito para atendelo, ou sexa insuficiente e non ampliable ao consignado, o presidente ordenará a incoación do oportuno expediente de modificación de créditos, de conformidade coas particularidades reguladas no presente capítulo.
Procederase coa máxima urxencia á modificación orzamentaria necesaria, cando o Concello fose condenado por sentenza xudicial ao pagamento de cantidade líquida concluíndose o procedemento correspondente dentro dos tres meses seguintes ao día da notificación da resolución, dando así cumprimento ao disposto no art. 106 da Lei de xurisdición contencioso – administrativa, Lei 29/98 do 13 de xullo.
2.-Calquera modificación de créditos esixe unha proposta razoada da variación, valorándose a incidencia que esta poida ter na consecución dos obxectivos fixados no momento de aprobar o Orzamento xeral.
3.-Todo expediente de modificación de créditos será informado pola Intervención Xeral, e axustarase na súa tramitación ao previsto no artigo 177 e seguintes do TRLFL.

Artigo 8º - Créditos extraordinarios e suplementos de crédito

1.-Se no exercicio tivese que realizarse un gasto que non se puidese demorar ata o ano seguinte e para o que non existise crédito, poderase aprobar a modificación orzamentaria a través dun crédito extraordinario. No caso de que o crédito previsto resultase insuficiente e non ampliable, acordarase un suplemento de crédito.
2.-Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito financiaranse cun ou varios dos seguintes recursos: Remanente líquido de Tesourería, novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do presuposto ou anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do presuposto non comprometidas, cando as dotacións se estimen reducibles sen perturbación do servizo (transferencias de crédito).
3.-Os gastos de investimento aplicables aos capítulos VI e VII, tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de crédito.
4.-Excepcionalmente, os gastos aplicables aos capítulos I, II, III e IV, poderán financiarse mediante operacións de crédito, sendo preciso o cumprimento destas condicións:

a) Que o Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, declare a necesidade e a urxencia do gasto e recoñeza a insuficiencia doutros medios de financiamento dos previstos no punto 2.
b) Que o importe total non supere o 5 % dos recursos ordinarios do orzamento da entidade.
c) Que a carga financeira total non supere o 25 % dos expresados recursos.
d) Que o vencemento da operación de crédito sexa anterior á data de renovación da Corporación.

Artigo 9º -Tramitación dos expedientes de créditos extraordinarios e suplementos de crédito

1.-Serán incoados nas unidades administrativas que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos obxecto de modificación, por orde do alcalde.

2.-Á proposta acompañarase unha memoria xustificativa da necesidade de realizar o gasto no exercicio e da inexistencia ou insuficiencia de crédito no nivel en que se atope establecida a vinculación xurídica.

3.-Os expedientes, aprobados inicialmente polo Pleno do Concello, exporanse ao público durante quince días hábiles. Durante ese período os interesados poderán presentar reclamacións. Se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións, a modificación de crédito quedará definitivamente aprobada e, noutro caso, haberá de resolvelo o Pleno no prazo dun mes contado desde o remate da exposición ao público.

4.-Cando a causa do expediente fose calamidade pública ou outras de excepcional interese xeral, a modificación orzamentaria será executiva desde a aprobación inicial e, en consecuencia, a partir deste momento poderase aplicar o gasto.

5.-A aprobación destas modificacións no Orzamento do Concello compete ao Pleno do Concello.

Artigo 10º - Ampliación de créditos

1.-En cumprimento do que se establece no art. 178 do TRLFL, consideraranse aplicacións ampliables aquelas que correspondan a gastos financiados con recursos expresamente afectados, segundo a seguinte táboa:

Aplicación De Gasto Ampliable	Concepto De Ingreso Asociado
51.929.48900	48100 Achegas a programas de solidariedade
50.221.83000	83000 Reintegro anticipos a persoal Concello

2.-A ampliación de créditos esixirá a tramitación do expediente incoado pola unidade administrativa responsable da execución do gasto, no que se acredite o recoñecemento en firme de maiores dereitos sobre os previstos no Orzamento de ingresos, especificando o recurso que financiará o maior gasto e a súa efectividade.

3.-A Intervención Xeral informará ao respecto e, unha vez aprobado o expediente, será executivo sen máis, procedéndose a efectuar as modificacións previstas.

Artigo 11º - Transferencia de crédito.

1.-Cando teña que realizarse un gasto aplicable a unha aplicación sendo o seu crédito insuficiente e resulte posible minorar o crédito doutras aplicacións correspondentes a diferentes niveis de vinculación xurídica, sen alterar a contía total do estado de gastos, aprobarase un expediente de transferencia de crédito.

2.-A aprobación das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, ou entre aplicacións do Capítulo I, é competencia do alcalde.

3.-Os expedientes serán incoados polas unidades administrativas xestoras do gasto, debendo constar a conformidade dos concelleiros responsables das áreas implicadas na modificación.
4.-No inicio do expediente será preciso ordenar a retención do crédito na aplicación da que o crédito se prevé minorar, debendo constar o certificado expedido pola Intervención xeral.
5.-En canto á efectividade das transferencias de crédito que teñan que ser aprobadas polo Pleno, será de aplicación o réxime regulado no artigos 9.3, 9.4 das presentes bases.
6.-As transferencias de crédito aprobadas polo alcalde serán executivas desde a súa aprobación.
7.-Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica, segundo o previsto nos artigos sexto e sétimo.

Artigo 12º - Xeración de créditos por ingresos

1.-Poderán xerar créditos no estado de gastos os seguintes ingresos de natureza non tributaria:

a) Achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xunto co Concello, gastos da competencia local. Será preciso que se tivese producido o recoñecemento do dereito ou a existencia formal do compromiso firme de achega.
b) Alleamento de bens municipais, sendo preciso que se tivese procedido ao recoñecemento do dereito.
c) Ingresos procedentes da prestación de servizos polos que se tivesen liquidado prezos públicos ou privados en contía superior aos ingresos presupostados, ou estes non estivesen previstos no estado de ingresos do Orzamento.
d) Reintegro de pagamentos indebidos do orzamento corrente, podendo o seu cobro repoñer crédito na contía correspondente.
e) Reembolso de préstamos concedidos.

2.-Cando se coñeza o compromiso firme de efectuar unha achega a favor do Concello, que non estivese prevista no orzamento, ou se recadase algún dos ingresos descritos no punto 1 anterior, en contía superior á prevista, incoarase un expediente pola unidade administrativa xestora do servizo correspondente no que se xustificará a efectividade dos cobros ou a firmeza do compromiso, así como a aplicación que debe ser incrementada.
3.-No devandito expediente será necesario tomar en consideración as consecuencias económicas de que o compromiso de achega non chegase a materializarse en cobro, precisando o financiamento alternativo que, no seu caso, será preciso aplicar.
4.-O expediente de xeración de créditos será aprobado polo alcalde ou concelleiro no que delegue.

Artigo 13 - Incorporación de remanentes de crédito

1.-Previamente á aprobación da liquidación do Orzamento do exercicio anterior, a Intervención xeral elaborará o estado comprensivo de:

a) Saldos de disposicións de gasto con cargo aos que non se procederá ao recoñecemento de obrigas.
b) Saldos de autorizacións respecto a disposicións de gastos e créditos dispoñibles nas aplicacións afectadas por expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de créditos aprobados no último trimestre.
c) Saldos de autorizacións respecto a disposicións de gasto e créditos dispoñibles nas aplicacións destinadas a financiar compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores.

d) Saldos de autorizacións respecto a disposicións de gasto e créditos dispoñibles nos capítulos 6, 7, 8 e 9.
e) Saldos de autorizacións respecto a disposicións de gasto e créditos dispoñibles nas aplicacións correspondidas coa efectiva recadación de dereitos afectados.

2.-Haberase de constatar, de acordo co anexo de investimentos, a existencia de ingresos afectados xa que os correspondentes créditos, terán que ser incorporados, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

3.- Os estados sinalados someteranse a informe dos responsables de cada área xestora co fin de que formulen proposta razoada de incorporación de remanentes, que deberá acompañarse de proxectos ou documentos acreditativos da certeza na execución da actuación correspondente ao longo do exercicio.

4.-No caso de existir recursos suficientes para financiar a incorporación de remanentes na súa totalidade a Intervención completará o expediente, que será enviado á concelleira de Facenda para a súa conformidade.

5.-Se os recursos financeiros non acadasen a cubrir o volume de gastos dimanante da incorporación de remanentes, a concelleira de Facenda, co informe previo da Intervención, establecerá a prioridade de actuacións, no que se terá en conta a necesidade de atender en primeiro lugar o cumprimento de obrigas resultantes de compromisos de gasto aprobados no ano anterior.

6.-A incorporación de remanentes que poida ser financiada con ingresos procedentes do orzamento do exercicio anterior será aprobada polo alcalde, xunto coa liquidación do Orzamento.

7.-A incorporación de remanentes poderá aprobarse antes que a liquidación do Orzamento xeral nos seguintes casos:

a) Cando se trate de créditos de gastos financiados con ingresos específicos, pola parte de gasto que conta con financiación específica.
b) Cando correspondan a contratos adxudicados no exercicio anterior ou a gastos urxentes, co informe previo da Intervención no que se avalíe que a incorporación non producirá déficit.

8.-A incorporación de remanentes tamén se poderá financiar con remanente líquido de Tesourería ou maiores ingresos recadados sobre os previstos no orzamento corrente, cos requisitos e para as finalidades que en cada momento se establezan na lexislación vixente. A súa aprobación corresponderá ao alcalde da Corporación.

Artigo 14ª - Baixas de créditos por anulación

1.-Sempre que os créditos das diferentes aplicacións de gastos poidan ser diminuídos ou anulados sen perturbación do respectivo servizo ao que vaian destinados, poderán darse de baixa.

2.-Para iso, procederase á formación do expediente a iniciativa do concelleiro de Facenda, o informe do interventor xeral e a aprobación do Pleno municipal.

3.-Cando as baixas de créditos se destinen a financiar suplementos ou créditos extraordinarios, formará parte do expediente que se tramite para a súa aprobación e seguirase o procedemento legalmente establecido para a súa aprobación.

4.-No caso de que as baixas se destinen á finalidade fixada no acordo plenario non se precisará ningún novo trámite para que sexan inmediatamente executivas.

5.-En particular, recorrerase a esta modificación de crédito se da liquidación do exercicio anterior houbese resultado remanente de Tesourería negativo.

Artigo 14ª bis – Modificacións do orzamento de ingresos
A modificacións do orzamento que afecten exclusivamente ao estado de ingresos serán competencia do Alcalde, e serán executivas desde a súa aprobación.

TÍTULO II. DOS GASTOS

CAPÍTULO I - NORMAS XERAIS

Artigo 15º - Anualidade orzamentaria
1.-Con cargo aos créditos do estado de gastos só poderán contraerse obrigas derivadas de gastos realizados no exercicio.
2.-Excepcionalmente, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal, correspondendo o recoñecemento destas ao alcalde.
b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores.
c) As procedentes de exercicios anteriores como consecuencia da realización dun gasto non tramitado con anterioridade, competendo neste caso o recoñecemento ao Pleno, sempre que non existira dotación orzamentaria no momento de producirse o gasto. No caso de que existira consignación suficiente no orzamento do citado exercicio, o órgano competente será o alcalde.

Artigo 16º - Fases na xestión do gasto
1.-A xestión do orzamento de gastos do Concello realizarase nas seguintes fases:

a) Autorización do gasto (documento A).
b) Disposición do gasto (documento D).
c) Recoñecemento da obriga (documento O).
d) Ordenación do pagamento (exclusivamente no ámbito administrativo e non contable).

As citadas fases terán o carácter e o contido definido nos artigos 54 a 61 do R.D. 500/1990.
Con carácter previo procederase ás retencións de crédito correspondente.
2.-De conformidade co disposto no artigo 184.2 do TRLFL e aos artigos 67 e 68 do Real decreto 500/1990, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo.
3.-Os procesos administrativos e órganos competentes para a súa aprobación regúlanse no capítulo seguinte.

CAPÍTULO II - XESTIÓN ORZAMENTARIA

Artigo 17 - Inicio do procedemento de xestión
1.-Todo expediente de gasto iniciarase cunha proposta acompañada, no caso de gastos non habituais ou de carácter excepcional, dunha breve memoria xustificativa da necesidade da súa realización, emitidas ambas por parte do responsable da área xestora, e deberá contar co visto e prace do concelleiro delegado da área.
Para gastos superiores a 5.000 euros (IVE excluído), será preciso achegar, xunto coa proposta, os orzamentos de tres empresas que cumpran os requisitos de capacidade, solvencia, incompatibilidade e prohibicións que esixe a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público**,** agás nos supostos encadrados no artigo 168.a).2.º da citada Lei.

2.- Todas as propostas de gastos deberán tramitarse necesariamente a través da aplicación informática habilitada ao respecto, cos pasos, documentación e requisitos adicionais alí esixidos.
3.-Establécense as seguintes áreas xestoras de gasto dependentes das áreas de goberno establecidas por DA 2485/2011:
1/Alcaldía-Xerencia, 2/Planificación e Control, 3/Facenda, 4/ Interior, O.Público, Secretaría, 5/Seguridade, 6/Urbanismo, 7/Obras Públicas, 8/Servizos Municipais, 9/Servizos Sociais, Consumo e Sanidade, 10/Formación e Emprego, Turismo, 11/Cultura, 12/Ensino e Xuventude 13/RRHH, Cooperación e Participación Cidadá, 14/Prot.Civil, SPEI, 15/Parques, xardíns e Medio Ambiente, 16/Deportes, 17/Bibliotecas. Créase ademais a número 18/Museos e artes escénicas.

Artigo 18 - Retención de crédito. Procedemento xeral
Dentro do importe dos créditos autorizados no Orzamento xeral do Concello, corresponderá á Intervención xeral a retención de créditos en base ás propostas de gasto ou de modificacións de crédito que efectúen as correspondentes unidades ou áreas xestoras.

Artigo 19 - Autorización de gastos
1.-Autorización, é o acto mediante o que se acorda a realización dun gasto por unha contía certa ou aproximada, reservando para tal fin a totalidade, ou parte, dun crédito orzamentario.
2.-É competencia do alcalde a autorización de gastos cando o importe non exceda do 10 % dos recursos ordinarios do orzamento da entidade, sen prexuízo das delegacións en materia de gasto efectuadas ao amparo do artigo 21.3. da Lei 7/85, do 2 de abril, RBRL.
3.-É competencia do Pleno a autorización de gastos se o importe excede dos límites fixados no punto 2.
4.-Por delegación do alcalde, poden ser autorizados pola Xunta de Goberno Local, aqueles gastos se a súa contía non supera os límites da contratación directa, sempre que deban executarse dentro do exercicio.

Artigo 20 - Disposición de gastos
1.-Disposición, é o acto mediante o que se acorda a realización de gastos, previamente autorizados, por un importe exactamente determinado.
2.-Os órganos competentes para aprobar a disposición de gastos, serán os mesmos que se sinalan no artigo anterior.
3.-Cando no inicio do expediente de gasto, se coñeza a contía exacta e o nome do perceptor, acumularanse as fases de autorización e disposición, tramitándose o documento contable "AD".

Artigo 21 - Recoñecemento da obriga
1.-Recoñecemento da obriga, é o acto mediante o que se declara a existencia dun crédito esixible contra a entidade, derivado dun gasto autorizado e comprometido.
2.-O recoñecemento de obrigas distintas das referidas no punto anterior, é competencia do alcalde, sen prexuízo das delegacións en materia de gastos efectuadas ao amparo do artigo 21.3. da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sempre que sexan consecuencia de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
3.-Cando o recoñecemento de obrigas derive dun gasto realizado en exercicios anteriores, sen que se tivese tramitado no ano correspondente o expediente de gasto, a súa aprobación, corresponderá ao Pleno naqueles casos que non existía dotación orzamentaria. No caso de que

existise consignación suficiente no orzamento do exercicio no que se realizou o gasto, o órgano competente será o alcalde.
4.-A fase de recoñecemento de obrigas esixe a tramitación do documento contable "O", se ben, no caso de presentación de facturas pola adquisición de subministracións, ou prestación de servizos, estas serán contabilizadas como documentos "O".
5.-Cando, pola natureza do gasto, sexan simultáneas as fases de autorización-disposición-recoñecemento da obriga, poderán acumularse, tramitándose o documento contable "ADO".
6.- As facturas expedidas polos contratistas recollidos no artigo 4 da lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, presentaranse a través do punto xeral de entrada, creado por resolución da 1.ª tenente de alcalde delegada de Economía e Facenda, núm. 3925/14, de 17 de outubro.
Todas as facturas presentadas deberán conter, como mínimo, os seguintes datos:

- Identificación clara do Concello, (nome, CIF).
- Identificación do contratista: nome e apelidos, ou denominación social, CIF e domicilio do expedidor.
- Número de factura, e no seu caso serie.
- Data de expedición.
- Data de operación, se é distinta da de expedición.
- No caso de facturas rectificativas, a referencia á factura rectificada.
- Descrición suficiente do subministro ou servizo.
- Base impoñible, IVE, retención de IRPF, de ser o caso, e importe total da factura.
- Códigos DIR 3 correspondentes ao Concello de Oleiros:
  - Oficina contable: LO1150584 Ayuntamiento de Oleiros
  - Órgano xestor: LO1150584 Ayuntamiento de Oleiros
  - E o código da unidade tramitadora que se corresponda co departamento xestor do gasto
- Código do expediente de gasto (comunicado no momento da adxudicación).
- Importe facturado con anterioridade, en relación ao citado expediente de gasto.
- Lugar e data da súa emisión.
- Entidade bancaria e número de conta onde transferir o seu importe, no seu caso.

No caso específico de facturas electrónicas, deberán cumprir tamén cos requisitos adicionais recollidos no Punto Xeral de Entrada do Concello, e especificados na sede electrónica do Concello.
7.-Para a tramitación da aprobación das facturas, seguirase o procedemento recollido na aplicación informática habilitada ao respecto, cos pasos, documentación e requisitos adicionais alí esixidos. Deste xeito, trasladaranse á oficina xestora co obxecto de que poidan ser conformadas polo xefe do servizo e o concelleiro/a responsable da área, implicando o dito acto que o servizo ou subministración se efectuou de acordo coas condicións contractuais. En canto aos prazos para a conformidade das facturas, recoñecemento da obriga e pagamento, estarase ao establecido en cada momento pola lexislación vixente.
8.- Unha vez conformadas as facturas trasladaranse á Intervención xeral para os efectos da súa fiscalización e contabilización, elaborándose unha relación de todas aquelas facturas que poden ser elevadas á aprobación do órgano competente.

Artigo 22 - Documentos suficientes para o recoñecemento da obriga
1.-Nos gastos do capítulo I, observaranse estas regras:
a) As retribucións básicas e complementarias do persoal eventual, funcionario e laboral (artigos 10, 11, 12 e 13) xustificaranse mediante as nóminas mensuais, nas que constarán dilixencias

acreditativas de que o persoal relacionado prestou efectivamente os servizos no período anterior.
b) As remuneracións polos conceptos de produtividade e gratificacións (artigo 15) precisarán que, por parte do Servizo de Persoal, se acredite que foron prestados os servizos especiais ou que procede aboar a cantidade polo concepto de produtividade, de acordo coa normativa interna reguladora.
c) As cotas da Seguridade Social quedan xustificadas mediante as liquidacións correspondentes, que terán a consideración de documento "O".
2.- Nos gastos do capítulo II en bens correntes e servizos, con carácter xeral, esixirase a presentación de factura. Os gastos de dietas e locomoción (artigo 23), que deberán ser aprobados previamente pola concelleira delegada de Persoal, incluiranse, unha vez xustificados, na nómina correspondente e seguirán a mesma tramitación que esta. Igualmente poderán tramitarse mediante pagamentos a xustificar segundo o establecido no artigo 31 das presentes bases.
3.-Nos gastos financeiros (capítulos III e IX) observaranse estas regras:
a) Os gastos por intereses e amortización, que orixina un cargo directo na conta bancaria, haberanse de xustificar coa conformidade de Tesouraría respecto ao seu axuste ao cadro financeiro. Tramitarase a aprobación destes gastos pola Tesouraría Municipal, con carácter previo ao cargo da contía que corresponda.
b) Do mesmo xeito procederase respecto a outros gastos financeiros, se ben a xustificación será máis completa e o documento "O" deberá soportarse coa copia dos documentos formalizados ou a liquidación de intereses de demora.
4.- Nas transferencias correntes ou de capital, que o Concello teña que satisfacer, tramitarase o documento "O" que iniciará a unidade xestora cando se acorde a transferencia, sempre que o pagamento non estivese suxeito ao cumprimento de determinadas condicións. Se o pagamento da transferencia estivese condicionado, a tramitación do documento "O" terá lugar por cumprise as condicións fixadas.
5.- Nos gastos de investimento o contratista deberá presentar factura, que no caso dos contratos de obra deberá vir acompañada da correspondente certificación de obra, como se sinala no artigo anterior.
6.- A adquisición de accións esixirá para o seu pagamento que estas, ou o resgardo válido, obren en poder da Corporación.
7.- A concesión de préstamos ao persoal xerará a tramitación do documento "O", instado polo Servizo de Persoal, sendo o soporte a solicitude do interesado e a dilixencia de Persoal acreditando que a súa concesión se axusta á normativa.

Artigo 23 - Ordenación do pagamento

1.- Ordenación dos pagamentos é o acto administrativo mediante o que o ordenador de pagamentos, en base a unha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento. Realizarase mediante a sinatura por parte do órgano competente do documento contable das operación de ordes de pagamento.
2.- A ordenación de pagamentos do Concello é competencia do alcalde, se ben poderá delegar de acordo co establecido na normativa vixente.
3.- A ordenación de pagamentos, con carácter xeral, efectuarase en base a relacións de ordes de pagamento que elaborará a Tesourería, de conformidade co Plan de disposición de fondos e a necesaria prioridade, por este orde, da débeda financeira, dos gastos de persoal e obrigas contraídas en exercicios anteriores.

4.- Se a natureza ou a urxencia do pagamento o require, a ordenación pode efectuarse individualmente.

CAPÍTULO III - PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO

Artigo 24 - Gastos de persoal

1.- En canto aos gastos do Capítulo I, observaranse as seguintes regras:

a) A aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo polo Pleno supón a autorización do gasto dimanante das retribucións básicas e complementarias. Polo importe destas, correspondente aos postos de traballo efectivamente ocupados, tramitarase a comezos do exercicio o documento "RC" e/ou "AD".

b) As nóminas mensuais cumprirán a función de documento "ADO" ou "O", que se elevará ao alcalde, ao concelleiro/a delegado de Persoal ao amparo do art. 21.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, para os efectos da ordenación do pagamento.

c) O nomeamento de funcionarios ou contratación de persoal laboral orixinará a tramitación de sucesivos documentos "RC" ou "AD" por importe igual ás nóminas que se teña previsto satisfacer no exercicio.

d) Respecto ás cotas por Seguridade Social, ao inicio do exercicio tramitarase un documento RC por importe igual ao das cotizacións previstas. As posibles variacións orixinarán documentos complementarios ou inversos daquel.

e) En canto ao resto de gastos do capítulo I, se son obrigatorios e recoñecidos ao principio de ano, tramitarase o correspondente documento RC. Se os gastos fosen variables, en función das actividades que leve a cabo a Corporación ou das circunstancias persoais dos perceptores, xestionaranse de acordo coas normas xerais recollidas nos artigos seguintes.

2.-Nóminas

a) O pagamento de toda clase de retribucións aos empregados da entidade e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual, que se pechará o día que se determine no calendario de nómina, que se aprobará a principio de cada ano pola concelleira de Persoal. As alteracións que se produzan con posterioridade a esta data cursarán efectos na nómina do mes seguinte.

b) Todas as nóminas confeccionaranse divididas nas seccións actuais ou naquelas outras que, a xuízo da Xerencia ou Intervención municipal, poidan considerarse máis axeitadas. Acompañarase un parte das variacións ocorridas nesta en relación ao mes anterior para a súa debida fiscalización.

c) Cada relación de nómina levará a conformidade da xerencia municipal ou da oficina xestora de persoal pola que se acreditará que os empregados comprendidos nesta prestaron os servizos que se retribúen.

d) Todos os haberes do persoal que figuran na nómina única serán pagados, pola entidade bancaria designada ao efecto pola Alcaldía, á data fixa ou día hábil inmediatamente posterior, no seu caso.

e) O pagamento efectuarase pola entidade bancaria mediante o aboamento na conta que o perceptor tivese escollido. O pagamento, nestes casos, xustificarase co documento acreditativo do aboamento ou da orde de transferencia da entidade coa que se teña concertado o servizo do pagamento de haberes.

3.-Gastos de representación

Asignacións á Alcaldía e indemnizacións a membros da Corporación por asistencia a sesións ou reunións:
En concepto de gastos de persoal, o alcalde e os concelleiros do grupo de Goberno percibirán con cargo ao Orzamento xeral as mesmas contías do orzamento do ano anterior, incrementadas na porcentaxe que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 para o incremento das retribucións do pesoal ao servizo do sector público, tendo en conta en todo caso o límite establecido na Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
Aplicando o 2% de incremento fixado no II Acordo Goberno central-sindicatos -Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública que se publica no BOE núm. 76, do 26 de marzo-, as cantidades a percibir serían as segintes:

Cargo	**Importe Anual**	**Réxime**
Alcalde	61.921,40	Exclusiva
1º Tte. de alcalde, responsable de área	45.888,44	Exclusiva
2º Tte. de alcalde, responsable de área	45.888,44	Exclusiva
3º Tte. de alcalde	34.416,18	Exclusiva
4º Tte. de alcalde	34.416,18	Exclusiva
5º Tte. de alcalde	32.848,91	Exclusiva
6º Tte. de alcalde	32.848,91	Exclusiva
7º Tte. de alcalde	32.848,91	Exclusiva
Concelleiro delegad@	32.848,91	Exclusiva
Concelleiro delegad@	28.680,27	Exclusiva
Concelleiro delegad@	30.659,03	Parcial
Concelleiro delegad@	28.680,27	Parcial
Concelleiro delegad@	28.680,27	Parcial

b) Importe de asistencia a Plenos, Comisións informativas, Xunta de Goberno Local, Mesas de contratación, así como calquera outro órgano colexiado legalmente constituído, segundo o acordo plenario do 27 de xuño de 2019:

Órgano	Contía
Por asistencia a cada sesión plenaria	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza das comisións informativas permanentes ou especiais	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza da mesa de contratación	120,00 €

No caso de celebración de dúas ou máis sesións dun órgano colexiado no mesmo día, unicamente abonarase a contía correspondente a unha dieta.
A modificación do réxime e contía das dedicacións, así como a asistencia aos órganos colexiados legalmente constituídos corresponde ao Pleno da Corporación, sen que as modificacións puntuais desta previsión inicial supoña a tramitación dunha modificación das presentes bases.

4.-Dietas por manutención e estancia en comisión de servizos
Os gastos por manutención e estancia so inclúen o aloxamento e a manutención e o seu importe corresponderase co realmente xustificado con facturas. Os gastos correspondentes a "Gastos derivados de servizos ao Concello" indemnizarán outros gastos efectuados polos concelleiros. En todo caso, estes requirirán a autorización previa e expresa da Alcaldía.
Para os efectos en que puidese ser aplicable a Resolución o alcalde considerarase incluído no Grupo I, sendo os concelleiros asimilados ao grupo II.

Xestións fóra de Galicia

Gastos derivados de servizos ao Concello: **150,00 euros** (previamente autorizados pola Alcaldía)

Gastos a xustificar (aloxamento e manutención)

Xestión en Galicia

Gastos derivados de servizos ao Concello: **90,00 euros** (previamente autorizados pola Alcaldía)

Gastos a xustificar (aloxamento e manutención)

Xestión dentro da Mancomunidade

Gastos derivados de servizos ao Concello: **30,00 euros** (previamente autorizados pola Alcaldía)

Gastos a xustificar (manutención)

5.- Dietas por celebración de vodas e acollementos civís

Acadarán os **100,00 euros** por xornada, entendendo por xornada a mañá (antes das 15:00 horas) ou a tarde (a partir das 15:00 horas), con independencia do número de eventos a celebrar nunha mesma xornada. No caso de concelleiros con dedicación exclusiva, únicamente cobraranse as dietas correspondentes á xornada de tarde, ou fins de semana e festivos.

6.- Indemnizacións ao persoal ao servizo da Corporación e membros desta por viaxes

Aplicaranse os criterios regulamentarios establecidos sobre indemnizacións por quilometraxe, gastos de locomoción, segundo a lexislación vixente na materia, e terase en conta o disposto no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, sobre indemnizacións por razón do servizo, así como as sucesivas disposicións. Poderanse aboar os gastos de peaxe e estacionamento debidamente xustificados.

7.- Produtividade.

O pagamento de produtividades ven consignado no subconcepto de gastos 15000.

Fíxanse os seguintes complementos de produtividade pola realización dos traballos que se sinalan a continuación:

Concepto	Importe
Dispoñibilidade mensual de coordinación de efectivos Protección Civil	350,00 €
Dispoñibilidade mensual por realización de gardas localizadas todos os días do ano polos membros do Servizo de Emerxencias e Protección Civil (quendas 24 horas-10 días/mes).	300,00 €
Dispoñibilidade integrantes do retén de urxencias da área de servizos municipais - Encargados - Integrantes que non obstenten a condición de encargados de retén Importe por cada Servizo de retén	 210,00 € 180,00 €
Produtividade pola realización de enterros en cemiterios Municipais fora da xornada laboral. Importe por cada enterro independentemente do número de actuacións realizadas en cada xornada.	60,00 €

Concepto	Importe
Produtividade pola realización de traballos de vaciado de restos e cinzas en cemiterios Municipais. Importe por cada actuación independentemente do número de traballos realizados na mesma xornada.	60,00 €
Produtividade mensual pola coordinación en matería de prevención da seguridade e saúde no traballo	300,00 €

Delégase na Alcaldía a modificación das contías correspondentes ao complemento de produtividade fixado polo Pleno por estes traballos, sen que as modificacións puntuais destes importes supoña a tramitación dunha modificación das presentes bases.
Ademais, pola alcaldía poderá concederse unha productividade ao persoal polo seu especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que desempeña o seu traballo. A apreciación desta produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, do que quedará constancia no Decreto de asinación de dita productividde.

8.- Gratificacións
O pagamento de gratificacións ven consignado no subconcepto de gastos 15100.
Os servizos extraordinarios realizados retribuiranse de conformidade co establecido no acordo marco do persoal funcionario do Concello de Oleiros e no convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Oleiros.
No caso das gratificacións do persoal da policía local por asistencia a xuízos fóra da súa xornada laboral, estímase en 5 horas extraordinarias que se retribuirán segundo os citados acordos.
Pola realización de servizos extraordinarios pola participación en dispositivos especiais da Policia Local, fíxanse as seguintes gratificacións:

Concepto	Importe
Servizos extraordinarios pola participación en dispositivos especiais da Policia Local: reforzo de persoal nas probas deportivas, festas populares e controis de tráfico	
- Turno diurno de luns a venres	150,00 €
- Turno diuno sábados, domingos e festivos	200,00 €
- Turno nocturno luns a domingo: Dispositivos nocturnos ordinarios (festas populares, seguridade cidadá, controis de tráfico e Alfaroleiros)	200,00 €
Dispositivos nocturnos de especial complexidade organizativa e de seguridade	250,00 €

Delégase na Alcaldía a modificación das contías correspondentes ao complemento de gratificación fixado polo Pleno por estes traballos, sen que as modificacións puntuais destes importes supoña a tramitación dunha modificación das presentes bases.

9.- Anticipos de pagas ao persoal
A Alcaldía poderá conceder anticipos coas condicións establecidas polos acordos adoptados polo Concello Pleno en materia de persoal.
Estes anticipos deberán solicitarse nos formularios preparados para o efecto que, unha vez cubertos debidamente, servirán de base para o informe previo da concelleira de Persoal e para a posterior resolución da Alcaldía.

A concesión do anticipo solicitado axústase a regulación establecida no RD-Lei 2608, de 16 de decembro de 1929, sobre anticipos aos funcionarios públicos.
O importe total do anticipo recibido será dunha o dúas pagas ou mensualidades non poderá exceder de dúas pagas ou mensualidades do haber líquido que perciba o solicitante, entendendo por haber líquido o que disfrute como remuneración do seu cargo principal, sen a acumulación ou aumento de gratificacións, indemnizacións, dietas ou emolumentos que sexan acreditados por outros conceptos diferentes.
O reintegro das cantidades percibidas por este concepto descontarase en nómina, durante un máximo de dez mensualidades cando se trate dunha paga, o ben en catorce se se trata de dúas pagas.
Se o anticipo se solicita por persoal contratado, o prazo para o reintegro non poderá exceder do previsto para a terminación do seu contrato. Se se anticipase esta data por calquera causa, procederase igualmente á liquidación total do anticipo. No caso de que aínda así, non se producise o reintegro total do anticipo, iniciarase o procedemento de constrinximento regulado na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
Non poderá concederse ningún anticipo ao persoal desta clase a quen falte tres ou menos meses para o vencemento do contrato de traballo. Igual norma seguirase co persoal fixo de inminente xubilación.
Non poderá concederse un novo anticipo sen a cancelación previa do último concedido. No caso de amortización anticipada, non poderá solicitarse un novo anticipo ata a finalización do prazo inicialmente previsto de amortización.
Dótase a contía de 36.000,00 euros na aplicación 50.221.830.00, sendo esta ampliable cos reintegros producidos. En ningún momento os anticipos concedidos poderán superar o saldo dispoñible da aplicación.

10.- Réxime de xustificación e transparencia das asignacións aos grupos políticos municipais.

Primeiro. Da dotación económica dos grupos políticos

A dotación económica a que se refire o artigo 73.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local asígnase aos Grupos Políticos da seguinte maneira:
Consígnase na aplicación 20.912.48901 ou crédito suficiente para a subvención de funcionamento aos grupos políticos, de conformidade co acordo plenario, polo cal se fixaron vos seguintes importes:

Por grupo político 210,35 €/mes
Por concelleiro 90,15 €/mes

Segundo. Dos grupos municipais.

Os grupos municipais, para poder ser beneficiarios desta subvención terán as seguintes obrigacións:

a) Obter un número de identificación fiscal propio e diferenciado do partido político ao que se atope vinculado.
b) Obter un número de conta corrente da súa titularidade.
c) Levar unha contabilidade específica dos seus gastos e ingresos.
d) Conservar os xustificantes de gastos e ingresos que apoien os asentos contables.
e) Estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa seguridade social. O outorgamento da presente subvención queda condicionada á presentación polo beneficiario dos certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Facenda Municipal, Facenda Autonómica e Axencia Tributaria Estatal) e fronte á Seguridade Social, e da declaración de responsabilidade de non estar incurso en ningún procedemento de reintegro.

f) Os Grupos políticos poden autorizar ao Concello para obter esta información.
g) Se, con cargo aos devanditos fondos, os grupos abonan honorarios profesionais ou outros gastos suxeitos a retención, estarán obrigados a practicar as correspondentes retencións, así como o seu ingreso na Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Terceiro. Destino dos fondos.

Considéranse, entre outras, actividades que conleven a realización de gastos propios do funcionamento dos grupos políticos municipais, as seguintes:

a) Os actos públicos que o respectivo grupo do Concello realice para a difusión, #ante a sociedade civil, asociacións, ou grupos municipais, das súas iniciativa e propostas políticas impulsadas en/ou desde o Concello e os seus grupos políticos municipais.
b) Os gastos de difusión nos medios de comunicación, folletos, buzoneo e medios similares das iniciativas propias do grupo.
c) Gastos de representación, gastos de manutención por reunións con alcaldes, concelleiros e deputados, co fin de coordinar políticas ou negociar asuntos ou cuestións que afecten as funcións e tarefas do grupo político no Concello.
d) Subministracións de bens non inventariables, consumibles, telefonía, mantemento do servizo informático propio, da web do grupo político que contrate o mesmo.
e) Contratos de aluguer, a nome do grupo, de locais necesarios para o exercicio das súas funcións.
f) Contratos de servizos en apoio das tarefas e obrigacións propias do grupo municipal no exercicio da súa actuación corporativa, incluída os seguros de cobertura da responsabilidade civil no exercicio do cargo de concelleiro.
g) Comisións bancarias de xestión e mantemento da conta corrente aberta ao seu nome.
h) Gastos en formación dos membros do grupo municipal en cuestións relacionadas coas súas tarefas dentro do mesmo.
i) Gastos en desprazamento e manutención dos edís do grupo, con motivo de actos ou reunións de contido local ou sectorial, de interese para o funcionamento do respectivo grupo municipal no exercicio da súa actuación corporativa.
j) Gastos en material propio do labor de concelleiro en exercicio do seu labor corporativo.
k) Gastos bancario de xestión da conta corrente afecta á xestión da achega ao Grupo
l) Gastos de asesoría xurídica ou financeira, necesarios para o exercicio das funcións do Grupo Político.
m) Gastos ao partido político de pertenza, cando sexan necesarios para o funcionamento do grupo político, a cuxo efecto deberá achegarse o convenio ou contrato que especifique e concrete o ámbito da asistencia e as facturas correspondentes emitidas polo partido político.

Cuarto. A contabilidade específica.

a) Cada grupo político deberá levar unha contabilidade específica da dotación anual asignada, rexistrando cada unha das operacións que realicen e conservando as correspondentes facturas ou documento equivalente que conterán os requisitos esixidos pola lexislación vixente e estarán emitidas a nome do grupo.
b) Dita contabilidade deberase poñer ao dispor do Pleno da Corporación cando este o solicite.
c) Cada grupo político establecerá internamente os seus mecanismos de xestión da contabilidade e de autorización e de disposición dos gastos.

d) A asignación dos grupos non pode destinarse ao pago de remuneracións de persoal que preste servizos á entidade local nin á adquisición de bens que constitúan activos fixos de carácter patrimonial e inventariable.

Quinto. A xustificación.

a) A xustificación haberá de facerse en todo caso, mediante a presentación dunha conta xustificativa composta polas facturas debidamente conformadas e demais documentos acreditativos dos gastos e listaxes de movementos bancarios da conta corrente para acreditar o pago das mesmas. As facturas deberán ser emitidas a nome do grupo municipal.
b) A xustificación realizarase mediante a presentación dos documentos orixinais que xustifiquen as actividades realizadas, que consistirá na emisión de factura por parte do que fornece o produto ou o servizo contratado. Dita factura constará os datos fiscais (Nº Identificación fiscal ou C.I.F. da empresa, dirección, nº de factura, conceptos, I.V.A. desagregado ou en caso contrario fágase constar a exención). Os gastos de desprazamentos en transportes públicos poderanse xustificar mediante o ticket ou factura correspondente.
c) Soamente poderanse contratar servizos ou subministracións por parte dos grupos municipais con aquelas entidades ou persoas físicas ou xurídicas que teñan o N.I. F /C.I.F. correspondente.
d) As contas xustificativas presentadas polos grupos políticos serán aprobadas polo órgano competente, previa fiscalización pola Intervención Municipal. Se o Pleno pídeo, o expediente de xustificación será posto ao dispor do mesmo.
e) A xustificación da asignación contemplada no orzamento deberá realizarse no prazo dos 30 días anteriores á finalización de cada mandato. A estes efectos admitiranse gastos realizados e facturados desde a data de constitución do grupo logo das eleccións. No seu caso, unha vez fiscalizados os xustificantes, darase un prazo de corrección de dez días.
f) Non poderá liberarse un novo pago por asignación correspondente a un exercicio, se non se presentaron as xustificacións do exercicio anterior. Así mesmo cada exercicio deberá acreditarse o cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social.
g) En ano electoral, con motivo da renovación dos grupos, cada un deles deberá presentar unha conta xustificativa polo período que corresponda á lexislatura que termina, dentro do mes seguinte ao seu termo. Os novos grupos constituídos deberán presentar outra polo período do ano que corresponda á nova lexislatura.

Sexto. Pagamento e reintegro.

a) O abono da dotación económica a cada grupo realizarase mensualmente.
b) As cantidades non xustificadas ou indebidamente xustificadas, deberán ser reintegradas ao Concello. Non se poderá librar ningunha nova asignación a sen ter xustificada a anterior.

Sétimo. Rendición de contas.

As contas xustificativas publicaranse no portal de transparencia municipal de acordo cos criterios establecidos en Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Por imperativo da BDNS, as achegas aos grupos políticos publicaranse na BDNS.

Artigo 25 – Autorización e Disposición do gasto en expedientes de contratación

1.-Naqueles gastos que deban ser obxecto dun expediente de contratación, mediante concurso ou poxa, tramitarase ao inicio do expediente o documento "A", por importe igual ao custo do proxecto ou orzamento elaborado polos servizos técnicos.

2.- Coñecido o adxudicatario e o importe exacto do gasto, tramitarase o documento "D".

3.- Sucesivamente, e na medida en que efectivamente teña lugar a realización da obra, prestación do servizo ou subministro, tramitaranse os correspondentes documentos "O".

Artigo 26 - Autorización e Disposición noutros expedientes

1.- Aqueles gastos que respondan a compromisos legalmente adquiridos pola Corporación orixinarán a tramitación de documento AD polo importe do gasto imputable ao exercicio.

2.- Pertencen a este grupo os que se detallan:

*Gastos plurianuais, polo importe da anualidade comprometida.

*Arrendamentos.

*Traballos realizados por empresas (limpeza, recollida de lixo, mantemento, iluminación, etc.)

*Intereses de préstamos concertados.

*Cotas de amortización de préstamos concertados.

*Adquisicións ou servizos obxecto de contratación directa. Os documentos "O", tramitaranse cando sexa efectiva a realización da obra, a prestación do servizo, ou a adquisición do ben contratado, sendo suficiente á presentación de facturas, ou o cargo efectuado na conta bancaria.

Artigo 27 – Autorización –Disposición -Obriga.

1.-As adquisicións de bens concretos, así como outros gastos non suxeitos a proceso de contratación nos que a obriga poida ser esixida de forma inmediata, orixinarán a tramitación do documento "ADO".

2.-Pertencen a este grupo:

- Adquisición de pequeno material
- Dietas
- Gastos de locomoción
- Intereses de demora
- Outros gastos financeiros
- Anticipos reintegrables a funcionarios
- Gastos diversos, cualificados como contratos menores pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, nos que concorran as características sinaladas no punto 1.

3.-As subministracións dos conceptos 221 e 222 orixinarán a retención de crédito ao inicio do exercicio polo importe estimado dos consumos, a fin de asegurar a reserva correspondente. Á presentación dos recibos por consumos efectivos, tramitarase o documento "ADO".

Artigo 28. Marco e tramitación das achegas e subvencións

1. Marco das subvencións para o exercicio 2022.

As aplicacións para as subvencións e os seus importes son os seguintes:

Órg.	Progr.	Econ.	Denominación	Crédito inicial
10	922	46600	Coord. instituc. Transf. ctes. agrup mun	10.000,00 €
10	3370	48001	Ocio e tempo libre. Premios entroido	5.000,00 €
10	3370	48900	Ocio e tempo libre. Subvencions directas	- €
20	912	48901	Org. Goberno. Subv.Func.Grupos Políticos	35.000,00 €
30	4412	45000	Transporte público: Promoción e mtmto . CCAA	220.000,00 €

Órg.	Progr.	Econ.	Denominación	Crédito inicial
51	929	48900	Funcións non clasificadas: Fondo Munic.de Coop.	50.000,00 €
52	920	48000	Comunicacion. Subv fomento emprego (práctic univ.)	- €
60	463	46600	Investig.cientif.tca e aplic:Tr..ctes PRODER	5.000,00 €
70	231	45100	Asistencia Social. Transf.CCAA	379.000,00 €
70	231	46600	Acc Social. Transf. ctes. entid. agr. munic.	92.000,00 €
70	231	48000	Asistencia Social. Atenc. Benéficas	181.000,00 €
70	231	48001	Asistencia Social. Premios	500,00 €
70	231	48003	Asist. Social. Comedores escolares	35.000,00 €
72	311	46600	Sanidade. Transf. Ent.agrup.munic.	78.000,00 €
80	333	47900	Prom. Cultura. Convenios Alfaroleiros	7.000,00 €
80	338	48900	Cultura. Festas populares. Transf. Entidds	3.000,00 €
80	3340	48001	Cultura. Prom.Cult. Premios Entroido	5.200,00 €
80	3340	48900	Cultura. Prom.Cult.Outras transf.a entidades	48.000,00 €
80	3340	48901	Prom. Cultura. Premio "Blanco Amor"	360,00 €
80	3341	48100	Normalización ling. Transf.ctes	500,00 €
81	341	48100	Deportes.Prom e fom.Premios bolsas e outros	13.400,00 €
81	341	48901	Deport.Pr.e form. Out.tr.ent s/f lucro	22.000,00 €
81	341	48902	Deportes.Prom e fom. Axudas a deportistas	12.000,00 €
81	341	48903	Deportes Pr.e fom. Transf.Ent.Deport.	130.000,00 €
81	432	46600	Turismo.Tranf. Prox.Turistico do Consorcio	60,00 €
81	2410	48100	Centro M.Form. Premios,bolsas e pensións estudos	10,00 €
81	2411	48100	Prox. formativos. Premios,bolsas e pensións	7.140,00 €
82	3260	42390	Ensino Serv.complem. Transf. Cte UNED	1.000,00 €
82	3260	48900	Ensino.Serv.complem. Transf. comed. escol.	53.000,00 €
82	3260	48905	Ensino.Serv.complem. Transf.cte APAS colexios	138.000,00 €

2. Tramitación das subvencións en réxime de concorrencia.

A tramitación das subvencións en réxime de concorrencia esixe a previa aprobación das bases reguladoras mediante ordenanza polo pleno.

2.1. A aprobación da convocatoria e a autorización do gasto.

A primeira fase da xestión orzamentaria é a aprobación da convocatoria e a autorización do gasto.

Pola unidade xestora elaborarase a convocatoria, co contido mínimo do artigo 23.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións (LXS, no futuro) e, previa expedición do documento contable RC correspondente ao seu importe e natureza, propoñerá a súa aprobación e a autorización do gasto, có visto bo do concelleiro correspondente, e someterase a fiscalización previa.

No caso de tramitación anticipada do expediente, verificarase que a anualidade do exercicio posterior cumpre os límites do artigo 174 do RD Lexislativo 272004, por que se aproba o TRLFL.

A aprobación das convocatorias compete á Alcaldía.

2.2. A adxudicación da convocatoria aos beneficiarios e a aprobación do compromiso do gasto.

Previa a instrución regulada nas bases da convocatoria, o órgano instrutor emitirá informe proposta motivado para a adxudicación aos correspondentes beneficiarios, así

como para aprobar o compromiso do gasto. Previa fiscalización da proposta, a Alcaldía aprobará, no seu caso, a proposta de adxudicación.

3. Tramitación das subvencións nominativas

   As subvencións nominativas son as previstas no apartado último deste artigo, con indicación do da aplicación, o importe e o obxecto.

   O órgano competente para a súa adxudicación será a alcaldía, sen prexuízo das delegacións que poida aprobar, a proposta do responsable da área correspondente e previa fiscalización da proposta. O informe proposta deberá incluír o convenio ou o contido da resolución, co contido mínimo do artigo 65.3 do RD 887/2006, polo que se desenvolve a lei 38/2003, xeral de subvencións. No expediente deberá constar o documento contable RC.

   Cando se adxudiquen, acumularase a fase de autorización e compromiso do gasto, e procederase a contabilizar simultaneamente estas dúas fases, expedíndose o documento "AD" para a súa toma de razón.

   As subvencións nominativas só poden ser anuais, de xeito que o recoñecemento da obriga debe facerse no mesmo ano no que se adxudican, ben previa xustificación, ben na modalidade de pago anticipado da súa totalidade, sen prexuízo de que se reteña un tanto en concepto de garantía, segundo se estableza na convocatoria. A xustificación do gasto no ano posterior ao pago anticipado non supón que o gasto sexa plurianual.

   As subvencións nominativas non se prorrogan co presuposto prorrogado, en cumprimento das instrucións da IGAE a este respecto. En caso de orzamento prorrogado, poderá modificarse esta base de execución para incluír as subvencións nominativas do exercicio, mediante o procedemento previsto para a aprobación definitiva do orzamento.

4. Tramitación das subvención por motivos excepcionais.

   Excepcionalmente, poderán concederse directamente aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten o seu anuncio público.

   O informe proposta deberá xustificar e detallar concretamente o tipo de interese público que dificulta a súa concesión mediante concorrencia; por exemplo, cando o beneficiario non poda ser mais que un suxeito.

   O informe proposta deberá incluír o convenio ou o contido da resolución, co contido mínimo do artigo 65.3 do RD 887/2006, polo que se desenvolve a lei 38/2003, xeral de subvencións. No expediente deberá constar o documento contable RC.

   Cando se adxudiquen, acumularase a fase de autorización e compromiso do gasto, e procederase a contabilizar simultaneamente estas dúas fases, expedíndose o documento "AD" para a súa toma de razón.

   Compete a xunta de goberno a súa concesión.

5. Adxudicación directa imposta por norma legal.

   No caso de que a adxudicación veña imposta por una norma de rango legal, en aplicación do artigo 23.2.c) da LXS, se aplicarán as normas de xestión orzamentaria e de competencia previstas no apartado anterior, no que se axuste a esta modalidade.

6. Xustificación da subvención.

   A xustificación da subvención, independentemente que se pagara de xeito anticipado ou non, deberá incluír a documentación prevista na subvención, da que será supletoria a que sigue:

   - Instancia subscrita polo beneficiario dirixida ao alcalde, na que se xustifique o cumprimento da finalidade, así como a realización do acto ou actividade obxecto de subvención ou axuda e se solicite o pagamento da subvención.

- Certificado bancario no que se sinale o número de conta ao que desexa que se efectúe o pagamento mediante transferencia.
- Memoria da actividade realizada.
- Memoria económica.
- Relación de ingresos e gastos derivados da actividade subvencionada, así como as facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das facturas xustificativas do gasto, as cales conterán a totalidade de requisitos indicados nas Bases de execución do Orzamento xeral deste Concello.
- Certificados acreditativos de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A xustificación poderá presentarse nos mesmos lugares que os previstos para as solicitudes para participar nas convocatorias.

O responsable da unidade xestora deberá informar a conta xustificativa e expedir o certificado do artigo 88.3 do RD 887/2006, propoñendo o que proceda á intervención para a súa intervención previa.

Compete a alcaldía, ou a órgano en que delegue o recoñecemento das obrigas, aprobar a conta xustificativa e recoñecer a obriga de pago.

7. Retención de garantías

Poderase ordear o pagamento anticipado do 100 por cento do importe concedido, retendo en concepto de garantía a porcentaxe que se determine na convocatoria. A garantía será liberada e aboada ao beneficiario no caso de xustificación da conta de conformidade.

8. Grabación dos datos na BDNS

Os servizos competentes deberán gravar na BDNS os suxeitos beneficiarios das subvencións, os pagos, os reintegros, as anulacións, eliminacións e modificacións das convocatorias e demais incidencias derivadas da execución, consonte a normativa vixente.

9. Excepcionalmente, e só para o presente exercicio, prevese a concesión das seguintes subvencións nominativas, todas elas cun coeficiente de financiamento do 100%:

Partida	**Beneficiario**	**Importe (€)**	**Finalidade/Obxecto**
80.3341.48100	Fundación Manuel María De Estudios Galegos	500,00	Contribuir aos gastos xerais de funcionamento
82.3260.42390	Consorcio Universitario Do Centro Asociado Á Uned A Coruña	1.000,00	Contribuir aos gastos xerais de funcionamento
81.341.48901	CD Mariñeiro De Mera	9.000,00	Contribuir áo custe de organización da regata da liga galega na súa categoría (masculina). Coeficiente de financiamento: 100%”
81.341.48901	Club De Regatas De Perillo	13.000,00	Contribuir áo custe de organización das regatas da liga galega nas súas categorías masculina e femenina. Coeficiente de financiamento: 100%
82.3260.48905	CEIP Isidro Parga Pondal	9.880,00	Contribuir á realización de actividades educativas complementarias e adquisición de material didáctico de carácter
82.3260.48905	CEIP Rabadeira	10.280,00	
82.3260.48905	CEIP Valle-Inclán	10.740,00	

Partida	Beneficiario	Importe (€)	Finalidade/Obxecto
82.3260.48905	CEIP Luis Seoane	8.740,00	funxible. O importe determínase en función do número de alumnos, nº de unidades de educación infantil e nº previsto de alumnos participantes na Viaxe obrigatoria do Bachibac.
82.3260.48905	CEIP Oleiros-Juana De Vega	9.440,00	
82.3260.48905	IES María Casares	11.860,00	
82.3260.48905	IES Miraflores	11.020,00	
82.3260.48905	IES Neira Vilas	9.190,00	

Tramitarase o expediente administrativo de disposición do gasto no caso de achegas obrigatorias a outras administracións, sempre que o importe sexa coñecido ao inicio do exercicio.
Se o importe da achega obrigatoria non fose coñecido instarase a retención de crédito pola contía estimada.

Artigo 29 - Gastos de investimento

1.- A autorización de gastos de primeiro establecemento e os de ampliación e mellora, condiciónanse ao resultado previo aos correspondentes estudos de adecuación á legalidade.
2.- No expediente deberá incorporarse, en todo caso, a seguinte documentación:
a) Proxecto, planos e memoria.
b) Orzamento, que conterá a totalidade do custo. Se se precisase da execución de obras de urbanización avaliarase o seu custo.
c) Prego de condicións.
d) Constancia de que se tivese incoado o expediente de imposición de contribucións especiais ou informe da súa improcedencia, no seu caso.
e) Amortización, razoando a vida útil estimada. No caso contrario, aplicaranse as táboas de amortización existentes a efectos fiscais.
f) Estimación dos gastos de funcionamento e conservación en exercicios futuros, contías que serán informadas pola Intervención relativo ao cumprimento do que establece o art. 30.
g) Informe xurídico
h) Memoria económica que xustifique que se trata dun investimento economicamente sostible, de ser o caso.
i) No caso de que se trate dun contrato de obra, deberá achegarse tamén acta de comprobación do replánteo, acta de recepción e informe técnico sobre a execución das posible melloras ofertadas polo adxudicatario.

3.- Os seguintes gastos de reposición de materiais, que correspondan a bens ou equipos que forman parte dunha unidade e que a súa reposición sexa necesaria para que se sigan prestando os correspondentes servizos, terán a consideración de gasto corrente, sempre que o seu importe unitario e o importe anual tramitado segundo este procedemento, non superen as cantidades sinaladas na seguinte táboa:

Tipo de gasto	Tipo de contrato	Importe máximo por actuación	Importe máximo anual
Saneamento	Obras	12.000,00	40.000,00
Saneamento: retirada lodos, limpeza de bocanas, etc	Servizos	1.500,00	15.000,0
Saneamento: tubos, tapas, reixas e outros	Subministración	3.000,00	15.000,00

Tipo de gasto	Tipo de contrato	Importe máximo por actuación	Importe máximo anual
Saneamento	Obras	12.000,00	40.000,00
Mantemento de vías publicas	Obras	12.000,00	40.000,00
Mantemento de edificios: cubertas	Obras	5.000,00	40.000,00
Mantemento de edificios: outras obras de mantemento	Obras	2.000,00	40.000,00
Mantemento de edificios	Subministración ou Servizos	3.000,00	15.000,00
Alumeado Público	Obra ou subministración	2.000,00	20.000,00
Mobiliario urbano: bancos, marquesiñas, etc	Obra ou subministración	3.500,00	15.000,00
Reparación de maquinaria de vehículos	Servizos	2.000,00	15.000,00
Reposición de ferramentas e útiles	Subministración	3.000,00	15.000,00
Parques e xardíns: arborado	Subministración	1.000,00	8.000,00
Parques e xardíns: céspede artificial e outros	Obra ou subministración	3.000,00	10.000,0
Parques e xardíns: elementos de rega automática	Subministración	1.500,00	6.000,00
Parques e xardíns: xogos infantís	Subministración	2.000,00	15.000,00

A proposta de gasto deberá ser tramitada de forma unitaria e independente, achegando unha breve memoria xustificativa e motivada da necesidade e urxencia da reposición que se propón, coa conformidade do concelleiro/a responsable da área.

Artigo 30 - Gastos plurianuais

Poderán adquirirse compromisos de gasto que teñan que estenderse a exercicios futuros para financiar investimentos e transferencias de capital, sempre que a súa execución se inicie neste exercicio e que o volume total dos gastos comprometidos para os catro anos seguintes non supere os límites do 70, 60, 50, e 50 por cen da suma de créditos inicias consignados en cada exercicio.

En todo caso terase en conta o establecido no artigo 174 do TRLRFL.

Estabécese a seguinte relación de programas e proxectos de investimento taxativos:

Aplicac.	Descrición	Importe proxecto	Importe orzamento 2023	Importe orzamento 2024	Importe orzamento 2025
60.933.632	**OOPP Xestión do patrimonio. Inv. Rep.: Edif. e outras construc.** Construcción de edificio multiusos en Bastiagueiro	11.726.118,93	2.500.000,00	5.000.000,00	4.226.118,93

CAPÍTULO IV - PAGAMENTOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

Artigo 31 - Pagamentos a xustificar

1.- Só se expedirán ordes de pagamento a xustificar por mor de adquisicións ou servizos necesarios, cando o pagamento non se poida realizar con cargo aos anticipos de caixa fixa e nos que non sexa posible dispor de comprobantes con anterioridade á súa realización.

2.- A autorización corresponde á Alcaldía, sen prexuízo das delegacións en materia de gasto ao amparo do art. 21.3. da Lei 7/85, do 2 de abril, cando o importe non supere 1.500 euros.; á Xunta de Goberno cando o importe non exceda de 3.000 euros e ao Pleno nos restantes casos. No caso concreto de pagamentos derivados da participación en procesos electorais (axudas de custo aos membros das mesas electorais, representantes da Administración e outro persoal municipal que realiza traballos de organización do proceso), o órgano competente para a aprobación do pagamento a xustificar será o alcalde, independentemente da contía deste.
3.- No prazo de tres meses, e en todo caso antes do 31 de decembro, os perceptores haberán de achegar á Intervención os documentos xustificativos do pagamento (os cales deberán ser tramitados a través do procedemento implantado ao efecto na correspondente aplicación informática), reintegrando as cantidades non empregadas. De non xustificarse no dito prazo, aplicarase ao perceptor o xuro legal de demora, así como as recargas legalmente establecidas, sendo de aplicación a vía de constrinximento de acordo co regulado na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
4.- Respecto á forma e contido da xustificación, é preciso que se axusten ás instrucións emanadas de Intervención tendo en conta, en todo caso, que os fondos só poden ser destinados á finalidade para a que se concederon e que os comprobantes deben ser documentos orixinais, e que deberán constar como pagadas as facturas contidas na conta xustificativa.
5.- Da custodia de fondos responsabilizarase a persoa perceptora.
6.- Non poderán expedirse novas ordes de pagamento a xustificar, polos mesmos conceptos orzamentarios, a perceptores que tivesen no seu poder fondos pendentes de xustificación.
7.- O seguimento e control dos pagamentos a xustificar realizarase a través do sistema de información contable.

Artigo 32 - Anticipos de caixa fixa

1.- Ámbito: os anticipos de caixa fixa destinaranse exclusivamente a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo, tales como material de oficina non inventariable, subministración de produtos perecedoiros tales como alimentación, combustible, material funxible, servizos de mantemento de edificios, instalación, etc., e calquera outro de similar natureza que non sexan imputables ao capítulo VI do Orzamento xeral de gastos.
2.- Contía: os gastos a atender mediante anticipos de caixa fixa non poderán ser superiores, con carácter xeral, a 1.000,00 euros por acredor, e o total anticipado cada mes non poderá ser superior a 10.000,00 euros.
3.- Para situar os fondos procederase á apertura dunha conta restrinxida de pagamentos.
Os fondos situados en tales contas terán a todos os efectos, carácter de fondos públicos e os seus xuros ingresaranse nos conceptos do capítulo V do Orzamento xeral.
4.- Disposición de fondos: as disposicións de fondos das contas a que se refire o apartado anterior efectuarase mediante talóns nominativos ou transferencias bancarias, autorizada polas sinaturas do habilitado de pagamentos designado polo alcalde, a proposta do tesoureiro municipal e da concelleira de Facenda.
Nos xustificantes de pagamento farase constar o número de talón ou transferencia na que se materializa a operación.
5.- Control: mensualmente, e acompañando a conta do período respectivo, axuntarase o estado demostrativo de movemento da conta bancaria e o seu saldo.
En calquera momento, a Intervención xeral poderá solicitar os estados de situación das mencionadas contas con carácter extraordinario e referidos a datas concretas.

6.-Xustificación: As ditas contas seguirán a súa tramitación ordinaria, dando lugar ás correspondentes ordes de pagamento das cantidades a que ascende cada un dos conceptos, ingresándose o importe total na conta corrente do anticipo de Tesourería.
Desta forma reporanse os fondos gastados no período ao que se refire a conta mensual.
Os fondos non empregados que, a fin de exercicio, se atopen en poder do habilitado, utilizaranse por este no novo exercicio para as atencións para as que foi concedido o anticipo.
Os gastos efectuados con cargo aos fondos liberados como anticipos de caixa fixa, de conformidade ás presentes normas, non estarán sometidos á fiscalización previa nos termos sinalados polo artigo 190.1 do TRLFL.
7.-Contabilidade e control: o seguimento contable dos anticipos farase na forma prevista na normativa vixente.

I - CUSTODIA E MANEXO DE FONDOS

A custodia e manexo de fondos corresponde conxuntamente ao alcalde, como órgano ordenador de pagamento -sen prexuízo das delegacións efectuadas ao amparo do art. 21.3. da Lei 7/85, do 2 de abril, ao interventor e ao tesoureiro, nas súas respectivas funcións. A estes efectos denomínanse "Claveiros", e os tres deberán asinar os talóns, transferencias e documentos que permitan a retirada de fondos.
As entradas e saídas do Orzamento só poden producirse a través de mandamentos de ingreso ou pagamento, incluso as que se produzan en formalización de ingreso e pagamento simultáneo. O manexo material dos fondos en metálico corresponde ao tesoureiro e ao persoal habilitado ou delegado para este fin, coas seguintes limitacións:

a) En ningún caso poderá ser habilitado para isto o interventor, e se o fixese, a solicitude expresa ou tácita do tesoureiro, a responsabilidade será exclusiva do tesoureiro xa que existe incompatibilidade entre as funcións de Intervención e Tesourería.
b) Todos os ingresos e pagamentos efectuaranse coa expedición previa do correspondente mandamento de ingreso ou pagamento, ou talón de cargo.
c) En xeral, os fondos estarán situados en contas correntes intervidos polos tres claveiros.
d) Para facilitar o control de movemento de fondos, todos os pagamentos efectuaranse directa ou indirectamente a través das entidades de crédito que custodien os fondos municipais. Con este fin os pagamentos faranse por transferencia, cheque ou cargo na conta da letra ou recibo. Cando excepcionalmente, cun talón se retiren fondos para o pagamento de varios mandamentos, farase constar na matriz do talonario o seu destino concreto.
e) A Tesourería mensualmente formalizará un documento de conciliación bancaria que contará coa conformidade do concelleiro de Facenda.
f) A Tesourería controlará que non exista ningún pagamento pendente de formalización contable.

TÍTULO III. DOS INGRESOS

Artigo 33 - Tesouro público municipal

1.- Constitúen o tesouro público municipal todos os recursos financeiros do Concello e dos seus órganos de xestión directa, tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias.
2.- O tesouro municipal rexerase polo principio de caixa única.
3.-As normas de xestión, recadación e inspección reflectiranse nunha "Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público local".

Artigo 34 - Plano de Tesourería

1.- Corresponderá ao tesoureiro elaborar o Plano trimestral de Tesourería, que será aprobado pola concelleira de Facenda.

2.- A xestión dos recursos líquidos levarase a cabo co criterio de obtención da máxima rendibilidade, asegurando en todo caso a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigas dos seus vencementos temporais.

3.- Os recursos que poidan obterse en execución do Orzamento destinaranse a satisfacer o conxunto de obrigas, salvo que se trate de ingresos específicos afectados para fins determinados; teñen esta condición os indicados no anexo I.

Artigo 35 - Recoñecemento de dereitos

1.- Procederá o recoñecemento de dereitos tan pronto como se coñeza que existiu unha liquidación a favor do Concello, que poida proceder da propia corporación, doutra Administración ou dos particulares. En particular, observaranse as regras dos puntos seguintes.

2.- Nas liquidacións de contraído previo de ingreso directo contabilizarase o recoñecemento de dereitos cando se aproben as liquidacións.

3.- Nas liquidacións de contraído co ingreso previo por recibo, a contabilización do recoñecemento do dereito terá lugar tras a aprobación do padrón.

4.- Nas autoliquidacións e ingresos sen contraído previo, cando se presentan e se ingresaran o seu importe.

5.- No caso de subvencións ou transferencias que se reciban doutra entidade, condicionadas ao cumprimento de determinados requisitos, recollerase na memoria que forma parte da conta xeral o compromiso daquela desde o mesmo momento da adopción do acordo formal. Ao cumprirse as condicións establecidas para que a subvención sexa esixible recoñecerase o dereito.

6.- Respecto á participación en tributos do Estado, mensualmente, no momento da recepción de fondos, contabilizarase o recoñecemento e cobro da entrega.

7.- Nos préstamos concertados, a medida que teñan lugar as disposicións, contabilizarase o recoñecemento de dereitos e cobro das cantidades correspondentes.

8.- En intereses e outras rendas, o recoñecemento de dereitos orixinarase no momento do devengo.

9. Procurarase a contabilización dos dereitos recoñecidos, cancelacións, anulacións e cobros de xeito automático, obtendo a información da aplicación de xestión tributaria, mediante ficheiros de intercambio compatibles coa aplicación de contabilidade.

A xustificación das operacións de ingresos que se contabilicen poderá efectuarse a través de medios electrónicos e mediante incorporación masiva de datos. Cando se utilicen medios electrónicos, as autorizacións e controis serán os establecidos na propia aplicación informática que garantice a identificación e o exercicio da competencia por que a teña atribuída, todo elo en aplicación das regras 36 á 38 da Orden HAP / 1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

Artigo 36 - Tributos e prezos públicos de cobro periódico

1.- O departamento de Xestión Tributaria e Recadación elaborará os padróns de tributos de cobro periódico, por mor diso os servizos xestores comunicarán as incidencias coñecidas que puidesen afectar a aquelas.

2.- A comezos do exercicio aprobarase e publicarase o calendario fiscal dos tributos de cobro periódico, facendo constar que a exposición pública dos padróns terá lugar durante os quince días anteriores ao inicio da súa cobranza.
3.- Así mesmo, publicarase o período para pagar en voluntaria os prezos públicos de carácter periódico.
4.- A vía de constrinximento dos ingresos a que se refiren os puntos 2 e 3 iniciarase ao día seguinte da conclusión do período de cobro voluntario.

Artigo 37 - Liquidacións de ingreso directo
1.- A Intervención adoptará as medidas procedentes para asegurar a puntual realización das liquidacións tributarias e acadar o mellor resultado da función recadadora.
2.- O control da recadación corresponde á Tesourería que deberá establecer o procedemento para verificar a aplicación da normativa vixente en materia recadadora, así como o reconto de valores.
3.- Polo que respecta a anulacións, suspensións, aprazamentos e fraccionamentos de pagamento, será de aplicación a Ordenanza xeral de recadación.

Artigo 38 - Xuros de demora e recargas
1.- Estarase ao previsto na Ordenanza xeral de xestión e recadación e outros ingresos de dereitos públicos locais do Concello de Oleiros, así como na Lei 58/2003 xeral tributaria e regulamentos que a desenvolvan.
2.- A Tesourería dará instrucións para a súa liquidación, e o órgano recadador poderá cobrar intereses de demora e recargas no intre en que se satisfaga a débeda.

Artigo 39 - Ingresos a conta
1.- Terán a consideración de ingresos a conta, as cantidades satisfeitas nos seguintes supostos:
a) Cando dentro do período voluntario se satisfixese unha cantidade inferior á debida por unha débeda tributaria notificada correctamente.
   Neste caso non se expedirá unha certificación de descuberto pola parte da débeda non ingresada.
b) Cando vencido o período voluntario se satisfixera a cota tributaria pero non o recargo de constrinximento. Neste suposto requirirase ao contribuínte para que aboe o dito recargo.
c) Cando o pagamento se efectúase en base a unha autoliquidación pero o importe satisfeito é menor do que resultaría correcto, en base aos datos da declaración. Neste caso a oficina xestora practicará liquidación complementaria.

Artigo 40 - Contabilización dos cobros
1.- Os ingresos procedentes de Recadación, en tanto non se coñeza a súa aplicación orzamentaria, contabilizaranse como Ingresos pendentes de aplicación. Sen prexuízo do mesmo, os fondos estarán integrados na caixa única.
2.- En canto ao resto dos ingresos que teña que percibir a Corporación, formalizaranse mediante o mandamento de ingreso aplicado ao concepto orzamentario procedente e expedido no momento en que a Intervención coñece o ingreso efectivo dos fondos.
3.- Cando os servizos xestores teñan información sobre a concesión de subvencións haberán de comunicala á Intervención municipal, segundo as súas instrucións ditadas, co fin de que poida efectuarse o puntual seguimento e control sobre a xustificación e a percepción efectiva da contía que correspondese. Para estes efectos, estarase as instrucións ditadas pola Intervención, salvo que se aplique o disposto no apartado 9 do artigo 35.

4.- A Tesourería controlará que non exista ningún aboamento en contas bancarias pendentes de formalización contable.

TÍTULO IV. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

Artigo 41 - Operacións previas no estado de gastos

1.- Ao fin do exercicio verificarase que todos os acordos municipais que implican recoñecemento da obriga tiveron o seu reflexo contable en fase "O".
2.- Os servizos xestores solicitarán aos provedores que emitan as correspondentes facturas xustificativas dos gastos realizados coa antelación necesaria para poder rexistrar as facturas e realizar o trámite de conformidade antes do último día hábil do ano. Aquelas facturas que se remitan conformadas á intervención con posterioridade á dita data, serán tramitadas e imputadas ao orzamento do ano seguinte, a través do procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos previsto no art. 15.2.c) das presentes bases, agás aquelas obrigas derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No caso de contratos menores considéranse compromisos de gastos debidamente adquiridos aqueles que estiveran aprobados polo órgano competente (mediante a sinatura da correspondente proposta de gasto), e tiveran crédito axeitado e suficiente.
3.- Os créditos para gastos que o último día do exercicio non estean afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados, sen máis excepcións que as derivadas dos puntos anteriores e da incorporación de remanentes a que se refire o artigo 13.

Artigo 42 - Operacións previas no estado de ingresos

1.- Todos os cobros producidos ata o 31 de decembro deben ser aplicados no Orzamento que se pecha, polo que se darán as instrucións pertinentes ao recadador para a puntual presentación das contas.
2.- Verificarase a contabilización do recoñecemento de dereitos en todos os conceptos de ingreso, de conformidade co previsto no artigo 35.

Artigo 43 - Peche do Orzamento

1.- O peche e liquidación dos orzamentos do Concello efectuarase o 31 de decembro.
2.- Os estados demostrativos da liquidación así como a proposta de incorporación de remanentes deberá realizarse antes do día 1º de marzo do ano seguinte.
3.- A liquidación do Orzamento do Concello será aprobada polo alcalde, dando conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

Artigo 44 - Remanente de Tesourería

1.- Estará integrado pola suma de fondos líquidos e dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pagamento.
2.- Salvo que as especiais características do dereito do debedor xustifiquen outra consideración, para os efectos previstos no artigo 193.bis do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, consideraranse dereitos de difícil ou imposible recadación os seguintes:

a) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 25 por cento.
b) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 50 por cento.

c) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto e quinto anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 75 por cento.
d) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 100 por cento.

A consideración dun dereito como de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación nin producirá a súa baixa en contas, senón que se procederá á súa provisión.
3.- Se o remanente de Tesourería fose positivo, poderá constituír fonte de financiamento de modificacións de crédito no exercicio seguinte, segundo estableza en cada momento a lexislación vixente.
4.- Se o remanente de Tesourería fose negativo o Pleno haberá de aprobar, na primeira sesión que teña lugar desde a liquidación do Orzamento, a redución de gastos por contía igual ou déficit, de acordo co previsto no artigo 15.

TÍTULO V. CONTROL E FISCALIZACIÓN

Artigo 45 – Control interno

1.- No Concello executaranse as funcións de control interno na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia.

Artigo 46 - Normas particulares de fiscalización

1.- Non estarán suxeitas á fiscalización previa as fases de autorización e disposición de gastos que correspondan ás subministracións menores ou gastos de carácter periódico e demais de trato sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ao acto ou contrato inicial.
2.- Nos gastos correntes, imputables ao capítulo II, exercerase a fiscalización limitada, nos termos recollidos no artigo 219.2 do TRLFL.
3.- En materia de ingresos, substitúese a fiscalización plena pola toma de razón.

ANEXOS

ORZAMENTO 2023

ANEXO DE INVESTIMENTOS REAIS

RELACIÓN DE OBRAS E INVESTIMENTOS PREVISTOS

EXERCICIO 2023

				Financiamento previsto							
Aplicac.	**Descrición**	**Importe aplicac.**	**Aforro neto**	**Venta solo**	**Préstamo**	**Estado**	**CCAA**	**Deputac.**	**Convenio**	**RTGFA (Venta PMS 2022)**	**Outros (CCEE, CCUU e vendas)**
10.920.62300	Admón. Xeral. Inv. Nova: Maquin.,instal. e útiles	12.000,00 €	12.000,00 €								
				197.286,95	**320.141,29**	**0,00**	

130.02 Outras retribucións	**517.428,23**
Seguridad Social	**184.340,75**

Documento expediente Documentacion Expediente _2022-EGPER-000040_2022-10-21-13-41-12

171. PARQUES, XARDÍNS E PRAIAS

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
61	Op. servizos xardiñeiro	E(Lei 30/84)	14	4.960,59	8.710,54	0,00	5.003,63
61	Op. servizos xardiñeiro	E(Lei 30/84)	17	6.055,08	8.710,54	0,00	5.404,22
61	Op. servizos xardiñeiro	E(Lei 30/84)	14	4.594,96	6.404,81	0,00	3.585,92
62	Vixiante parques	E(Lei 30/84)	14	4.960,59	6.404,81	0,00	3.568,73
				20.571,22	**30.230,69**	**0,00**	

130.02 Outras retribucións	**50.801,91**
Seguridad Social	**17.562,51**

231. ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
103	Educador familiar	A1/A2	23	8.885,87	12.553,42	0,00	6.731,94
104	Educador familiar	A2	20	7.150,63	12.553,42	0,00	6.187,07
102	Traballador social	A2	22	8.291,12	12.553,42	0,00	6.545,19
102	Traballador social	A2	22	8.291,12	12.553,42	0,00	6.545,19
105	Traballador social	A2	20	7.150,63	12.553,42	0,00	6.187,07
115	Animador sociocultural	C1/C2	18	6.420,41	9.052,13	0,00	4.858,38
				46.189,79	**71.819,22**	**0,00**	

130.02 Outras retribucións	**118.009,01**
Seguridad Social	**37.054,83**

2410. FOMENTO DO EMPREGO

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
120	Coordinador CMF	A1	26	11.354,33	17.079,57	0,00	8.928,25
1211	Tco. inserción laboral	A1/A2	23	8.885,87	12.553,42	0,00	6.731,94
1212	Axente de emprego e desenv. local	A1/A2	23	8.885,87	12.553,42	0,00	6.731,94
121	Orientador profesional	A1/A2	23	8.885,87	12.553,42	0,00	6.731,94
0	Orientadora Laboral	A2	20	7.150,63	10.247,62	0,00	5.428,25
0	Orientadora Laboral	A2	20	7.150,63	10.247,62	0,00	5.428,25
124	Administrativo	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.724,33
125	Auxiliar servizos varios	C2/E(Lei 30/84)	14	4.960,59	6.404,81	449,35	3.709,83
				63.694,20	**90.265,10**	**449,35**	

130.02 Outras retribucións	**154.408,65**
Seguridad Social	**48.414,72**

320. A.X. ENSINO

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
126	Pedagogo	A1	23	8.885,87	12.553,42	0,00	6.731,94
1260	Supervisor/a de programas	C1	18	6.420,41	9.052,13	0,00	4.858,38
64	Auxiliar servizos varios	E(Lei 30/84)	14	4.960,59	7.258,77	41,92	3.850,04
64	Auxiliar servizos varios	E(Lei 30/84)	14	4.960,59	7.258,77	41,92	3.850,04
641	Auxiliar servizos varios	E(Lei 30/84)	14	4.960,59	7.258,77	0,00	3.836,88
641	Auxiliar servizos varios	E(Lei 30/84)	14	4.960,59	7.258,77	0,00	3.836,88
641	Auxiliar servizos varios	E(Lei 30/84)	14	4.960,59	7.258,77	0,00	3.836,88
				40.109,23	**57.899,41**	**83,84**	

130.02 Outras retribucións	**98.092,48**
Seguridad Social	**30.801,04**

2218_001.pdf

Documento expediente Documentacion Expediente _2022-EGPER-000040_2022-10-21-13-41-12

330. A.X. CULTURA

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
115	Program.cult.	C1/C2	18	6.420,41	9.052,13	0,00	4.881,59
115	Animador cultural	C1/C2	18	6.420,41	9.052,13	0,00	4.881,59
116	Auxiliar servizos varios	E (Lei 30/84)	14	4.960,59	6.404,81	0,00	3.705,12
119	Auxiliar servizos varios	E (Lei 30/84)	14	4.960,59	6.404,81	0,00	3.568,73
				22.762,00	**30.913,87**	**0,00**	

130.02 Outras retribucións	**53.675,88**
Seguridad Social	**17.037,03**

333. EQUIPAMENTOS CULTURAIS E MUSEOS


NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
	Técnico de museo	A1	23	8.885,87	12.126,43	0,00	6.850,01

130.02 Outras retribucións	**21.012,31**
Seguridad Social	**6.850,01**

3321. BIBLIOTECAS

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
1290	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.724,33
1290	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.724,33
1290	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.724,33
1290	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.724,33
1290	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.724,33
1290	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.904,88
1290	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.904,88
1290	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.904,88
1290	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.904,88
1291	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.904,88
1291	Administrativo de bibliotecas	C1/C3	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.904,88
1291	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	3.424,01	4.599,84	0,00	2.615,77
1291	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	3.424,01	4.599,84	0,00	2.615,77
1291	Administrativo de bibliotecas	C1/C2	18	3.424,01	4.599,84	0,00	2.615,77
				80.896,56	**108.677,06**	**0,00**	

130.02 Outras retribucións	**189.573,62**
Seguridad Social	**60.898,26**



3341. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
	Normalizador lingüístico	A2	20	7.150,63	3.054,55	0,00	3.326,89

130.02 Outras retribucións	10.205,18
Seguridad Social	3.326,89

340. A.X. DE DEPORTES

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
117	Tco xestión dep.	A1/A2	23	8.885,87	13.407,46	0,00	7.000,11
	Animador deportivo	C1/C2	18	6.420,41	9.052,13	0,00	5.067,26
				15.306,29	22.459,59	0,00	

130.02 Outras retribucións	37.765,87
Seguridad Social	12.067,36

432. INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
	Técnico de Turismo	C1	16	5.690,80	3.312,04	0,00	2.934,93

130.02 Outras retribucións	9.002,85
Seguridad Social	2.934,93

491. SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
94	Operador radio	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.724,33
95	Auxiliar de radio	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.724,33
				12.840,83	17.250,46	0,00	

130.02 Outras retribucións	30.091,29
Seguridad Social	9.448,67

920. ADMINISTRACIÓN XERAL

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
400	Enx. tco. informático de sistemas	A2	22	8.291,12	12.980,40	0,00	6.679,26
400	Enx. tco. informático de aplicacións	A2	22	8.291,12	12.980,40	0,00	6.679,26
41	Técnico superior de informática	C1	19	6.785,59	10.247,69	0,00	5.348,45
41	Técnico superior de informática	C1	19	6.785,59	10.247,69	0,00	5.348,45
1135	Deseñador-maquetador	C1	20	7.150,63	9.820,79	0,00	5.329,02
42	Xefe de unidade	C1	22	8.291,12	13.236,59	0,00	6.759,70
79	Delineante	C1	19	6.785,59	11.101,66	0,00	5.616,60
134	Auxiliar condutor	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.746,90
				58.801,19	89.240,44	0,00	

130.02 Outras retribucións	148.041,63
Seguridad Social	46.507,64

CONCELLO DE OLEIROS
DEPARTAMENTO DE PERSOAL

925. ATENCIÓN AOS CIDADÁNS


NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
351	Administrativo	C1/C2	18	6.420,41	8.625,23	0,00	4.724,33
12	Auxiliar servizos varios	E(Lei 30/84)	14	4.960,59	6.404,81	0,00	3.568,73
12	Auxiliar servizos varios	E(Lei 30/84)	14	4.960,59	6.404,81	0,00	3.568,73
				16.341,59	**21.434,85**	**0,00**	

130.02 Outras retribucións	**37.776,44**
Seguridad Social	**11.861,80**

934. XESTIÓN DA DÉBEDA E DA TESOURERÍA

NÚM.	Posto	Subgrupo	PC	PC	CE	CPT	S.Social
123	Administrativo	C1/C2	18	6.294,52	8.456,11	0,00	4.631,70

130.02 Outras retribucións	**14.750,63**
Seguridad Social	**4.631,70**
TOTAL 130.02 Outras retribucións	**1.670.126,58**
TOTAL Seguridad Social	**559.431,69**



2218_026.pdf

Documento expediente Documentacion Expediente _2022-EGPER-000040_2022-10-21-13-41-12

RETRIBUCIÓNS PERSOAL LABORAL TEMPORAL

132. SEGURIDADE E ORDE PÚBLICA

NÚM.	Posto	Subgrupo	Nivel	Soldo	PC	CE	S. SOCIAL
	Auxiliar Policía Local (6) (6 meses)	C2	14	29.175,21	14.870,54	17.919,75	22.110,95
							22.110,95

135. EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL

NÚM.	Posto	Subgrupo	Nivel			Retrib. Totais 2022	S. SOCIAL
	Socorristas acuáticos/Patróns (30) (3 n	C2	14			167.616,74	59.808,33
	Socorristas acuáticos X.Grupo. (7) (3 n	C2	14			50.961,50	18.171,68
	Auxiliares inf. e primeiros aux. (6) (3 m	C2	14			31.327,01	11.177,98
						249.905,25	**89.157,99**

170. AX MEDIO AMB. E SERVIZOS MUNICIPAIS

NÚM.	Posto	Subgrupo	Nivel	Soldo	PC	CE	S. SOCIAL
	Op. servizos xerais	E(Lei 30/84)	14	8.912,56	4.956,85	7.679,97	8.395,27
	Administrativo	C2	14	9.725,07	4.956,85	8.618,73	7.810,29
				18.637,63	**9.913,69**	**16.298,70**	**16.205,56**

1720. PROTECCIÓN E MELLORA MEDIO AMBENTE

NÚM.	Posto	Subgrupo	Nivel	Soldo	PC	CE	S. SOCIAL
63	Oper. serv. limp. praias	E(Lei 30/84)	9	16.998,63	5.919,64	10.666,52	**12.021,09**

231. ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA

NÚM.	Posto	Subgrupo	Nivel	Soldo	PC	CE	S. SOCIAL
	Educadora familiar	A2	20	14.980,28	7.145,23	11.519,95	10.968,42
	Traballadora social	A2	20	14.980,28	7.145,23	11.519,95	10.968,42
				29.960,55	**14.290,47**	**23.039,90**	**21.936,84**

432. INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA

NÚM.	Posto	Subgrupo	Nivel	Soldo	PC	CE	S. SOCIAL
	Técnico de Turismo (2) (10 meses)	C1	15	18.705,75	6.714,42	4.174,97	**9.920,30**

920. ADMINISTRACIÓN XERAL

NÚM.	Posto	Subgrupo	Nivel	Soldo	PC	CE	S. SOCIAL
	Administrativo	C2	14	9.725,07	4.956,85	8.618,73	7.810,29
	Administrativo	C2	14	9.725,07	4.956,85	8.618,73	7.810,29
				19.450,14	**9.913,69**	**17.237,46**	**15.620,58**

TOTAL PERSONAL LABORAL TEMPORAL	**533.792,91**
TOTAL SEGURIDADE SOCIAL	**186.973,31**


CONCELLO DE OURENSE
DEPARTAMENTO DE PERSOAL

2218_026.pdf

Documento expediente Documentacion Expediente _2022-EGPER-000040_2022-10-21-13-41-12

SEGURIDAD SOCIAL CONCELLO	2023

PERSOAL FUNCIONARIO	
132. SEGURIDADE E ORDE PÚBLICA	
160.00 Seguridade social	495.065,00
135. EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL	
160.00 Seguridade social	20.673,22
151. URBANISMO	
160.00 Seguridade social	139.595,77
170. AX MEDIO AMB. E SERVIZOS MUNICIPAIS	
160.00 Seguridade social	101.331,03
231. ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA	
160.00 Seguridade social	46.219,00
2410. FOMENTO DO EMPREGO	
160.00 Seguridade social	7.962,95
3321. BIBLIOTECAS	
160.00 Seguridade social	20.714,69
3322. ARQUIVOS	
160.00 Seguridade social	19.851,33
333. EQUIPAMENTOS CULTURAIS E MUSEOS	
160.00 Seguridade social	7.750,22
3371. CENTRO DE INFORMACIÓN XUVENIL	
160.00 Seguridade social	7.730,75
920. ADMINISTRACIÓN XERAL	
160.00 Seguridade social	243.641,36
9231. XESTIÓN DO PADRÓN M. DE HABITANTES	
160.00 Seguridade Social	13.857,05
925. ATENCIÓN AOS CIDADÁNS	
160.00 Seguridade social	7.886,23
931. POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL	
160.00 Seguridade social	105.935,92
934. XESTIÓN DA DÉBEDA E DA TESOURERÍA	
160.00 Seguridade social	105.351,90
TOTAL 160.00 SS. PERSOAL FUNCIONARIO	1.343.566,41



ORZAMENTO 2023

ESTADO DE PREVISIÓN E SITUACIÓN DA DEBEDA

CONCELLO DE

OLEIROS

PREVISIÓN DE GASTOS DERIVADOS DAS OPERACIÓNS FINANCIEIRAS NO EXERCICIO 2023

No exercicio 2015 a Deputación de A Coruña asignou ao Concello de Oleiros un préstamo dentro do Plan de Aforro e Investimento (PAI) por importe de 383.127,00 €, sen xuros, con dous anos de carencia, prazo de devolución 10 anos, en xuño e novembro a partir do 2019 ata o 2028 segundo Circular do 8 de novembro de 2016 sobre a segunda modificación das bases reguladoras do PAI 2015.. En data 8 de maio de 2015 foron transferidos 300.000 € do PAI con destino á amortización anticipada do préstamo que o Concello ten vixente co BBVA. Dita amortización anticipada fíxose efectiva o 30 de xuño de 2015. O importe restante do PAI destinouse á realización de investimentos financeiramente sostibles, rematando o prazo para adxudicar as actuacións o 1 de outubro de 2015.Comunicados os datos á Deputación, ésta transferiu o 2 de decembro de 2015 ao Concello con carácter prepagable o 50% (41.563,50 €). Unha vez rematada a obra, sendo a data máxima o 1 de outubro de 2016, a Deputación transferiu o 19 de decembro de 2016 ao Concello o segundo 50% (41.563,50 €). Segundo a Circular PAI 2015 de setembro de 2018 iniciarase o citado prazo de devolución de 10 anos, en xuño e novembro do 2021 e ata o 2030. Posteriormente, por Resolución Nº 2020/25020 de data 27 de agosto, prorrógase novamente o prazo de devolución do PAI 2015 para que o prazo de devolución sexa desde o ano 2023 ata o ano 2032.

No exercicio 2016 a Deputación de A Coruña asignou ao Concello de Oleiros un préstamo dentro do Plan de Aforro e Investimento (PAI) por importe de 455.008,20 €, sen xuros, con dous anos de carencia, prazo de devolución 10 anos, en xuño e novembro a partir do 2020 ata o 2029 segundo Circular do 8 de noviembre de 2016 sobre a segunda modificación das bases reguladoras do PAI 2016. En data 6 de xullo de 2016 foron transferidos 229.315,99 € do PAI con destino á amortización anticipada do préstamo que o Concello ten vixente co BBVA. Dita amortización anticipada fíxose efectiva o 30 de setembro de 2016. O importe restante do PAI destinarase á realización de investimentos financeiramente sostibles, rematando o prazo para adxudicar as actuacións o 30 de novembro de 2016. Comunicados os datos á Deputación, ésta transferiu o 20/10/2016 e o 09/11/2016 ao Concello con carácter prepagable o 50% , é dicir, 112.846,10 €. Unha vez rematada a obra, sendo a data máxima o 1 de novembro de 2017, a Deputación transferiu ao Concello o segundo 50% (14.942,82 € o 31/05/2017; 45.364,91 € o 30/08/2017 e 52.538,36 € o 30/11/2017). Segundo a Circular PAI 2016 de outubro de 2018 iniciarase o citado prazo de devolución de 10 anos, en xuño e novembro do 2022 e ata o 2031. Posteriormente, por Resolución Nº 2021/33488 de data 17 de agosto, prorrógase novamente o prazo de devolución do PAI 2016 para que o prazo de devolución sexa desde o ano 2024 ata o ano 2033.

En consecuencia, no vindeiro exercicio 2023 prevense gastos en concepto de amortización polo PAI 2015 pero non polo PAI 2016.

Asimesmo, no vindeiro Presuposto Xeral do Concello para o exercicio 2023, non se incluirá como financiamento de inversións ningunha operación de préstamo a L/P.

ANÁLISE DA CARGA FINANCIEIRA ACTUAL

Calcúlase, desglosado para cada exercicio económico, a carga financieira de cada operacións de crédito en vigor, partindo da hipótese de considerar anualidades teóricas de amortización, segundo o sistema francés,(frente á realidade consistente na amortización mediante cuotas constantes).

CONCELLO DE

OLEIROS

CUADRO RESUMEN DA PREVISIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DAS OPERACIÓNS FINANCIEIRAS E DA CARGA FINANCIEIRA.

Ano	Total Gastos financieiros	Carga financieira
2023	38.312,70	38.312,70
2024	83.813,52	83.813,52
2025	83.813,52	83.813,52
2026	83.813,52	83.813,52
2027	83.813,52	83.813,52
2028	83.813,52	83.813,52
2029	83.813,52	83.813,52
2030	83.813,52	83.813,52
2031	83.813,52	83.813,52
2032	83.813,52	83.813,52

CONCELLO DE

OLEIROS

DE: TESOUREIRÍA
A: INTERVENCIÓN MUNICIPAL

Oleiros, a 15 de setembro de 2020.

En relación á nota interior remitida á Tesoureiría Municipal deste Concello en data 12/08/2020 procedo a enviar a documentación necesaria para levar a cabo a elaboración do Orzamento do 2021:

- Situación da débeda municipal:
  - Operacións de préstamo a L/P.
- Evolución da débeda municipal:
  - Débeda viva a 31/12/20 e sucesivos anos ata o 2024.
  - Vencimento da débeda nos próximos dez anos.
- Previsións ata o ano 2030 dos gastos financieiros e da carga financieira.

A Tesoureira Municipal

Asdo: Rosa María León Álvarez

OPERACIÓNS DE PRÉSTAMO A L/P:

Código	Importe	Tipo	Amortizac	Cuota capital	Nº Cuotas	1ª amortización	Última amortiz.
Préstamo Deput A Coruña (PAI 2015)	383.127,00	0 %	Semestral	19.156,35	20	Xuño 2023	Nov 2032
Préstamo Deput A Coruña (PAI 2016)	455.008,20	0 %	Semestral	22.750,41	20	Xuño 2024	Nov 2033

Oleiros, a 15 setembro de 2022.

CONCELLO DE OLEIROS

ENTIDADE	DÉBEDA VIVA A 31/12/2022	DÉBEDA VIVA A 31/12/2023	DÉBEDA VIVA A 31/12/2024	DÉBEDA VIVA A 31/12/2025	DÉBEDA VIVA A 31/12/2026
Prést.Deputación (PAI 2015)	383.127,00	344.814,30	306.501,60	268.188,90	229.876,20
Prést.Deputación (PAI 2016)	455.008,20	455.008,20	409.507,38	364.006.56	318.505,74
TOTAL	838.135,20	799.822,50	716.008,98	632.195,46	548.381,94

CONCELLO DE OLEIROS

VENCEMENTO DA DÉBEDA NOS PRÓXIMOS 10 ANOS

(Circular PAI 2015 de septiembre 2018 ; Circular PAI 2016 de octubre 2018; Resoluc. 2020/25020 de 27 agosto PAI 2015 y Resol. 2021/33488 de 17 de agosto 2021 del PAI 2016)

Préstamo	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032
PAI 2015	38.312,70	38.312,70	38.312,70	38.312,70	38.312,70	38.312,70	38.312,70	38.312,70	38.312,70	38.312,70
PAI 2016		45.500,82	45.500,82	45.500,82	45.500,82	45.500,82	45.500,82	45.500,82	45.500,82	45.500,82
Total amort	38.312,70	83.813,52	83.813,52	83.813,52	83.813,52	83.813,52	83.813,52	83.813,52	83.813,52	83.813,52

Tesorería, a 15 de setembro de 2022.

ORZAMENTO 2023

ANEXO DE BENEFICIOS FISCAIS EN TRIBUTOS LOCAIS

ANEXO BENEFICIOS FISCAIS TRIBUTOS LOCAIS 2023

Nº ORDENANZA FISCAL E DENOMINACIÓN	SUPOSTO DE APLICACIÓN DO BENEFICIO FISCAL	TIPO DE BENEF FISCAL (POTEST.=P OBRIGAT.=O)	% DE BONIFICACION/ EXENCION	IMPORTES
1.- Taxa pola expedicion de documentos administrativos	Dereitos de exame	P	25% (familias numerosas carácter xeral)	**0,00 €**
			50% (familias numerosas c. especial)	**0,00 €**
4.- Taxa por licenzas de apertura de establecementos	Suxeitos pasivos que desistan da petición con anterioridade á iniciación de verificacións técnicas por parte do Concello	P	EXENCIÓN	**0,00 €**
	Transmisións mortis-causa en casos de cambio de titularidade que se solicite dentro dun período máximo de 6 meses dende a data de falecemento do titular			**0,00 €**
	Cambios de titularidade que non comporten alteración da actividade orixinaria	P	50%	**1.771,10 €**
6.- Taxa cemiterios municipais	Enterramentos dos asilados procedentes da Beneficencia	P	EXENCION	**0,00 €**
	Enterramentos de pobres de solemnidade			**0,00 €**
	Inhuumacións que ordene a Autoridade Xudicial			**0,00 €**
7.- Taxa de sumidoiro	Taxa de acometida	P	90%	**44,64 €**
10.- Imposto de Bens Inmobles	Propiedade do Estado, CCAA e EELL afectos á seguridade ciudadana e serv. Educativos e penitenciarios e os propiedade do Estado afectos á defensa nacional (artigo 62.1.a do TRLRFL)	O	EXENCION	**60.146,91 €**
	Montes comunales e vecinais de mano común (art. 62.1.b TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Propiedade da Iglesia Católica….(artigo 62.1.c TRLRFL)	O	EXENCIÓN	**14.569,18 €**
	Propiedade da Cruz Roja Española (artigo 62.1.d TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Convenios Internacionais (artigo 62.1.e) do TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Superficies de montes poboados con especis de lento crecimiento (artigo 62.1.f do TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Terreos ocupados por liñas de ferrocarrís e edificios enclavados (artigo 62.1.g do TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Inmobles obxecto de empresas de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria (artigo 73,1TRLRFL e artigo 4º,1 d OF)	O	90%	**13.658,90 €**
	Vivendas de protección oficial (artigo 73.2 do TRLRFL)	O	50%	**0,00 €**
	Bens rústicos de cooperativas agrarias (artigo 73.3 do TRLRFL)	O	95%	**208,09 €**
	Por familia numerosa (artigo 74.4 do TRLRFL e artigo 4º.2 da OF)	P	10% (3 fillos), 20% (4-5 fillos), 30% (6-7 fillos), 40%(8-9 fillos) e 50% (10 fillos ou máis)	**6.016,21 €**
	A favor de centros educativos concertados (artigo 62.2.a do TRLRFL)	O	EXENCION (Compensación do Estado)	**19.279,46 €**
	Propiedade de centros sanitarios de titularidade pública (artigo 62.3 do TRLRFL e artigo ….OF)	P	EXENCION	**10.952,83 €**
	Inmobles declarados expresamente e indiv. monumento o jardín histórico de interese cultural) (artigo 62.2.b do TRLRFL)	O	EXENCION	**8.093,17 €**
	Superficie dos montes que realicen repoboacións forestais…(artigo 62.2.c do TRLRFL)	O	EXENCIÓN	**0,00 €**
	Fundacións, asociacións, sen ánimo de lucro	O	EXENCIÓN	**20.153,94 €**
	Bens inmobles de características especiais. (AUTOPISTA)	O	95%	**60.934,57 €**

Nº ORDENANZA FISCAL E DENOMINACIÓN	SUPOSTO DE APLICACIÓN DO BENEFICIO FISCAL	TIPO DE BENEF FISCAL (POTEST.=P OBRIGAT.=O)	% DE BONIFICACION/ EXENCION	IMPORTES
11.- Imposto de construccións, instalacións e obras (ICIO)	Obras, instalacións de que sexa propiedade o Estado, CCAA e EELL, destiñadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos..) (artigo 3º bis da OF e artigo 100.2 do TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Obras de reforma dec edificios para favorecer o acceso e habitabilidade a discapacitados (Artigo 7º OF e artigo 103.2 do TRLRFL)	p	60%	**2.623,10 €**
12.- Imposto de vehículos de tracción mecánica	Vehículos con antigüidade mínima de 25 anos (artigo 5º.1 OF e artigo 95,6.b) do TRLRFL)	P	100%	**0,00 €**
	Vehículos históricos (artigo 5º.1 OF e artigo 95,6.b) do TRLRFL)	P	100%	**7.753,90 €**
	Vehículos híbridos homologados de fábrica (artigo 5º.2.a da OF e artigo 95,6.b do TRLRFL)	P	50%	**6.178,99 €**
	Vehículos a motor eléctrico, impulsados por energía solar (artigo 5º.2b da OF e artigo 95,6,b do TRLRFL)	P	50%	**751,45 €**
	Vehículos que utilicen biogás…. (artigo 5º 2.c da OF e artigo 95,6.a) do TRLRFL)	P	50%	**994,41 €**
	Vehículos oficiais do Estado, CCAA e EELL adscritos á defensa nacional e seguridade cidadá (artigo 93,1.a do TRLRFL)	O	EXENCION	**3.075,80 €**
	Vehículos de representacións dipomáticas…. 8artigo 93,1,b do TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Por aplicación de Tratados e Convenios Internacionais (artigo 93.1.c do TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Ambulancias e vehículos destinados á asistencia sanitaria (artigo 93.1 d do TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Vehículos para personas de movilidade reducida (artigo 93.1.e do TRLRFL)	O	EXENCION	**50.430,10 €**
	Vehículos para personas de movilidade reducida concedidas temporalmente(artigo 93.1.e do TRLRFL)	O	EXENCION	**2.045,70 €**
	Vehículos para transporte público urbano (artigo 93.1.f do TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Tractores, remolques, semiremolque dotados de Cartilla de Inspeccion Agrícola	O	EXENCION	**5.125,10 €**
	Remolques de menos de 750Kg	O	EXENCION	**802,40 €**
13.- Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana	Constitución e transmisión de dereitos de servidumbre (artigo 4º da OF e artigo 105.1 a do TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Transmisión de bens Conxunto Históirico-Artístico (artigo 4º b da OF e artigo 105.1 b do TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Suxeito pasivo = Estado, CCAA, EELL…(artigo 5º i a) OF e artigo 105.2.a TRLRFL)	O	EXENCION	**0,00 €**
	Suxeito pasivo = Municipio da imposición e demáis ee (artigo 5º 1 b) da OF e artigo 105.2.b do TRLRFL)	O	EXENCIÓN	**0,00 €**
	Suxeito pasivo: institucións benéficas o benéfico docentes (artigo5º 1 c da OF e artigo 105.2 c do TRLRFL)	O	EXENCIÓN	**0,00 €**
	Suxeito pasivo: entidades xestoras da Seguridade Social e Mutualidades de Previsión Social (artigo 5º 1 d da OF e artigo 105,2 d do TRLRFL)	O	EXENCIÓN	**0,00 €**
	Titulares de concesións administrativas revertibles… (artigo 5º 1 e da OF e artigo 105.2 f do TRLRFL)	O	EXENCIÓN	**0,00 €**
	Suxeito pasivo: Cruz Vermella Española (artigo 5º i f da OF e artigo 105.2 f do TRLRFL)	O	EXENCIÓN	**0,00 €**
	Suxeitos pasivos en virtude de aplicación de Convenios e Tratados Internacionais (artigo 5º 1 g da OF e artigo 105,2 g do TRLRFL)	O	EXENCIÓN	**0,00 €**
	Transmisións de terreos e transmisión e constitución de dereitos de goce limitativo realizados a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentres de 1º grao, os conxuges e os ascendentes e adop de 1º grao cando o ben sexa a vivenda habitual do causante (artigo6º .1 da OF)	P	50%	**109.311,40 €**
	Transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión de dación en pago da vivenda habitual (artigo 105.1 c do TRLRFL)	O	EXENCIÓN	**0,00 €**

Nº ORDENANZA FISCAL E DENOMINACIÓN	SUPOSTO DE APLICACIÓN DO BENEFICIO FISCAL	TIPO DE BENEF FISCAL (POTEST.=P OBRIGAT.=O)	% DE BONIFICACION/ EXENCION	IMPORTES
14.- Contribucións especiais	As establecidas en virtude de Tratados e Leis Internacionais (artigo 4º 1 da OF)	O		**0,00 €**
15.- Taxa auga potable	Dereito de acometida ás persoas que colaborasen económicamente nas obras comunitarias (artigo 5º B da OF)	P	90%	**144,70 €**
	Taxa por consumo: Vivendas nas que convivan máis de 4 persoas…. (artigo 6º 1 da OF)	P	Bonificación en función do nº de m3 consumidos e o número de persoas empadroadas na vivenda	**24.170,87 €**
23.- Imposto de Actividades Económicas	Suxeitos pasivos que xeren emprego -contrato indefinido-, máis do 10% do cadro de persoal (artigo 3º OF)	P	50%	**0,00 €**
	Suxeitos pasivos que xeren emprego -contrato indefinido-, menos do 10% do cadro de persoal (artigo 3º OF)	P	25%	**0,00 €**
	Cooperativas, unións , federacións, confederacións fiscalmente protexidas (artigo 88.1.a do TRLRFL)	O	Ley 20/1990 de 19 de decembro de Régimen Fiscal de Cooperativas	**699,17 €**
	Por inicio de actividades profesionais	O	50%	**0,00 €**
	Asociacións e fundacións de disminuídos físicos e psíquicos sen ánimo de lucro .. .	O	EXENCIÓN	**0,00 €**
24.- Taxa pola utilización de inmobles e instalacións deportivas	Suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares con título de familia numerosa de categoría especial (artigo 5º Bis da OF)	P	25%	**0,00 €**
	Suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares con título de familia numerosa de categoría xeral (artigo 5º Bis da OF)	P	15%	**0,00 €**
	Entidades deportivas sen ánimo de lucro (artigo 5º.3 da OF)	P	100%	**0,00 €**

ORZAMENTO 2023

ANEXO RELATIVO A CONVENIOS COAS CC.AA. EN MATERIA DE GASTO SOCIAL

ANEXO CON INFORMACIÓN RELATIVA AOS CONVENIOS SUSCRITOS COAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS EN MATERIA DE GASTO SOCIAL

1. O Concello de Oleiros ten subscritos co Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar os seguintes convenios de colaboración para a xestión das Escolas Infantís ubicadas no termo municipal:

   a) Convenio de colaboración asinado o día 28 de xullo de 2008, para a xestión da Escola Infantil "A Pardela", mediante o que o Consorcio Galego asume a xestión da Escola, de acordo coas normas que o regulan e con plena autonomía funcional; e o Concello participa na citada xestión nos termos que determinen as normas de funcionamento da escola e, en todo caso, formando parte nos órganos de goberno da escola así como nos de selección de persoal e de selección de alumnos e alumnas. o mantemento das instalacións.

      Dentro das obrigas económicas das partes, se establece que o Concello asume os costes derivados do mantemento xeral do edificio e exteriores, así como a limpeza das aulas, vixiancia e seguridade do mesmo, así como outros traballos de mantemento especificados no anexo ao convenio, limitando a achega económica do Concello por todos estes conceptos ao 30% dos gastos totais de mantemento da escola.

   b) Convenio de colaboración asinado o día 28 de xullo de 2008, para a xestión da Escola Infantil "As Galeras", nos mesmos termos que o anterior.

   c) Convenio de colaboración asinado o día 26 de febreiro de 2009, para a xestión da Escola Infantil " A Canteira", nos mesmos termos que os anteriores.

2. A Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, establece no seu artigo 69, un novo réxime de cofinanciamento dos servizos que se presten nas escolas infantís e nos centros de día xestionados polo Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar ou entidade que se subrogue nos seus dereitos e obrigas establecidos nos instrumentos de colaboración cos Concellos e mancomunidades con fundamento nas competencias que sobre esta materia teñen atribuidas pola normativa vixente as Entidades Locais.

   Segundo o anexo I que desenvolve o citado réxime, a participación dos Concellos no cofinanciamento das escolas infantís se fixa na cantidade de 1.500 euros por plaza/ano (equivalente a unha terceira parte do custo medio de 4.500 euros praza/ano).

   Nos supostos nos que o Concello desexe asumir o mantemento integral do centro, estimarase a súa contribución en 600 euros praza/ano, polo que, neste caso, a achega final que terán que realizar os Concellos será de 900 euros praza/ano. Sinala ademáis que a dita contribución requerirá únicamente que o Conello acredite que realizou as tarefas de mantemento especificadas no apartado III do citado anexo I, e computarase con independencia do gasto real efectuado polo Concello e sen necesidade de xustificación documental do dito gasto.

No caso de que os Concellos asuman outros servizos non recollidos no concepto de mantemento, descontarase o custo real efectivo dos ditos servizos da achega que debe realizar o Concello. E pola contra, no suposto de que algún Concello non asuma a totalidade dos gastos de mantemento, a achega municipal incrementarase co custo que asuma o Consorcio por este concepto.

No caso dos centros de día, a participación dos Concellos no cofinanciamento dos mesmos se fixa na cantidade de 2.500 euros por plaza/ano (equivalente a unha terceira parte do custo medio de 7.500 euros praza/ano), puidendo os Concellos optar por un modelo análogo ao das escolas infantís no que respecta aos gastos de mantemento.

O apartado cinco do artigo 69 da citada lei establece que este réxime de cofinaciamento será aplicable aos convenios xa subscritos pola entidades locales e o Consorcio galego de Servizos de Igualdade e do Benestar, dando a posibilidade aos Concellos que teñen convenio de colaboración subscrito de optar polo mantemento do réxime xurídico e de cofinanciamento que se derive dos convenios formalizados.

3. En aplicación da dita Lei 2/2017, corresponde ao Concello de Oleiros o cofinanciamento das escolas infantís municipais e do centro de día de Oleiros nas seguintes contías para o ano 2020:

Servizo	**Importe**
E.I. A Pardela	58.500,00
E.I. As Galeras	76.500,00
E.I. A Canteira	85.500,00
E.I. Mera	34.200,00
Centro de día As Galeras	107.500,00
Total	**362.200,00**

Oleiros, 26 de outubro de 2022.

MEMORIA DO ORZAMENTO

MEMORIA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2023 E PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS EN RELACIÓN Ó EXERCICIO ANTERIOR

1.-LEXISLACIÓN APLICABLE.

O proxecto de Orzamento Xeral para 2023 foi elaborado en base a seguinte lexislación:

- Artigos 162 a 167 e artigo 168.1.a) do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da LRFL.
- Artigo 2 ao 23 do R.D.500/1990 de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei Reguladora de Bases de Réxime Local. Lei 7/1985, de 2 de abril. artigos 22.2 e), e 47.1.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Lei Xeral Orzamentaria (Lei 47/2003, de 26 de novembro).
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.
- Proxecto de Orzamentos xerais do Estado para o 2023
- Acordo do congreso dos Deputados de 22/09/2022, polo que se suspenden os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023.

2.- CONTIDO DO ORZAMENTO XERAL

Segundo o regulado polas normas de Réxime Local, as entidades locais teñen que aprobar anualmente un orzamento único que coincida co ano natural e que estará integrado polo orzamento da propia entidade e o de todo os organismos e empresas locais con personalidade xurídica propia (Artigo 121.1 da LRBRL, e 164.1 da LRFL).

O Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para o exercicio de 2023, está composto polo orzamento da propia entidade e a empresa de capital 100% municipal, Aquaoleiros, S.A.

Non se inclúe o correspondente ao Consorcio As Mariñas, tal e como esixe o artigo 122 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, dado que segundo establecen os seus estatutos, este debe aprobarse polo Pleno do Consorcio previamente á súa incorporación no orzamento do Concello de Oleiros, o cal non se produciu neste momento.

O artigo 165.1 da LFL, establece que o Orzamento xeral conterá para cada un dos orzamentos que o integran:

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:FZMAHU36F7ZBG547

a) Os estados de gastos, nos que se incluirán ca debida especificación os créditos necesarios para atender o cumprimento das obrigas.
b) Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Incluiranse as bases de execución, e os anexos seguintes :

Artigo 166 punto 1, apartado d), " ... o estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico..."

Segundo o artigo 168, o orzamento da entidade local será formado polo seu Presidente e uniráselle a seguinte documentación:


a) Memoria explicativa do seu contido e principais modificacións que presente en relación co vixente.
b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da liquidación do corrente, referida polo menos a seis meses.
c) Anexo de persoal da entidade local.
d) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social.
g) Informe económico-financeiro no que se poña de manifesto as bases para a avaliación dos ingresos, as operacións de crédito previstas, e a suficiencia de crédito para atender o funcionamento dos servizos e o cumprimento das obrigacións esixibles.

3. CONTIDO E MODIFICACIÓNS EN RELACIÓN AO ORZAMENTO DO EXERCICIO ANTERIOR.

Os estados comparativos realízanse sobre os créditos inicias de 2021.

Cap.	Concepto	Orzamento 2022	Orzamento 2023	% Variac.
1	Gastos De Persoal	11.037.460,00	11.939.900,00 €	8,18%
2	Gastos Correntes	13.256.870,00	13.085.490,00 €	-1,29%
3	Gastos Financeiros	36.000,00	56.780,00 €	57,72%
4	Transf. Correntes	1.499.620,00	1.531.170,00 €	2,10%
5	Fondo Continxencia	350.000,00	350.000,00 €	0,00%
6	Investimentos Reais	13.349.050,00	14.472.340,00 €	8,41%
7	Transf. Capital.	0,00	0,00	0,00%
8	Activos Financeiros	36.000,00	36.000,00 €	0,00%
9	Pasivos Financeiros	0,00	38.320,00 €	-
TOTAL		**39.565.000,00**	**41.510.000,00 €**	**4,92%**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:FZMAHU36FZZBG547



A) ESTADO DE GASTOS:

As modificacións por capítulos, en relación co orzamento do exercicio anterior, son as seguintes:

Capítulo 1: Gastos de Persoal

En relación ao orzamento de 2023 prevese un incremento de gasto do 8,18%, derivado dos seguintes feitos:

- Contémplase un incremento das retribucións dos empregados públicos, cargos electos e persoal eventual do 4% respecto das previstas no orzamento de 2022, segundo a seguinte desagregación:

    - Un 1,5% aprobado con efectos do 01/01/2022 polo Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público

    - Un 2,5% acordado pola Mesa Xeral de Negociación da Función Pública, o cal incluirase no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023. Este acordo contempla ademais un incremento adicional de ata o 1%, en función de variables vinculadas ao IPC e ao PIB nominal, que de ser o caso poderán

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:FZMAHU36FZZBG547

asumirse con cargo ao Fondo de continxencia previsto no capítulo 5 do orzamento de gastos.

- Incorporación de todas as prazas que son obxecto de consolidación e estabilización do emprego previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e que foron incluídas na oferta de emprego público extraordinaria aprobada mediante resolución da 2ª tenente de alcalde delegada de Recursos Humanos.

- Recóllese a modificación da RPT aprobada inicialmente polo Pleno do Concello o 28/07/2022, así como a doutros postos que se pretenden aprobar xunto co orzamento (de xefe de servizo dependente da concellería de interior, inspector principal e inspector da policía local).

- Créanse diversas prazas para cubrir as necesidades existentes no servizo municipal de emerxencias e protección civil, museos, turismo, e incorpóranse como persoal laboral unha praza de educador social e unha de traballador social financiadas polo Plan concertado da Xunta de Galicia.

- Mantéñense, ao igual que en anos anteriores, tanto o número de efectivos como a duración da contratación de persoal temporal de reforzo da policía no período estival, os servizos de mantemento do medio ambiente e socorrismo, e de limpeza de praias.

Capítulo 2: Gastos en bens correntes e servizos

Os gastos correntes diminúen un 1,29% derivados principalmente da prestación directa do servizo de abastecemento de auga potable mediante a creación da empresa municipal Aquaoleiros, que comezou a súa actividade o pasado 20 de xullo de 2022.

Contémplase ademais incrementos na maior parte dos contratos de prestación de servizos e subministración que ten actualmente o Concello, polo aumento dos custos dos materiais, combustibles, enerxía e eléctrica e man de obra, como consecuencia da situación económica xeral do país.

Prevense igualmente incremento de gasto pola ampliación do servizo de limpeza de praias na tempada estival, e a incorporación de novas zonas aos contratos de limpeza viaria e mantemento de zonas verdes.

Ademais, é de destacar o aumento do gasto derivados nas axudas reguladas no regulamento de medidas para a inclusión social, especialmente no destinado a bonos de alimentos ás familias máis necesitadas.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:FZMAHU36FZZBG547

Capítulo 3: Gastos financeiros

Os gastos financeiros, no que se contemplan os posibles xuros de demora derivados do pagamento de expropiacións e da devolución de ingresos indebidos, diminúen un 41,18% respecto ao exercicio anterior.

Pola contra, increméntase como medida de prudencia a aplicación destinada ao pagamento de comisións pola disposición de saldos en contas bancarias, aínda que é probable non cheguen a abonarse debido aos recentes cambios que se están a producir nos mercados financeiros. En conxunto, este capítulo increméntase un 57,72% respecto ao ano anterior.

Capítulo 4: Transferencias correntes

Este capítulo recolle as transferencias correntes a entidades e outros organismos e presenta un incremento do 2,10% con relación a 2022 derivado principalmente do incremento das axudas destinadas a entidades deportivas.

Capítulo 5: Fondo de continxencia e outros imprevistos

Mantense a dotación do "Fondo de continxencia e outros imprevistos" na cantidade de 350.000,00 euros.

No caso de ser necesario, parte desta cantidade podería destinarse ao pagamento do incremento adicional das retribucións dos funcionarios públicos de ata o 1%, que queda vinculado á evolución do IPC e do PIB nominal, tal e como recolle o acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da Función Pública, que incluirase no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.

Capítulo 6: Investimentos reais

No apartado de investimentos do exercicio, dótanse créditos para novos investimentos e os que considéranse necesarios para manter o extenso patrimonio Municipal, garantindo o normal funcionamento dos servizos por importe de 14.472.340 euros, o que representa un incremento do 8,41% respecto ao orzamento do ano anterior.

Tendo en conta que mediante acordo do congreso dos Deputados de 22/09/2022, suspéndense para o ano 2023 os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública, mantense o criterio do orzamento do ano anterior de financiar inicialmente os investimentos con endebedamento que, posteriormente, durante a execución do orzamento, substituirase polo remanente de tesouraría derivado da liquidación do actual orzamento, a través da correspondente modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, non se prevén gastos financiados con ingresos derivados do alleamento de parcelas do patrimonio municipal do solo, polo que será no momento da adxudicación

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:FZMAHU36FZZBG547

do alleamento das súas parcelas patrimoniais cando se proceda a modificar o orzamento para executar novos investimentos ou ben destinalos a substituír os ingresos previstos por endebedamento.

En canto aos investimentos principais previstos no orzamento de 2023 se centran na Senda peonil do Río de san Pedro, e na construción dun edificio multiusos en Bastiagueiro.

Ademais, como en anos anteriores, dáse prioridade aos investimentos que favorezan o aforro no gasto corrente ou permitan a xeración directa ou indirecta de novos ingresos, e a reactivación da economía local.

Como partidas mais significativas, destínanse 232.020,00 euros para seguridade pública, ordenación do tráfico e servizo de emerxencias; 1.997.120 euros ao desenvolvemento da política de urbanismo; 4.559.884,13 euros a vías públicas; 703.880,00 euros para a reposición e mellora das redes de abastecemento de auga, e 573.621,76 euros para a de sumidoiros; 833.993,42 euros para alumeado público; 656.710,00 euros para medio ambiente, parques e xardíns; 409.680,00 euros para instalacións deportivas; 388.000,00 euros á Xestión do coñecemento para a adaptación do Concello ás novas tecnoloxías da información; 182.000,00 euros para administración xeral e 3.742.430,69 euros para o mantemento e mellora do patrimonio municipal.

Este capítulo finánciase con achegas da Deputación correspondente ao POS+ 2022 (Adicional nº 1) e outras subvencións nominativas por importe de 1.186.056,57 euros, con ingresos correntes afectados a gastos de investimento (cotas de urbanización e contribucións especiais) por importe de 1.778.120,00 euros, 1.155.467,00 euros procedentes do aforro neto, e 9.469.587,66 euros con endebedamento que, tal e como explicouse anteriormente, substituirase polo remanente de tesouraría derivado da liquidación do orzamento de 2022 ou polos ingresos derivados do alleamento do patrimonio municipal do solo.

Capítulo 8: Activos financeiros

Recolle os activos financeiros, que como ven sendo habitual correspóndense con anticipos ao persoal con reembolso a curto prazo. Consígnanse 36.000 euros o que supón manter a dotación do exercicio anterior neste capítulo.

Capítulo 9: Pasivos financeiros


Dótase crédito neste exercicio para a amortización do préstamo vixentes concedidos pola Deputación Provincial da Coruña dentro do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015.

Tal e como se comentou anteriormente, non se prevé que se formalice o préstamo previsto no estado de ingresos do orzamento de 2023, dado que se pretende substituír polo remanente de tesouraría derivado da liquidación do orzamento de 2022.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:EZMAHU36E7ZBG547

A porcentaxe que cada un dos capítulos de gastos ten sobre o total do orzamento é a que se sinala no seguinte cadro:

Estado de gastos			
Cap.	**Descrición**	**Total**	**% s/ total**
1	Gastos de persoal	11.939.900,00 €	28,76%
2	Gastos en bens correntes e servicios	13.085.490,00 €	31,52%
3	Gastos financeiros	56.780,00 €	0,14%
4	Transferencias correntes	1.531.170,00 €	3,69%
5	Fondo de Continxencia	350.000,00 €	0,84%
Total operacións correntes		**26.963.340,00 €**	**64,96%**
6	Investimentos reais	14.472.340,00 €	34,86%
7	Transferencias de capital	0,00 €	0,00%
8	Activos financeiros	36.000,00 €	0,09%
9	Pasivos financeiros	38.320,00 €	0,09%
Total operacións de capital		**14.546.660,00 €**	**35,04%**
TOTAL XERAL		**41.510.000,00 €**	



A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:FZMAHU36FZZBG547

B) ESTADO DE INGRESOS

Os conceptos de ingreso clasifícanse de conformidade coa estrutura que por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos recolle o anexo da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, que aproba a estrutura orzamentaria das Entidades Locais.

As previsións agrúpanse en operacións non financeiras (capítulos 1 a 7) e financeiras (recollidas estas nos capítulos 8 e 9 do orzamento). Ademais, as primeiras divídense entre operacións correntes (capítulos 1 a 5) e operacións de capital (capítulos 6 e 7).

As operacións correntes permiten dar cobertura aos gastos correntes e xerar o aforro neto que pasa a ser a fonte principal de financiamento que dentro do Sistema Europeo de Contas (SEC), permite manter o obxectivo do plan de estabilidade, que segundo establece o artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, entendese por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural.


Trátase dos tributos propios do Concello, que se clasifican en taxas, contribucións especiais e impostos, a participación nos tributos do Estado, os prezos públicos pola prestación de servizos, as subvencións tanto correntes como de capital, multas e sancións derivadas de actos de competencia propia, e demais prestacións de dereito público, así como ingresos procedentes do seu patrimonio e outros de dereito privado. Destínanse a financiar o gasto corrente do Concello así como parte do capítulo de investimentos.

As principais modificacións que se producen no estado de ingresos, en relación co orzamento do exercicio anterior, son a niveis de capítulos, as seguintes:

COMPARATIVA ORZAMENTO DE INGRESOS 2022/2023

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:FZMAHU36FZZBG547

Cap.	Concepto	Orzamento 2022	Orzamento 2023	% Variac.
1	Impostos Directos	11.145.000,00	11.195.000,00 €	0,45%
2	Impostos Indirectos	1.500.000,00	1.300.000,00 €	-13,33%
3	Taxas e Prezos Públicos	6.861.446,00	4.689.327,00 €	-31,66%
4	Transf. Correntes	11.350.080,00	12.478.920,00 €	9,95%
5	Ingr. Patrimoniais	294.060,00	272.000,00 €	-7,50%
6	Alleamento invest. Reais	0,00	0,00 €	0,00%
7	Transf. Capital	1.285.000,00	1.186.056,57 €	-7,70%
8	Activos Financeiros	36.000,00	919.108,77 €	2453,08%
9	Pasivos Financeiros	7.093.414,00	9.469.587,66 €	0,00%
TOTAL		**39.565.000,00**	**41.510.000,00 €**	**4,92%**



A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:FZMAHU36FZZBG547

Capítulo 1: Impostos directos

Son os ingresos correspondentes ao Imposto sobre Bens Inmobles (IBI), impostos sobre os Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) e imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (Plusvalías).

No caso deste último imposto, compre lembrar que a súa regulación sufriu unha importante modificación logo da entrada en vigor do Real Decreto Lei 26/2021, de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana. A previsión de ingreso para 2023 obtense da estimación realizada con motivo da modificación da ordenanza fiscal reguladora do dito imposto.

En termos xerais, confírmase a evolución dos ingresos durante os anos 2021 e 2022, de xeito que mantense as previsións de ingresos do ano anterior, cun lixeiro incremento do 0,45%.

Capítulo 2: Impostos indirectos

Son os que proceden da construción, instalación e execución de obras, que diminúe un 13,33% sobre os do exercicio anterior. Desde o ano 2021 estase a producir un importante aumento da actividade urbanística no Concello de Oleiros, que repercute nun incremento da recadación para as arcas municipais. Prevese que para o ano 2023 continúe este aumento, non obstante, tendo en conta a situación de económica actual do país e a incerteza que provoca nos mercados, óptase por realizar unha estimación en termos de prudencia.

Capítulo 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos

Este capítulo, no que se recollen as taxas, prezos públicos e outros ingresos, diminúe un 31,66%, debido fundamentalmente á redución da estimación de ingresos derivados da taxa pola subministración de auga potable, dado que desde o pasado 20/07/2022 o servizo de subministración de auga é realizado pola empresa municipal Aquaoleiros, a quen corresponde o ingreso pola prestación do servizo.

Inclúese neste capítulo a previsión de ingresos por cotas de urbanización para o financiamento das obras de execución do planeamento previstas no anexo de investimentos.

Capítulo 4: Transferencias correntes

Experimentan un incremento do 9,95%, principalmente pola actualización dos ingresos procedentes da Participación en Tributos do Estado

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:FZMAHU36FZZBG547

O presente proxecto de orzamento para 2023 ascende a 41.510.000,00 euros, tanto en ingresos como en gastos, polo que presentase inicialmente nivelado de conformidade coa Lei reguladora das facendas locais, texto refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

A estrutura de ingresos e gastos está adaptada á Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde Ministerial EHA/3565/2008 de 3 de decembro, que ten o seu fundamento xurídico no artigo 167.1 e disposición adicional 6ª do TRLRFL, RDL 2/2004 de 5 de marzo e concordantes.

A Lei Orgánica 2/2012 , de 27 de abril, esixe a disposición da información con unha maior correspondencia cos servizos definidos na lei reguladora das Bases de Réxime Local. Queda modificada a clasificación por programas, ordenando os créditos segundo súa finalidade e os obxectivos que se propoñan acadar en:

-Areas de gasto
-Políticas de gasto
-Grupos de programas
-Programas

Esta clasificación parte do principio da importancia das políticas a desenvolver polas distintas administracións e non da función que realiza o gasto, sendo de carácter obrigatorio e pechado (Orde HAP/419/2014)

A aplicación orzamentaria virá definida pola conxunción das clasificacións orgánica, por programas e económica, a nivel de grupo de programa e subconcepto.

A clasificación económica de gastos incorpora o "Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria", previsto no art.31 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira, no Capítulo V, "Fondo de Continxencia e outros imprevistos", Artigo 50 "Dotación ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria" e baixo o concepto 500

O estado de ingresos agrupa os créditos por capítulos, separando as operacións non financeiras (Operacións correntes: capítulos 1 a 5, e Operacións de capital: capítulos 6 e 7) das Operacións financeiras (capítulos 8 e 9).

Clasificacións económicas:

Clasificación económica dos gastos: desagregada en capítulo, artigo, concepto e subconcepto.

Clasificación económica dos ingresos: desagregada en capítulo, artigo, concepto e subconcepto.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXKA1ZJRFRGQXSG

No presente informe tratarase de expoñer a suficiencia dos créditos dotados para atender o cumprimento das obrigacións esixibles coñecidas e os gastos para o normal funcionamento dos servizos.

Os ingresos correntes acadan os **29.935.247,00** euros, e os gastos correntes **26.963.340,00** euros, producíndose un aforro bruto de 2.971.907,00 euros. Prevese amortización de débeda financeira no capítulo 9 de gastos por importe de 32.320,00, o aforro neto ascende a 2.933.587,00 euros.

Aínda que este tema será obxecto dun informe concreto, sinálase que nos termos das contas SEC 2010, inicialmente cumpre co obxectivo de estabilidade establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Conforme ao previsto polo artigo 168.1.e), expóñense de seguido, as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e a situación da débeda, estando xustificada esta nos anexos que conforman o orzamento.

PRIMEIRO- BASES EMPREGADAS PARA A AVALIACION DOS INGRESOS.

Os ingresos previstos por operacións correntes presentan a seguinte distribución por capítulos:

Cap 1 impostos directos	11.195.000,00 €
Cap 2 impostos indirectos	1.300.000,00 €
Cap 3 tasas e outros ingresos	4.689.327,00 €
Cap 4 transferencias correntes	12.478.920,00 €
Cap 5 ingresos patrimoniais	272.000,00 €
Total ingresos correntes	**29.935.247,00 €**

As previsións dos recursos por impostos, taxas, prezos públicos e ingresos patrimoniais están adaptadas a súa probable realización tomando a estes efectos como base, os estados da liquidación do Orzamento Xeral do Concello do exercicio 2021, o avance da liquidación a 30 de xuño de 2022, o crecemento da poboación do Concello, e as tendencias e estimacións realizadas pola TAE de Inspección fiscal.

Previsións por capítulos, seguindo a estrutura de ingresos recollida na OM EHA/3565/2008.

A) <u>CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS</u>

Importe 2023	Importe 2022	+/- variación	+/- % variación
11.195.000	11.145.000,00	+ 50.000,00	+ 0,45%

Este capítulo mantense practicamente igual que no exercicio anterior, cun lixeiro incremento 0,45%, e representa no seu conxunto o 26,97% do total de ingresos e o 37,40% dos ingresos correntes.

Análise por artigos:

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXKA1ZJRFRGQXSG

Artigo 11 "Impostos sobre o Capital". Recolle os ingresos polos impostos que gravan a titularidade dun patrimonio ou os incrementos de valor postos de manifesto na transmisión do mesmo, como son o imposto sobre bens inmobles tanto de natureza rústica como urbana, imposto sobre vehículos de tracción mecánica e o imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana. (IBI, IVTM, IVTNU).

Concepto	Importe previsión	Variación s/exerc. ant.
Impostos directos s/capital	10..745.000,00	0,47%

Por unha banda, en relación ao Imposto sobre Bens Inmobles urbana, minórase a previsión de 2022 en 50.000 euros, segundo a evolución dos dereitos recoñecidos do exercicio anterior e avance do corrente.

En canto ao Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, mantense a previsión de 2022 segundo a evolución dos dereitos recoñecidos en 2021 e 2022.

A previsión de ingreso do Imposto sobre o **incremento de valor dos terreos de natureza urbana** increméntase na cantidade de 100.000 euros, prevéndose 1.400.000 euros segundo o avance da liquidación do orzamento deste ano. Compre lembrar que a regulación deste imposto sufriu unha importante modificación logo da entrada en vigor do Real Decreto Lei 26/2021, de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana. A previsión de ingreso para 2023 obtense da estimación realizada con motivo da modificación da ordenanza fiscal reguladora do dito imposto. Ademais, cómpre sinalar que os ingresos que se deducen do avance da liquidación a 30/06/2022 non contemplan as transmisións declaradas polos suxeitos pasivos desde o 9 de novembro de 2021 (data de entrada en vigor do RD Lei 26/2021) ata o mes de maio de 2022, no que implantouse na sede electrónica do Concello o modelo de autoliquidación do imposto que deben presentar os interesados, polo que o importe final dos dereitos recoñecidos resulta superior ao indicado.

Artigo 13 "Impostos sobre as actividades económicas" (IAE) Son os derivados do exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas.

Concepto	Importe previsión	Variación s/exerc. ant.
Imp.direct. s/activ.econ.	450.000,00	0,00%

Mantense a previsión de 2022.

B) CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS

Ingresos derivados da realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra suxeita a licenza, conforme establece o Regulamento de disciplina urbanística.

Consígnanse no capítulo II do Estado de Ingresos a cantidade de 1.300.000,00 euros, en base ás liquidacións practicadas durante os anos 2021 e 2022. Se ben é certo que desde o ano 2021 estase a producir un importante aumento da actividade urbanística no Concello de Oleiros, que repercute nun incremento da recadación para as arcas municipais, a cal prevese que para o ano 2023 continúe este aumento, non obstante, tendo en conta a situación de económica actual do país e a

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXKA1ZJRFRGQXSG

incerteza que provoca nos mercados, óptase por realizar unha estimación en termos de prudencia.

A previsión de ingresos neste capítulo representa o 3,13% do total de ingresos, e o 4,34% dos ingresos correntes.

C) CAPITULO III.-TAXAS E OUTROS INGRESOS.

Séguese neste capítulo as liñas marcadas en exercicios anteriores, adaptando as previsións de ingresos por taxas, aproveitamentos especiais e recargo de prema.

Prevense ingresos por 4.689.327,00 euros que representan o 11,30 % do total de ingresos e o 15,66% dos ingresos por operacións correntes. En valores absolutos, prevese unha minoración de 2.172.119,00 euros, o que representa un 31,66% menos con respecto a 2022.

Esta minoración ven motivada fundamentalmente polas seguintes circunstancias:

- En primeiro lugar, pola redución da estimación de ingresos derivados da taxa pola subministración de auga potable, debido á prestación directa desde o 20/07/2022 do servizo a través da empresa municipal Aquaoleiros, S.A..
- En segundo lugar, pola inclusión tanto no orzamento de 2022 como de 2023, de ingresos por cotas de urbanización pola execución de obras de desenvolvemento urbanístico. Segundo a Orde que regula a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, neste capítulo 3 de Ingresos por taxas, prezos públicos e outros servizos inclúense tamén determinados ingresos que non teñen o carácter de corrente, estando afectados ao financiamento de investimentos de capital como son as contribucións especiais e as cotas de urbanización. Deste xeito, no 2022 prevíronse ingresos por cotas de urbanización por importe de 3.016.656,00 euros, e no 2023 por 1.707.727,00 euros.

A presión fiscal deste orzamento, é dicir, o que achega cada habitante ao orzamento xeral, determinando esta achega como o cociente entre as previsións de ingresos dos capítulos 1, 2 e 3 e o número de habitantes a 1 de xaneiro, acada os 461,36 euros fronte aos 528,93 euros do exercicio anterior, o que implica unha redución da presión fiscal do 12,77%.

Neste dato inflúe a previsión de ingresos por cotas de urbanización indicado anteriormente. A presión fiscal, de non terse en conta estes ingresos afectados a obras de urbanización nos orzamentos de 2023 e 2022, ascendería a 415,51,00 euros fronte aos 411,00 euros de 2022, o que implica un incremento do 1,10% respecto ao exercicio anterior.

A poboación do Concello (datos pendentes de validación polo INE), segundo información facilitada polo departamento de Estatística, a 1 de xaneiro de 2022 foi a seguinte:

Habitantes a 1 de xaneiro de 2022	37.247

D) CAPITULO IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES

Os ingresos por este capítulo sitúanse en 12.478,920,00 euros, o que supón un 41,69% do total de ingresos do orzamento, incrementándose un 9,95% respecto ao ano anterior.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXfKA1ZJRFRGQXSG

A participación nos tributos do Estado, con 9.660.000,00 de euros é o principal ingreso, seguido do Fondo de Cooperación Local con 1.200.000,00 euros. Entre ambos seguen sendo mais do 85% das transferencias correntes recibidas polo Concello.

Respecto ás transferencias correspondentes da Deputación Provincial, prevese a mesma achega da Deputación Provincial correspondente ao ano 2021 do Plan único aos Concellos, que destinarase ao financiamento de gastos correntes, así como as achegas para os programas que se sinalan a continuación:

Conc.	Descrición	Prev. 2023
46100	**Transferencias correntes da Deputación da Coruña**	**637.700,00**
	Programa da Limpeza de Praias	28.000,00
	Gastos persoal das Oficinas de Turismo	17.000,00
	Mantenemento e reforzo dos servizos de normalizacion Lingüística	15.000,00
	Rede Cultural da Deputacion	12.000,00
	Contratación de persoal Técnico-Deportivo	15.000,00
	Mantenemento Conservatorios,Escola de Música e Danza (Escola Música)	10.000,00
	Mantenemento Conservatorios,Escola de Música e Danza (Escola Danza)	10.000,00
	Plan Único POS+ 2020. Gasto Corrente.	450.000,00
	Festival de Artes escenicas na Rua	5.700,00
	Mantemento ou creación de postos persoal Técnico Cultural	10.000,00
	Contratacion Persola atención museos e centros intrepretación (Museo Kaydeda)	15.000,00
	Contratacion Persoal atencion Museos de Interpretación (Aulas do Mar)	10.000,00
	Contratación Persoal Animación Sociocultural	10.000,00
	Alfaroleiros	30.000
Total grupo de programa 46		**637.700,00**

En canto ás transferencias estimadas da Comunidade Autónoma corresponden a programas que xa veñen sendo subvencionados en exercicios anteriores e que teñen prevista a súa continuidade no exercicio 2023, principalmente o Plan concertado de Servizos sociais da Xunta de Galiza.

O detalle dos ingresos previstos correspondentes ás achegas da Xunta de Galicia é o seguinte:

Programa	Descrición	Prev. 2023
45000	Fondo de Cooperación local	1.200.000,00
45002	Plan Concertado Servicios Sociais	211.705,00
45003	Xestión de programas S.Sociais (SAD DEPENDTES)	560.000,00
45052	Transf.ctes. CC.AA. Subv.Tco Local de emprego	68.000,00
	Subvención Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.	18.000,00
	Subvención 2 Orientadoras profesionais	50.000,00
45080	Outras transferencias	14.000,00
	- Subvención para Funcionamento Xulgados de Paz	3.500,00

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXfKA1ZJRFRGQXSG

Programa	Descrición	Prev. 2023
	- Subvenc. para o mantemento do servizo de normalización lingüística	9.000,00
	- Convenio prevención de incendios	1.500,00
451	Subvención AGADIC	17.500,00
Total grupo de programa 45		**2.071.205,00**

E) CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS

Ingresos de natureza non tributaria procedentes de rendas da propiedade e do patrimonio municipal, e os derivados de actividades feitas en réxime de dereito privado.

Neste capítulo, as previsións acadan 272.000,00 euros e corresponden na maior parte as concesións administrativas de locais comercias e outros aproveitamentos especiais, as cales diminúen un 7,50% respecto ao ano anterior.

Esta variación derivase principalmente á minoración dos ingresos correspondentes ás naves do viveiro de empresas de Iñás, ao ir desaparecendo as bonificacións concedidas durante os tres primeiros anos do contrato para a creación de emprego.

A incidencia deste capítulo sobre os ingresos correntes pasa a ser do 0,91%, e o 0,66% do total de ingresos.

F) CAPITULO VI.-ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Para este exercicio non se prevé a venda das parcelas pertencentes ao Patrimonio Municipal do Solo. Considérase máis prudente non incluír no orzamento estes gastos ata que o Concello, logo da tramitación do procedemento legalmente establecido, adxudique o alleamento das súas parcelas patrimoniais. Será nese intre cando se proceda a modificar o orzamento para executar investimentos ata o límite dos ingresos obtidos pola venda de solo.

G) CAPITULO VII.-TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

As transferencias de capital son ingresos de natureza non tributaria percibidos sen contraprestación directa e destinados na súa totalidade a financiar operacións de capital.

Neste capítulo, estímanse para este orzamento ingresos por 1.186.056,57 euros, que supoñen a financiación do 8,20% do capítulo 6 de gastos "investimentos reais".

Neste capítulo recóllense as achegas da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao POS+ 2022 (adicional nº 1) e outras subvencións nominativas para investimentos.

Ao igual que no ano 2022, non se inclúe a achega da Deputación derivada do POS+ 2023, dado que aínda non se coñece o seu importe. Por este motivo, logo da concesión da dita axuda, procederase a xerar crédito no orzamento.

En base ao anterior, os ingresos por transferencia de capital diminúen un 7,70% con relación ao exercicio 2022.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXKA1ZJRFRGQXSG

Estes ingresos representan un 3,00 % dos totais do orzamento para 2022.

H) CAPITULO VIII.-ACTIVOS FINANCEIROS

Ingresos derivados da xestión ou venda de activos financeiros. Como en exercicios anteriores, no concepto 830.00 "*Reintegro de préstamos a c/p*" consígnanse 36.000,00 euros.

Este concepto está vinculado á partida de gastos 50.221.830. Recolle os ingresos procedentes dos reintegros polos anticipos de retribucións ou préstamos persoais concedidos aos traballadores e traballadoras do Concello.

Dentro deste capítulo inclúese ademais unha previsión de remanente de tesouraría para gastos con financiamento afectado por importe de 883.108,77 euros, derivado dos proxectos de gasto que se sinalan a continuación, os cales están financiados con ingresos por alleamento de solo correspondente a parcelas adxudicadas en 2022 y cuio dereito foi recoñecidos no orzamento dese ano:

Aplicac.	Descrición	Importe prox. 2023	Aforro neto	RTGFA (Venta PMS 2022)
60.1531.61900	**OOPP Acceso Nuc.Pob. inv.reposic.Inf. e Bens u.x.**			
	Apertura De Rúa Loural	143.199,08 €		143.199,08 €
60.161.61900	**OOPP Abastecemento e distr. auga. Inv Repos: Infraestruc. e bux**			
	Renovación tramo abastecemento auga en Curros Enríquez entre paseo da Lagoa e urbanización Pía de Maianca	198.363,90 €		198.363,90 €
60.165.61900	**OOPP Alumeado Público. Inv. Rep: Infraest. e BUX.**			
	Instalación de alumeado público entre a urbanización Lamastelle e a rotonda das Pedreiras	63.993,42 €	27,22 €	63.966,20 €
60.171.60900	**OOPP Parques e xardíns. Inv. novo: Inf. e Bens u.x.**			
	Acondicionamento do entorno das antigas vivendas sitas na rúa Bastiagueiro pequeno, 16, 18 e 20, enclavadas no novo parque ''As Trece Rosas''	256.710,00 €	0,04 €	256.709,96 €
60.342.62200	**OOPP Ed.física e Dep. Inv.Nova Edificios e out.construccións**			
	Construcción de área de deporte urbano-parkour e ampliación da pista de skate en Bastiagueiro	120.660,00 €	7,23 €	120.652,77 €
60.342.63200	**OOPP Ed.física e Dep. Inst. dep. Inv.rep.edif. e constr**			
	Ampliación e remodelación patio exterior no colexio CEIP Rabadeira	32.020,00 €	4,17 €	32.015,83 €
60.933.632	**OOPP Xestión do patrimonio. Inv. Rep.: Edif. e outras construc.**			
	Mellora da eficiencia enerxética na escola infantil A Pardela (Os Regos)	68.201,03 €		68.201,03 €
Total	**Capítulo de Investimentos 2023 financiados con RTGFA**	**883.147,43**	**38,66**	**883.108,77**

I) CAPITULO IX. PASIVOS FINANCEIROS. PRESTAMOS RECIBIDOS DO EXTERIOR

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXKA1ZJRFRGQXSG

No proxecto de orzamento de 2023 prevese o ingreso derivado dunha operación de endebedamento a longo prazo por importe de 9.469.587,66 euros, para o financiamento do anexo de investimentos.

A este respecto, cómpre sinalar que, logo da suspensión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023, aprobada polo congreso dos Deputados na sesión do 22/09/2022, preténdese substituír o recurso ao endebedamento polo remanente de tesouraría derivado la liquidación do actual orzamento, a través da correspondente modificación orzamentaria que aprobarase durante a execución do orzamento. Así mesmo, reducirase o dito endebedamento no caso de que se proceda ao alleamento de parcelas patrimoniais.

SEGUNDO.- SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER AO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESIXIBLES E OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS.

A. CAPITULO I : GASTOS DE PERSOAL

Clasificac. económica de gastos agrupados por artigos-capítulo 1

Artigo	Descrición	Concello
10	Altos cargos	470.630,00
11	Persoal eventual de gabinetes	187.170,00
12	Persoal funcionario	4.503.630,00
13	Persoal laboral	3.661.780,00
14	Outro persoal	12.000,00
15	Incentivos o rendemento	121.600,00
16	Prestacións e gastos sociais a c/empresa	2.983.090,00
TOTAL		**11.939.900,00**

Clasificación dos gastos agrupados por políticas de gasto. Capítulo 1

Código	Política de gasto	Consignación
13	Seguridade e mobilidade cidadá	2.863.190,00
15	Vivenda e urbanismo	635.760,00
17	Medio ambiente	2.000.690,00
22	Outras prestacións económicas a empregados	137.090,00
23	Servizos sociais e promoción social	584.020,00
24	Fomento do emprego	448.580,00
32	Ensino	251.110,00
33	Cultura	930.880,00
34	Deporte	94.410,00
43	Comercio e turismo	66.720,00
49	Out. actuacións de carácter económico	71.850,00
91	Órganos de Goberno	863.980,00
92	Servizos de carácter xeral	1.992.090,00
93	Admón financeira e tributaria	1.066.530,00
TOTAL		**11.939.900,00**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXKA1ZJRFRGQXSG

Previsión de gastos salariais para o 2023

Os anexos incorporados no documento orzamentario, segundo dispón o artigo 168.1.c) do RDL 2/2004 de 5 de marzo, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, recollen o gasto de persoal para o 2023, e foron elaborados polo departamento de Recursos Humanos, tendo en conta a relación de postos de traballo aprobada polo Pleno do Concello o 29/11/2018 e modificacións posteriores, e tendo en conta as modificacións do cadro de persoal e da RPT que se sinalan no dito informe.

O artigo 93 da Lei 7/1985 dispón que os funcionarios da Administración Local só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, polo que a contía de súas retribucións básicas será a fixada na Lei de presupostos xerais do Estado para cada ano.

Corresponde ao Pleno determinar no presuposto a contía global destinada a asignación de complemento de produtividade.

Contémplase un incremento das retribucións dos empregados públicos, cargos electos e persoal eventual do 4% respecto das previstas no orzamento de 2022, segundo a seguinte desagregación:

- Un 1,5% aprobado con efectos do 01/01/2022 polo Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público

- Un 2,5% acordado pola Mesa Xeral de Negociación da Función Pública, o cal incluirase no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023. Este acordo contempla ademais un incremento adicional de ata o 1%, en función de variables vinculadas ao IPC e ao PIB nominal, que de ser o caso poderán asumirse con cargo ao Fondo de continxencia previsto no capítulo 5 do orzamento de gastos.

Tal e como indica a técnica de RRHH, este incremento queda supeditado á aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2023, na que se aprobe o incremento das retribucións do persoal para este ano.

En canto aos créditos destinados a complemento específico, complemento de produtividade, gratificacións e, no seu caso, complementos persoais transitorios, o artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos Funcionarios da Administración Local, sinala que estes serán os que resulten de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída la referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.

A cantidade resultante destinarase:

a. Ate un máximo do 75 % para complemento específico.
b. Ate un máximo do 30 % para complemento de produtividade.
c. Ate un máximo do 10 % para gratificaciones.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXKA1ZJRFRGQXSG

Tal e como informa a Técnica de Recursos Humanos, "non se cumpre o límite fixado en relación ás cantidades destinadas para complemento específico".

En este capítulo, o total de gastos previstos e de 11.939.900,00 euros, o que supón unha variación sobre o orzamento de 2022 do 8,18%, e representa o 28,76% do gasto total e o 44,28% do gasto corrente.

B. CAPITULO II DO ESTADO DE GASTOS: GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

Os gastos previstos en este capítulo ascenden a 13.085.490,00 euros, que representan o 31,52% do total do orzamento de gastos e o 48,63 % dos gastos correntes).

Art.	Descrición	Importe 2023	Importe 2022	% Variac.
20	Alugueres	60.260,00	58.360,00	3,26%
21	Reparacións, mantmto e conservación	1.679.050,00	1.499.120,00	12,00%
22	Materiais, subministro e outros	11.250.820,00	11.630.950,00	- 3,27%
23	Indemnizacións por razón do servicio	95.360,00	68.440,00	39,33%
Total		**13.085.490,00**	**13.256.870,00**	**- 1,29%**

Esta diminución do 1,29 % derívase principalmente na redución do gasto do servizo de abastecemento de auga potable, debido á prestación directa desde o 20/07/2022 do servizo a través da empresa municipal Aquaoleiros, S.A.

Contémplase ademais incrementos na maior parte dos contratos de prestación de servizos e subministración que ten actualmente o Concello, polo aumento dos custos dos materiais, combustibles, enerxía e eléctrica e man de obra, como consecuencia da situación económica xeral do país.

Prevense igualmente incremento de gasto pola ampliación do servizo de limpeza de praias na tempada estival, e a incorporación de novas zonas aos contratos de limpeza viaria e mantemento de zonas verdes.

Ademais, é de destacar o aumento do gasto derivados nas axudas reguladas no regulamento de medidas para a inclusión social, especialmente no destinado a bonos de alimentos ás familias máis necesitadas.

A distribución destes gastos seguindo as diferentes políticas de gasto que se estableceron polo Concello, é a seguinte:

Codigo	Política de gasto	Consignación
13	Seguridade e mobilidade cidadá	429.960,00
15	Vivenda e urbanismo	227.600,00
16	Benestar comunitario	2.180.590,00
17	Medio ambiente	2.512.000,00
22	Outras prest.econom. a empregados	25.000,00
23	Servizos sociais e promoción social	2.101.210,00
24	Fomento do emprego	66.370,00

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXKA1ZJRFRGQXSG

Codigo	Política de gasto	Consignación
31	Sanidade	11.500,00
32	Ensino	1.614.220,00
33	Cultura	918.870,00
34	Deporte	638.350,00
43	Comercio ,turismo e Pemes	78.000,00
49	Out. actuacións de carácter económico	340.750,00
91	Órganos de goberno	48.300,00
92	Servizos de carácter xeral	1.758.990,00
93	Admón financeira e tributaria	133.780,00
Total		**13.085.490,00**

O maior importe do gasto corrente segue a ser destinado aos servizos de Medio ambiente (que representan o 19,20% do gasto do capítulo 2), seguido de Benestar Comunitario (16,66%), servizos sociais e promoción social (16,06%,) ensino (12,34%), cultura (7,02%) e deportes (4,88%).

A aplicación de medidas de control da eficiencia e eficacia do gasto son imprescindibles para mellorar a súa xestión, potenciar a inspección fiscal e o autofinanciamento de aqueles servizos que non sendo básicos seguen a ser deficitarios, e un obxectivo fundamental para a súa sustentabilidade.

C. CAPITULO III: GASTOS FINANCEIROS

Dotación para facer fronte os intereses e demais gastos derivados das operacións financeiras e débedas contraídas polo Concello.

O Concello de Oleiros, a 31 de decembro do 20, tiña unha débeda viva por importe de 838.135,20 euros (Débeda a l/p, carecendo de débeda a c/p), sendo cero, os intereses a pagar neste exercicio, debido a que os créditos concertados son a interese cero.

Contempla os posibles xuros de demora derivados do pagamento de expropiacións e da devolución de ingresos indebidos, que diminúen un 41,18% respecto ao exercicio anterior.

Pola contra, increméntase como medida de prudencia a aplicación destinada ao pagamento de comisións pola disposición de saldos en contas bancarias, aínda que é probable non cheguen a abonarse debido aos recentes cambios que se están a producir nos mercados financeiros.

Acádanse neste capítulo 56.780,00 euros, o que implica un incremento do 57,72%.

D. CAPITULO IV DO ESTADO DE GASTOS: TRANSFERENCIAS CORRENTES

Corresponde aos créditos achegados polo Concello sen contrapartida directa dos axentes preceptores e co obxectivo final de financiar operacións correntes. Inclúense subvencións en especie para a súa entrega aos beneficiarios dunha subvención previamente concedida, distinguíndose por subconceptos as transferencias segundo o destinatario das mesmas

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXKA1ZJRFRGQXSG

No proxecto de orzamento para 2023 dótanse para este fin 1.531.170,00 euros, un 2,10% mais que no exercicio anterior, derivado principalmente do incremento das axudas destinadas a entidades deportivas.

A distribución destes créditos por artigos en función do axente perceptor é o seguinte:

Art.	Denominación	Consignación
42	A Administración do Estado	1.000,00
45	A Comunidade Autónoma	599.000,00
46	A entidades locais	185.060,00
47	A empresas privadas	7.000,00
48	A familias e institucións sen fins de lucro	739.110,00
	Total	**1.531.170,00**

Atendendo ao seu importe, salientamos as seguintes:

Org.	Progr.	Econ.	Descrición	Créd. Inicial
70	231	45100	Asistencia Social. Transf.CCAA	379.000,00 €
30	4412	45000	Transporte público: Promoción e mtmto . CCAA	220.000,00 €
70	231	48000	Asistencia Social. Atenc. Benéficas	181.000,00 €
82	3260	48905	Ensino.Serv.complem. Transf.cte APAS colexios	138.000,00 €
81	341	48903	Deportes Prom.e fom. Transf.Ent.Deportivas	130.000,00 €
70	231	46600	Asist.Social.Transf. ctes. a entid. agr. munic.	92.000,00 €
72	311	46600	Sanidade. Transf. Ent.agrup.munic.	78.000,00 €
82	3260	48900	Ensino.Serv.complem. Transf. comed. escol.	53.000,00 €
51	929	48900	Funcións non clasificadas: Fondo Munic.de Coop.	50.000,00 €
80	3340	48900	Cultura. Prom.Cult.Outras transf.a entidades	48.000,00 €
70	231	48003	Asist. Social. Comedores escolares	35.000,00 €
20	912	48901	Org. Goberno. Subv.Func.Grupos Políticos	35.000,00 €
81	341	48901	Deportes.Prom e form. Out.transf a entid s/f lucro	22.000,00 €

E. CAPÍTULO V. FONDO DE CONTINXENCIA

De conformidade co establecido no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, inclúese na aplicación 10.929.50000 do Orzamento Municipal, unha dotación en concepto de Fondo de continxencia de execución orzamentaria por importe de 350.000 €, para operacións non financeiras, que se destinará, cando proceda, a atender necesidades inaprazables de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, que podan presentarse ao longo do exercicio.

No caso de ser necesario, parte desta cantidade podería destinarse ao pagamento do incremento adicional das retribucións dos funcionarios públicos de ata o 1%, que queda vinculado á evolución do IPC e do PIB nominal, tal e como recolle o acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da Función Pública, que incluirase no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXKA1ZJRFRGQXSG

A súa regulación recóllese no artigo 4.8 das Bases de execución do orzamento.

F. CAPITULO VI DO ESTADO DE GASTOS: INVESTIMENTOS REAIS.

Ascende o orzamento de investimentos a 14.472.340,00 euros, o que supón incremento do 8,41% sobre a dotación realizada no exercicio anterior.

Este incremento do capítulo de investimentos ven motivada por dúas causas:

- En primeiro lugar, pola eliminación das regras fiscais aprobada por acordo do congreso dos Deputados de 22/09/2022, polo que se suspenden os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023.

  En base a isto, o proxecto de orzamento de 2023 contempla diversos investimentos financiados inicialmente con endebedamento que, posteriormente, durante a execución do orzamento, vaise substituír polo remanente de tesouraría derivado la liquidación do actual orzamento, a través da correspondente modificación orzamentaria.

- En segundo lugar, polo mantemento do criterio de orzamentación dos gastos de investimento establecido no derradeiros anos, consistente en non prever gastos financiados con ingresos derivados do alleamento de parcelas do patrimonio municipal do solo, polo que será no momento da adxudicación do alleamento das súas parcelas patrimoniais cando se proceda a modificar o orzamento para executar novos investimentos ou ben destinalos a substituír os ingresos previstos por endebedamento.

Tal e como indicouse anteriormente, inclúense achegas da Deputación, correspondente ao POS + 2022 (adicional nº 1), así como a concesión doutras subvencións nominativas para o financiamento de investimentos.

A) Distribución dos investimentos a realizar polo Concello:

Por áreas de goberno:

Código	Area de goberno	Consignación
10	Presidencia	62.000,00
31	Interior, seguridade Cidadá	174.020,00
33	Novas tecnoloxías da información	388.000,00
41	Urbanismo: planeamento	1.997.120,00
60	Obras públicas	11.096.200,00
61	Servizos municipais	505.000,00
62	Parques e xardíns	115.000,00
80	Cultura e normalización ling.	74.000,00
81	Deportes, formación e meprego, turismo e promoc. Económica	50.000,00
82	Ensino e xuventude	11.000,00
TOTAL		**14.472.340,00**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXfKA1ZJRFRGQXSG

Por grupos de programas:

Cód.	Grupo de programa	Consignación
132	Seguridad y O.Público	33.420,00
133	Ordeación do tráfico e estacionamento	10.000,00
134	Mobilidade Urbana	48.000,00
136	Spei. Extinc.inc. y salv.	140.600,00
151	Urbanismo	1.997.120,00
153	Vías públicas	4.559.884,13
160	Sumidoiros	703.880,00
161	Abastecmto e distrib. Auga potable	573.621,76,00
165	Alumeado público	833.993,42
170	Administracion xeral do medio ambente	175.000
171	Parques e xardíns	481.710,00
241	Fomento do emprego	35.000,00
323	Funcionmto c.doc. Preescolar e primaria	40.000,00
326	Serv. Complementarios de educacion	5.000,00
332	Bibliotecas	44.000,00
333	Museos e artes plásticas	18.000,00
334	Promoción cultural	12.000,00
337	Inst. Ocupacion do tempo libre	36.000,00
342	Instalacións deportivas	409.680,00
432	Información e promoción turística	3.000,00
492	Xestion do coñecemento	388.000,00
920	Administración xeral	182.000,00
933	Xestión do patrimonio	3.742.430,69,00
Total		**14.472.340,00**

B) Fontes de financiamento:

Financian o capítulo de investimentos os seguintes recursos, xa tratados nos seus respectivos apartados:

Fonte de financiamento	Importe	% s/total
Alleamento de PMS	- €	0,00%
Préstamo	9.469.587,66 €	65,43%
Transferencias de AAPP	1.186.056,57 €	8,20%
Cotas de urbanización e contribucóns especiais	1.778.120,00 €	12,29%
Remanente de tesouraría para gastos con financiamento afectado (alleamento de solo de 2022)	883.108,77 €	6,10%
Aforro neto	1.155.467,00 €	7,98%
Total	**14.472.340,00 €**	

G. CAPITULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS

Concesión de préstamos a curto prazo.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXKA1ZJRFRGQXSG

Capítulo dedicado aos anticipos de pagas ao persoal e que esta afectado ao concepto de ingresos 830.00 (reintegros)

Mantense unha previsión para o exercicio por importe de 36.000,00 euros

H. PASIVOS FINANCEIROS

Gasto destinado a amortización de débeda.

Dótase crédito neste exercicio para a amortización do préstamo vixentes concedidos pola deputación provincial da Coruña dentro do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015.

Tal e como se comentou anteriormente, non se prevé que se formalice o préstamo previsto no estado de ingresos do orzamento de 2023, dado que se pretende substituír polo remanente de tesouraría derivado da liquidación do orzamento de 2022.

TERCEIRO.- CRITERIOS XERAIS DE XESTIÓN

As disposicións municipais regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e convenios de colaboración ou calquera outra actuación que afecte a gastos ou ingresos municipais presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos nos mesmos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O artigo 3 da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira sinala que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei, realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Non obstante, sinalar que o congreso dos Deputados, na sesión de 22/09/2022, seguindo a comunicación do acordo do Consello de Ministros de 26/07/2022, apreciou que segue a darse a situación de emerxencia extraordinaria que prexudica considerablemente a situación financeira ou a sustentabilidade económica ou social do Estado, o cal permite a suspensión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023.

A vista da análise realizada sobre os estados de gastos e ingresos que compoñen o proxecto de orzamento para o exercicio de 2023 e en consecuencia coas previsións anteriormente expresadas, acádase a efectiva nivelación do orzamento á que fai referencia o art.165.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, non presentando este déficit inicial.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo xefe do servizo de política económica e fiscal, Jacobo Molina Sáenz.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MLXfKA1ZJRFRGQXSG

Asunto: Orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2023

Vicente J. Calvo del Castillo, Interventor do Concello de Oleiros, en exercicio das funcións contidas no artigo 4.1.b), apartado 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e de conformidade co artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, emite o seguinte

INFORME:

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Artigos 162 a 171 e 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Artigos 2 a 16 e 18 a 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei 39/88, reguladora das facendas locais.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.
- Regras 54 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Artigos 22.2, 90, 93, 104 e 112 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 861/86, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, modificado por Real Decreto 158/96, de 2 de febreiro.
- Artigos 126, 153 a 157 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, de 28 de setembro.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Proxecto de Orzamentos xerais do Estado para o 2023
- Acordo do congreso dos Deputados de 22/09/2022, polo que se suspenden os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, pola que se aproba o texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

INFORME DE CONTROL FINANCEIRO PERMANENTE DO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL

En cumprimento do establecido nos artigos 168.4 e 213 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 18.4. do RD 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da precitada Lei, artigo 4.1.b) 2º do RD 424/2017 e artigo 32 do RD 424/2017, procédese por parte desta Intervención á emisión do informe de control financeiro permanente do expediente do Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2023.

Examinado o contido do precitado expediente e a documentación complementaria, ponse de manifesto o que segue:

1. O proxecto de orzamento xeral recolle ás previsións de gastos e ingresos do Concello de Oleiros para o exercicio 2023.

Non se inclúe o correspondente ao Consorcio As Mariñas, tal e como esixía a Disposición Adicional 20ª da Lei 30/1992, introducida pola Disposición Final 2ª da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local, que suxeitaba os consorcios administrativos ao réxime orzamentario, contabilidade e control da Administración pública á que estean adscritos, e co fin de aumentar a transparencia sobre as contas das Administracións públicas, establece que os consorcios deben formar parte dos orzamentos e incluírse na conta xeral da Administración territorial á que estean adscritos, esixencias que hoxe se regulan do mesmo xeito no artigo 122 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

A este respecto cómpre lembrar que, a pesar de que o Consorcio As Mariñas non aprobou a modificación dos seus estatutos, a Intervención Xeral do Estado, en aplicación do artigo 3.1 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, clasificou ao Consorcio As Mariñas como ente adscrito ao Concello de Oleiros, tal e como consta no Inventario de Entes do Sector Público Local e na Base de Datos Xeral das Entidades Locais**.** A dita adscrición ao Concello de Oleiros realízase por ser esta a administración que cumpre cos criterios de prioridade establecidos na disposición adicional 20ª da Lei 30/1992, hoxe artigo 120.2.h) da Lei 40/2015, ao ter o maior número de habitantes dos entes consorciados.

Non obstante, os estatutos do Consorcio, aínda sen adaptar á nova normativa, establecen que a competencia para a aprobación do orzamento corresponde ao Pleno do Consorcio, polo que considérase a adopción deste acordo como requisito previo á incorporación do orzamento do consorcio ao propio do Concello de Oleiros.

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

Por outra banda, inclúese o estado de previsión de ingresos e gastos para o ano 2023 da empresa de capital 100% municipal, Aquaoleiros, S.A., previsto no artigo 164.1. do Real decreto lexislativo 2/2004, e artigo 5 do Real decreto 500/1990.

2. O Proxecto do Orzamento contén os documentos establecidos nos artigos 165 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLFL), de tal xeito que o orzamento da propia Entidade ten un estado de gastos e ingresos que ascende a cantidade de 41.510.000,00 euros.

O dito orzamento preséntase equilibrado en termos formais no senso de que a totalidade dos ingresos é igual á totalidade dos gastos, presentándose polo tanto **sen déficit contable inicial**, cumprindo así o preceptuado no artigo 165.4 do TRLRFL.

3. Preséntase correctamente a **documentación anexa** contemplada no apartado d) do artigo 166.1 do TRLFL, por canto que figura o estado detallado de previsión e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de endebedamento pendentes de reembolso a 1 de xaneiro de 2022 xunto co ratio da débeda viva do Concello de Oleiros.

4. A **estrutura orzamentaria** axustase con carácter xeral ao establecido na Orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

5. En relación coas **Bases de Execución do Orzamento**, podemos afirmar que conteñen as adaptacións das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias propias do Concello de Oleiros, asemade daquelas necesarias para unha adecuada e correcta xestión durante o exercicio económico do ano 2023.

6. Obsérvase, que na elaboración do orzamento tivéronse en conta as previsións legais aplicables, de tal xeito que, tal e como se dispón no informe económico financeiro, acádase a **efectiva nivelación do orzamento** dado que consígnanse as estimacións de ingresos suficientes para atender ás previsións de gastos.

Non obstante, esta intervención entende que é necesario facer as seguintes consideracións:

A) En relación ao **ESTADO DE GASTOS**,

A.1 No **capítulo 1 de gastos de persoal**,

As estimacións deste capítulo foron realizadas sobre a base ao cadro de persoal remitido polo departamento de persoal, e de acordo á relación de postos de traballo aprobada polo Pleno do Concello o 29/11/2018, que entrou en vigor con efectos 1 de decembro de 2018, así como as modificacións aprobadas con posterioridade.

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

Contémplase un incremento das retribucións dos empregados públicos, cargos electos e persoal eventual do 4% respecto das previstas no orzamento de 2022, segundo a seguinte desagregación:

- Un 1,5% aprobado con efectos do 01/01/2022 polo Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público

- Un 2,5% acordado pola Mesa Xeral de Negociación da Función Pública, o cal incluirase no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023. Este acordo contempla ademais un incremento adicional de ata o 1%, en función de variables vinculadas ao IPC e ao PIB nominal, que de ser o caso poderán asumirse con cargo ao Fondo de continxencia previsto no capítulo 5 do orzamento de gastos.

Tal e como indica a técnica de RRHH, este incremento queda supeditado á aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2023.

Por outra banda, compre ter en conta o artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos Funcionarios da Administración Local, que sinala que os **créditos destinados a complemento específico, complemento de produtividade, gratificacións** e, no seu caso, complementos persoais transitorios, serán os que resulten de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída la referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.

A cantidade resultante destinarase:

a. Ata un máximo do 75 % para complemento específico.
b. Ata un máximo do 30 % para complemento de produtividade.
c. Ata un máximo do 10 % para gratificacións.

Neste senso, sinalar que tal e como informa a Técnica de Recursos Humanos, "non se cumpre o límite fixado en relación ás cantidades destinadas para complemento específico".

Respecto ao cadro de persoal, e segundo o citado informe, incorporación de todas as prazas que son obxecto de consolidación e estabilización do emprego previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e que foron incluídas na oferta de emprego público extraordinaria aprobada mediante resolución da 2ª tenente de alcalde delegada de Recursos Humanos.

Así mesmo, créanse diversas prazas para cubrir as necesidades existentes no servizo municipal de emerxencias e protección civil, museos, turismo, e incorpóranse como persoal laboral unha praza de educador social e unha de traballador social financiadas polo Plan concertado da Xunta de Galicia.

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

E mantéñense, ao igual que en anos anteriores, tanto o número de efectivos como a duración da contratación de persoal temporal de reforzo da policía no período estival, os servizos de mantemento do medio ambiente e socorrismo, e de limpeza de praias.

A.2 No **capítulo 2 de gastos en bens correntes ou servizos**, consignáronse as cantidades necesarias para facer fronte ao longo do exercicio ás obrigas derivadas dos distintos contratos de servizos, subministracións, mantemento, asistencias etc.

En relación á posibilidade de incorporar os remanentes de crédito existentes a 31 de decembro de 2022 con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, ou pola contra á necesidade de imputar os correspondentes gastos aos créditos iniciais do orzamento de 2023, cómpre ter en conta o acordo do congreso dos Deputados de 22/09/2022, suspéndense os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023.

A.3 En relación aos gastos do **capítulo 6 de investimentos,** debe terse presente o disposto no artigo 173.6 do TRLFL, por canto "a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios quedará condicionada en todo caso, á existencia de documentos fehacientes que acrediten compromisos firmes de achega, no caso de axudas, subvencións, doazóns ou outras formas de cesión de recursos por terceiros tidos en contas nas previsións iniciais do orzamento a efecto da súa nivelación e ata o importe previsto nos estados de ingresos en orde á afectación dos ditos recursos na forma prevista pola Lei ou, no seu caso, ás finalidades específicas das achegas a realizar".

B.- En relación ás **PREVISIÓNS DE INGRESOS.**

B.1. As previsións polos distintos conceptos incluídos nos capítulos 1 de "Impostos directos", 2 de "impostos indirectos" e 3 de "taxas e outros ingresos" responden correctamente á tendencia xeneralizada dos derradeiros anos. Ademais, axústanse ás estimacións realizadas pola TAE de Inspección fiscal.

Non obstante, non debemos esquecer que se trata de meras previsións que finalmente poden cumprirse ou non, polo que é necesario realizar un control dos ingresos que efectivamente se recoñecen ao longo do exercicio, para que, no caso de que estes non acadasen as correspondentes previsións orzamentarias, poidan adoptarse as medidas de diminución dos gastos necesarias para evitar liquidar o orzamento con déficit. Esta obriga ven establecida polo artigo 18 da LOEPSF sinala que "as Administracións Públicas farán un seguimento dos datos da execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que ao peche do exercicio non se incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria", se ben para o ano 2023 está suspendida a regra da estabilidade, como púxose de manifesto anteriormente.

B.2 Respecto dos ingresos do **capítulo 4** por transferencias correntes, reiterar que faise preciso realizar durante a execución do orzamento un control rigoroso da execución real destes ingresos, para que, no caso de que estas previsións non se cumpran, se poida axustar a execución do gasto corrente na contía necesaria para evitar déficits, e dar

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

cumprimento ao establecido no artigo 18 da LOEPSF, se ben para os anos 2023 está suspendida a regra da estabilidade.

B.3 En canto aos ingresos que financian o **capítulo 6 de investimentos**, cun importe de 14.472.340,00 euros para este ano, a distribución é a que segue: 7,98% con aforro neto, 65,43% mediante endebedamento, 8,20% con subvencións do Estado, Xunta e Deputación, 6,10% co remanente de tesouraría afectado derivado do alleamento de parcelas do PMS durante o ano 2022, e o 12,29% mediante cotas de urbanización e contribucións especiais.

En relación ao endebedamento, cómpre sinalar que, logo da suspensión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023, aprobada polo congreso dos Deputados na sesión do 22/09/2022, preténdese substituír o financiamento mediante préstamos polo remanente de tesouraría que se derivade la liquidación do orzamento de 2022 ou ben polos ingresos derivados do alleamento de parcelas do PMS durante o ano 2023, a través da correspondente modificación orzamentaria que aprobarase durante a execución do orzamento de 2023.

En relación aos ingresos afectados, recordar novamente que no caso de axudas e subvencións, a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios quedará condicionada á existencia de documentos fehacientes que acrediten compromisos firmes de achega, tal e como prescribe o artigo 173.6 do TRLFL.

7.- O Pleno do Congreso dos Deputados, na sesión de 22/09/2022, apreciou que España está sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria ao efectos previstos nos artigos 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o cal permite a suspensión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023. Polo tanto, o Concello non está sometido durante o exercicio 2023 ao cumprimento **dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto** previstos na lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

8. As previsións de ingresos e gastos do proxecto de orzamento de 2023 son **conformes ao marco orzamentario para o período 2023-2025** aprobado mediante Decreto da Alcaldía número 2022004686, de 3 de outubro, e as **liñas fundamentais** para súa elaboración aprobadas por decreto da alcaldía 2022004688, de 4 de outubro, unicamente con incrementos do capítulo 6 de gastos (investimentos reais) e 9 de ingresos (pasivos financeiros) para o financiamento do anexo de investimentos mediante endebedamento.

9. Incúmprese o prazo legalmente establecido para a formulación do citado documento orzamentario que tiña que ser elevado ao Pleno do Concello para a súa aprobación, emenda ou devolución, antes do 15 de outubro do exercicio 2022, segundo o disposto polo artigo 168.4 do citado RDL 2/2004.

10. Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral, exporase o público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

O Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións, en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O que informo aos efectos oportunos.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo interventor, Vicente J. Calvo del Castillo.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

EXPEDIENTE DE TRAMITACIÓN

OUTROS DOCUMENTOS

- Proposta da Alcaldía de aprobación
- Informe de intervención
- Informe de cumprimento obxectivos da LEP

CONCELLO DE
OLEIROS

Proposta ao Pleno da Corporación

Asunto: Aprobación inicial do Orzamento xeral do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2023

Ángel García Seoane, alcalde do Concello de Oleiros, propoño ao Pleno da Corporación que, previo o ditame da Comisión informativa que corresponda, adopte o seguinte acordo:

1.- Pola alcaldía da Corporación se teñen redactados os orzamentos xerais da Corporación municipal para o exercicio do 2023, en cumprimento do que dispón o artigo 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

2.- Procede polo tanto aprobar de xeito inicial os orzamentos xerais de acordo co que dispón o artigo 168 do TRLRFL citado.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que lle outorgan as normas en vigor, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar de xeito inicial o orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio do 2023, as bases de execución e o respectivo cadro de persoal, así como o resto dos documentos anexos, que ten o seguinte resumo por capítulos:

Estado de gastos			**Estado de ingresos**		
Cap.	**Descrición**	**Total**	**Capítulo**	**Descrición**	**Total**
1	Gastos de persoal	11.939.900,00 €	1	Impostos directos	11.195.000,00 €
2	Gastos en bens correntes e servicios	13.085.490,00 €	2	Impostos indirectos	1.300.000,00 €
3	Gastos financeiros	56.780,00 €	3	Taxas e outros ingresos	4.689.327,00 €
4	Transferencias correntes	1.531.170,00 €	4	Transferencias correntes	12.478.920,00 €
5	Fondo de Continxencia	350.000,00 €	5	Ingresos patrimoniais	272.000,00 €
Total operacións correntes		**26.963.340,00 €**	**Total operacións correntes**		**29.935.247,00 €**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:VZYB0MTZXJTIBDD3

Estado de gastos			Estado de ingresos		
Cap.	**Descrición**	**Total**	**Capítulo**	**Descrición**	**Total**
6	Investimentos reais	14.472.340,00 €	6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias capital	0,00 €	7	Transferencias de capital	1.186.056,57 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	8	Activos financeiros	919.108,77 €
9	Pasivos financeiros	38.320,00 €	9	Pasivos financeiros	9.469.587,66 €
Total operacións de capital		**14.546.660,00 €**	**Total operacións de capital**		**11.574.753,00 €**
TOTAL XERAL		**41.510.000,00 €**	**TOTAL XERAL**		**41.510.000,00 €**

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública de quince (15) días hábiles, mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

Terceiro.- No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde, Ángel García Seoane.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:VZYB0MTZXJTIBDD3

Asunto: Orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2023

Vicente J. Calvo del Castillo, Interventor do Concello de Oleiros, en exercicio das funcións contidas no artigo 4.1.b), apartado 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e de conformidade co artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, emite o seguinte

INFORME:

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Artigos 162 a 171 e 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Artigos 2 a 16 e 18 a 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei 39/88, reguladora das facendas locais.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.
- Regras 54 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Artigos 22.2, 90, 93, 104 e 112 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 861/86, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, modificado por Real Decreto 158/96, de 2 de febreiro.
- Artigos 126, 153 a 157 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, de 28 de setembro.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Proxecto de Orzamentos xerais do Estado para o 2023
- Acordo do congreso dos Deputados de 22/09/2022, polo que se suspenden os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, pola que se aproba o texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

INFORME DE CONTROL FINANCEIRO PERMANENTE DO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL

En cumprimento do establecido nos artigos 168.4 e 213 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 18.4. do RD 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da precitada Lei, artigo 4.1.b) 2º do RD 424/2017 e artigo 32 do RD 424/2017, procédese por parte desta Intervención á emisión do informe de control financeiro permanente do expediente do Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2023.

Examinado o contido do precitado expediente e a documentación complementaria, ponse de manifesto o que segue:

1. O proxecto de orzamento xeral recolle ás previsións de gastos e ingresos do Concello de Oleiros para o exercicio 2023.

Non se inclúe o correspondente ao Consorcio As Mariñas, tal e como esixía a Disposición Adicional 20ª da Lei 30/1992, introducida pola Disposición Final 2ª da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local, que suxeitaba os consorcios administrativos ao réxime orzamentario, contabilidade e control da Administración pública á que estean adscritos, e co fin de aumentar a transparencia sobre as contas das Administracións públicas, establece que os consorcios deben formar parte dos orzamentos e incluírse na conta xeral da Administración territorial á que estean adscritos, esixencias que hoxe se regulan do mesmo xeito no artigo 122 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

A este respecto cómpre lembrar que, a pesar de que o Consorcio As Mariñas non aprobou a modificación dos seus estatutos, a Intervención Xeral do Estado, en aplicación do artigo 3.1 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, clasificou ao Consorcio As Mariñas como ente adscrito ao Concello de Oleiros, tal e como consta no Inventario de Entes do Sector Público Local e na Base de Datos Xeral das Entidades Locais**.** A dita adscrición ao Concello de Oleiros realízase por ser esta a administración que cumpre cos criterios de prioridade establecidos na disposición adicional 20ª da Lei 30/1992, hoxe artigo 120.2.h) da Lei 40/2015, ao ter o maior número de habitantes dos entes consorciados.

Non obstante, os estatutos do Consorcio, aínda sen adaptar á nova normativa, establecen que a competencia para a aprobación do orzamento corresponde ao Pleno do Consorcio, polo que considérase a adopción deste acordo como requisito previo á incorporación do orzamento do consorcio ao propio do Concello de Oleiros.

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

Por outra banda, inclúese o estado de previsión de ingresos e gastos para o ano 2023 da empresa de capital 100% municipal, Aquaoleiros, S.A., previsto no artigo 164.1. do Real decreto lexislativo 2/2004, e artigo 5 do Real decreto 500/1990.

2. O Proxecto do Orzamento contén os documentos establecidos nos artigos 165 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLFL), de tal xeito que o orzamento da propia Entidade ten un estado de gastos e ingresos que ascende a cantidade de 41.510.000,00 euros.

O dito orzamento preséntase equilibrado en termos formais no senso de que a totalidade dos ingresos é igual á totalidade dos gastos, presentándose polo tanto **sen déficit contable inicial**, cumprindo así o preceptuado no artigo 165.4 do TRLRFL.

3. Preséntase correctamente a **documentación anexa** contemplada no apartado d) do artigo 166.1 do TRLFL, por canto que figura o estado detallado de previsión e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de endebedamento pendentes de reembolso a 1 de xaneiro de 2022 xunto co ratio da débeda viva do Concello de Oleiros.

4. A **estrutura orzamentaria** axustase con carácter xeral ao establecido na Orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

5. En relación coas **Bases de Execución do Orzamento**, podemos afirmar que conteñen as adaptacións das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias propias do Concello de Oleiros, asemade daquelas necesarias para unha adecuada e correcta xestión durante o exercicio económico do ano 2023.

6. Obsérvase, que na elaboración do orzamento tivéronse en conta as previsións legais aplicables, de tal xeito que, tal e como se dispón no informe económico financeiro, acádase a **efectiva nivelación do orzamento** dado que consígnanse as estimacións de ingresos suficientes para atender ás previsións de gastos.

Non obstante, esta intervención entende que é necesario facer as seguintes consideracións:

A) En relación ao **ESTADO DE GASTOS**,

A.1 No **capítulo 1 de gastos de persoal**,

As estimacións deste capítulo foron realizadas sobre a base ao cadro de persoal remitido polo departamento de persoal, e de acordo á relación de postos de traballo aprobada polo Pleno do Concello o 29/11/2018, que entrou en vigor con efectos 1 de decembro de 2018, así como as modificacións aprobadas con posterioridade.

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

Contémplase un incremento das retribucións dos empregados públicos, cargos electos e persoal eventual do 4% respecto das previstas no orzamento de 2022, segundo a seguinte desagregación:

- Un 1,5% aprobado con efectos do 01/01/2022 polo Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público

- Un 2,5% acordado pola Mesa Xeral de Negociación da Función Pública, o cal incluirase no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023. Este acordo contempla ademais un incremento adicional de ata o 1%, en función de variables vinculadas ao IPC e ao PIB nominal, que de ser o caso poderán asumirse con cargo ao Fondo de continxencia previsto no capítulo 5 do orzamento de gastos.

Tal e como indica a técnica de RRHH, este incremento queda supeditado á aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2023.

Por outra banda, compre ter en conta o artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos Funcionarios da Administración Local, que sinala que os **créditos destinados a complemento específico, complemento de produtividade, gratificacións** e, no seu caso, complementos persoais transitorios, serán os que resulten de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída la referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.

A cantidade resultante destinarase:

a. Ata un máximo do 75 % para complemento específico.
b. Ata un máximo do 30 % para complemento de produtividade.
c. Ata un máximo do 10 % para gratificacións.

Neste senso, sinalar que tal e como informa a Técnica de Recursos Humanos, "non se cumpre o límite fixado en relación ás cantidades destinadas para complemento específico".

Respecto ao cadro de persoal, e segundo o citado informe, incorporación de todas as prazas que son obxecto de consolidación e estabilización do emprego previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e que foron incluídas na oferta de emprego público extraordinaria aprobada mediante resolución da 2ª tenente de alcalde delegada de Recursos Humanos.

Así mesmo, créanse diversas prazas para cubrir as necesidades existentes no servizo municipal de emerxencias e protección civil, museos, turismo, e incorpóranse como persoal laboral unha praza de educador social e unha de traballador social financiadas polo Plan concertado da Xunta de Galicia.

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

E mantéñense, ao igual que en anos anteriores, tanto o número de efectivos como a duración da contratación de persoal temporal de reforzo da policía no período estival, os servizos de mantemento do medio ambiente e socorrismo, e de limpeza de praias.

A.2 No **capítulo 2 de gastos en bens correntes ou servizos**, consignáronse as cantidades necesarias para facer fronte ao longo do exercicio ás obrigas derivadas dos distintos contratos de servizos, subministracións, mantemento, asistencias etc.

En relación á posibilidade de incorporar os remanentes de crédito existentes a 31 de decembro de 2022 con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, ou pola contra á necesidade de imputar os correspondentes gastos aos créditos iniciais do orzamento de 2023, cómpre ter en conta o acordo do congreso dos Deputados de 22/09/2022, suspéndense os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023.

A.3 En relación aos gastos do **capítulo 6 de investimentos,** debe terse presente o disposto no artigo 173.6 do TRLFL, por canto "a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios quedará condicionada en todo caso, á existencia de documentos fehacientes que acrediten compromisos firmes de achega, no caso de axudas, subvencións, doazóns ou outras formas de cesión de recursos por terceiros tidos en contas nas previsións iniciais do orzamento a efecto da súa nivelación e ata o importe previsto nos estados de ingresos en orde á afectación dos ditos recursos na forma prevista pola Lei ou, no seu caso, ás finalidades específicas das achegas a realizar".

B.- En relación ás **PREVISIÓNS DE INGRESOS.**

B.1. As previsións polos distintos conceptos incluídos nos capítulos 1 de "Impostos directos", 2 de "impostos indirectos" e 3 de "taxas e outros ingresos" responden correctamente á tendencia xeneralizada dos derradeiros anos. Ademais, axústanse ás estimacións realizadas pola TAE de Inspección fiscal.

Non obstante, non debemos esquecer que se trata de meras previsións que finalmente poden cumprirse ou non, polo que é necesario realizar un control dos ingresos que efectivamente se recoñecen ao longo do exercicio, para que, no caso de que estes non acadasen as correspondentes previsións orzamentarias, poidan adoptarse as medidas de diminución dos gastos necesarias para evitar liquidar o orzamento con déficit. Esta obriga ven establecida polo artigo 18 da LOEPSF sinala que "as Administracións Públicas farán un seguimento dos datos da execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que ao peche do exercicio non se incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria", se ben para o ano 2023 está suspendida a regra da estabilidade, como púxose de manifesto anteriormente.

B.2 Respecto dos ingresos do **capítulo 4** por transferencias correntes, reiterar que faise preciso realizar durante a execución do orzamento un control rigoroso da execución real destes ingresos, para que, no caso de que estas previsións non se cumpran, se poida axustar a execución do gasto corrente na contía necesaria para evitar déficits, e dar

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

cumprimento ao establecido no artigo 18 da LOEPSF, se ben para os anos 2023 está suspendida a regra da estabilidade.

B.3 En canto aos ingresos que financian o **capítulo 6 de investimentos**, cun importe de 14.472.340,00 euros para este ano, a distribución é a que segue: 7,98% con aforro neto, 65,43% mediante endebedamento, 8,20% con subvencións do Estado, Xunta e Deputación, 6,10% co remanente de tesouraría afectado derivado do alleamento de parcelas do PMS durante o ano 2022, e o 12,29% mediante cotas de urbanización e contribucións especiais.

En relación ao endebedamento, cómpre sinalar que, logo da suspensión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023, aprobada polo congreso dos Deputados na sesión do 22/09/2022, preténdese substituír o financiamento mediante préstamos polo remanente de tesouraría que se derivade la liquidación do orzamento de 2022 ou ben polos ingresos derivados do alleamento de parcelas do PMS durante o ano 2023, a través da correspondente modificación orzamentaria que aprobarase durante a execución do orzamento de 2023.

En relación aos ingresos afectados, recordar novamente que no caso de axudas e subvencións, a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios quedará condicionada á existencia de documentos fehacientes que acrediten compromisos firmes de achega, tal e como prescribe o artigo 173.6 do TRLFL.

7.- O Pleno do Congreso dos Deputados, na sesión de 22/09/2022, apreciou que España está sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria ao efectos previstos nos artigos 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o cal permite a suspensión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023. Polo tanto, o Concello non está sometido durante o exercicio 2023 ao cumprimento **dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto** previstos na lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

8. As previsións de ingresos e gastos do proxecto de orzamento de 2023 son **conformes ao marco orzamentario para o período 2023-2025** aprobado mediante Decreto da Alcaldía número 2022004686, de 3 de outubro, e as **liñas fundamentais** para súa elaboración aprobadas por decreto da alcaldía 2022004688, de 4 de outubro, unicamente con incrementos do capítulo 6 de gastos (investimentos reais) e 9 de ingresos (pasivos financeiros) para o financiamento do anexo de investimentos mediante endebedamento.

9. Incúmprese o prazo legalmente establecido para a formulación do citado documento orzamentario que tiña que ser elevado ao Pleno do Concello para a súa aprobación, emenda ou devolución, antes do 15 de outubro do exercicio 2022, segundo o disposto polo artigo 168.4 do citado RDL 2/2004.

10. Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral, exporase o público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

O Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións, en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O que informo aos efectos oportunos.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo interventor, Vicente J. Calvo del Castillo.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:P3TCKHX340UF746A

Praza de Galicia, Nº1 – Telf.: 981 61 00 00 – Fax.: 981 63 10 29 – **15173 Oleiros. A Coruña**

Asunto: Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do Orzamento do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2023.

INFORME DE INTERVENCIÓN

En virtude do previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, así como no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, e de conformidade co artigo 4.1.b), apartado 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación ao o proxecto do orzamento do Concello de Oleiros para o ano 2023, emito o seguinte:

INFORME

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financiera (LOEOSF).
- Artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Orden Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 e novembro.
- Artigos 54.7 e 146.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Manual de cálculo do déficit de contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado.
- Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da LOEOSF, publicado pola IGAE, 3ª edición de novembro de 2014.
- Manual SEC 2013 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.
- Acordo do congreso dos Deputados de 22/09/2022, polo que se suspenden os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o ano 2023.

Primeiro.- A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e outras actuacións que afecten a aos gastos e ingresos das Entidades Locais someterase aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea, de conformidade co previsto nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 de Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A estes efectos, enténdese por **estabilidade orzamentaria** das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Tal e como establece o artigo 11.3 e 11.4 da LO 2/2012, as Corporacións Locais non poden incorrer en déficit estrutural, definido como o

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MWA3X6FFLFYG1PPH

déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais, debendo manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Segundo establece o artigo 12 da LO 2/2012, a **variación do gasto** computable non pode superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. A estes efectos, enténdese por gasto computable os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, a parte do gasto financiada con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento. O Ministerio de Economía e Competitividade publicará a taxa de referencia de crecemento do PIB para o cálculo da regra de gasto, de acordo co establecido no artigo 12.3 da LO 2/2012.

Ademais, debe de cumprirse co principio de **sustentabilidade financeira**, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública.

Segundo.- Tal e como establece o artigo 16 do Real Decreto 1.463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, a intervención local elevará ao Pleno un **informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade** da propia entidade local e dos seus organismos autónomos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos no artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se proba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O Interventor comprobará que os empregos non financeiros non superan a taxa de referencia do PIB, logo de descontar os intereses da débeda, as transferencias finalistas das administracións públicas e as transferencias vinculadas ao sistema de financiamento.

Igualmente, o Interventor avaliará a capacidade para financiar os compromisos presentes e futuros dentro dos límites da déficit e débeda pública, de conformidade co establecido na normativa europea e na Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Terceiro.- Tal e como indiquei anteriormente, o **obxectivo de estabilidade orzamentaria** identifícase coa situación de equilibrio ou superávit estrutural, o cal implica que en cada orzamento os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade de investimento municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense por **diferenza entre os importes orzamentados nos capítulos 1 a 7 do estado de**

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MWA3X6FFLFYG1PPH

ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO

1. ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

A. Os axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1.d) do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria ("Corporacións Locais" en Contabilidade Nacional):

- Entidade Local: **Concello de Oleiros**
- Organismos Autónomos: Non existen.
- Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Non existen

Segundo a información que consta na Base de Datos Xeral de Entidades Locais (BDGEL), está adscritos ao Concello de Oleiros o Consorcio As Mariñas.

En relación este ente, cumpre sinalar que a Disposición Adicional 20ª da Lei 30/1992, introducida pola Disposición Final 2ª da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local, suxeitaba os consorcios administrativos ao réxime orzamentario, contabilidade e control da Administración pública á que estean adscritos, e co fin de aumentar a transparencia sobre as contas das Administracións públicas, establecía que os consorcios deben formar parte dos orzamentos e incluírse na conta xeral da Administración territorial á que estean adscritos. Este réxime foi recollido polo vixente artigo 122 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

A este respecto cumpre lembrar que, a pesar de que o Consorcio As Mariñas non aprobou a modificación dos seus estatutos, a Intervención Xeral do Estado, en aplicación do artigo 3.1 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, clasificou ao Consorcio As Mariñas como ente adscrito ao Concello de Oleiros, tal e como consta no Inventario de Entes do Sector Público Local e na Base de Datos Xeral das Entidades Locais. A dita adscrición ao Concello de Oleiros realízase por ser esta a administración que cumpre cos criterios de prioridade establecidos na disposición adicional 20ª da Lei 30/1992, hoxe artigo 120.2.h) da Lei 40/2015 ,ao ter o maior número de habitantes dos entes consorciados.

Non obstante, a Intervención Xeral da Administración do Estado ten pendente de sectorizar ao Consorcio das Mariñas. Isto significa que, o dito consorcio non forma parte do perímetro de consolidación do Concello de Oleiros, y que, polo tanto, o seu orzamento non forma parte do estado de consolidación ao que se refire o artigo 166 do TRLRHL. Ata que a IGAE non realice a

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MWA3X6FFLFYG1PPH

dita sectorización, unicamente deberá incluirse o orzamento do Consorcio As Mariñas como un anexo ao orzamento xeral do Concello de Oleiros.

No presente caso, non se inclúe o dito orzamento, dado que segundo os estatutos actuais do Consorcio, corresponde ao pleno dese ente a aprobación do seu orzamento, sen que ata este momento tivera adoptado o dito acordo.

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais en virtude do artigo 2.2 da Lo 2/2012, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 2010).

   - Sociedade Mercantil: Aquaoleiros, S.A.
     Trátase dunha sociedade de mercado, polo que esta entidade non forma parte do perímetro de consolidación do Concello de Oleioros.

2. CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADA DAS PREVISIÓNS DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023:

A) ORZAMENTO DE INICIO:

Segundo se desprende do cadro seguinte, a diferenza entre os importes previstos nos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, sen realizar ningún axuste, é de **38.320 euros.**

Antes de axustes	**Prev. Inic. Ingresos**	**Créd. Inic. gastos**
Capítulo 1	11.195.000,00 €	11.939.900,00 €
Capítulo 2	1.300.000,00 €	13.085.490,00 €
Capítulo 3	4.689.327,00 €	56.780,00 €
Capítulo 4	12.478.920,00 €	1.531.170,00 €
Capítulo 5	272.000,00 €	350.000,00 €
Capítulo 6	0,00 €	14.472.340,00 €
Capítulo 7	1.186.056,57 €	0,00 €
Total Capítulos 1 ao 7	**31.121.303,57 €**	**41.435.680,00 €**

Necesidade de financiamento ANTES de axustes: 10.314.376,46 euros

B) AXUSTES A REALIZAR AO ORZAMENTO DE INGRESOS

Conforme ao Regulamento (CE) 2516/2000, interpretado polo Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE, dependente do Ministerio de Economía e Facenda, deben practicarse os seguintes axustes para adaptar a información aos principios contables do Sistema europeo de contas de 2010 (SEC 2010)

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MWA3X6FFLFYG1PPH

Capítulos 1, 2 y 3 do Estado de Ingresos:

O axuste farase polo importe dos cobros dos exercicios corrente e pechados destes capítulos. Se as previsións superan os cobros, o axuste do saldo orzamentario será negativo, é dicir, reduce o saldo orzamentario. No caso contrario, o axuste sería positivo.

Para este axuste tomaremos como estimación de ingreso a porcentaxe media da recadación neta obtida nos exercicios 2018, 2019 e 2020.

Deste xeito, o axuste a realizar nas previsións de ingresos pola recadación de corrente é o seguinte:

Cap.	**Estimación DR**	**Estimac. Recadac. Liq. Cte**	**Estimac. Recadac. Liq. Pechados**	**Estimac. Recadac. Liq. Total**	**Axuste**
Cap 1	11.195.000,00 €	10.316.054,62 €	521.974,66 €	10.838.029,28 €	- 356.970,72 €
Cap 2	1.300.000,00 €	1.297.204,96 €	4.353,86 €	1.301.558,82 €	1.558,82 €
Cap 3	4.689.327,00 €	4.345.899,27 €	120.744,03 €	4.466.643,30 €	- 222.683,70 €
Total	**17.184.327,00 €**	**15.959.158,85 €**	**647.072,55 €**	**16.606.231,40 €**	**- 578.095,60 €**

Polo que, aplicando o principio de caixa, resulta un axuste é negativo de **579.095,60** euros, diminuíndo as previsións de ingresos do proxecto do orzamento do exercicio 2023 xa que os cobros de corrente e pechados son inferiores ás previsións iniciais de ingresos.

Capítulo 4 transferencias correntes.

a) Subconcepto 420.00 Participación en tributos del Estado.

Deberá realizarse axuste cando existan diferenzas no momento ou na contía dos importes contabilizados por este concepto. Dado que o Concello de Oleiros utiliza como criterio de contabilización destes ingresos o de caixa, no procede realizar axuste algún.

Outro axuste que procede realizar en esta fase de orzamentación é o derivado do reintegro que debe realizarse durante o 2023 da liquidación negativa correspondente aos exercicios 2008 e 2009 polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera incrementando ás previsións de ingreso por este concepto en 2023, no caso de que estas se correspondan cos dereitos recoñecidos netos no ejercicio.

Deste xeito, o axuste é o seguinte:

Cap.	**Prev. inic**	**Dev. PTE 2008**	**Dev. PTE 2009**	**Axuste**	**Prev. Axustada**
Conc. 420	9.660.000,00 €	21.569,16 €	45.374,88 €	66.944,04 €	9.726.944,04 €

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/ValidacionExp.html mediante o CSV:MWA3X6FFLFYG1PPH

b) Resto de conceptos.

Deberá realizarse axuste no caso de que existan diferenzas de criterio contable entre a entidade pagadora e a perceptora, o cal non se produce.

